



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 27 de decembro de 2019**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font

Na Casa do Concello de Vigo, ás doce horas do día vinte e sete de decembro de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e a interventora adxunta, Sra. Gómez Corbal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1108).- ACTA ANTERIOR.** Apróbbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 19 de decembro de 2019. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(1109).- PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DA UNIDADE RESPONSABLE DE ACCESIBILIDADE DO CONCELLO DE VIGO, ORGANISMO AUTÓNOMOS E ENTIDADES DEPENDENTES. EXPTE. 9018/113.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-xurídico de data 20/12/19, dáse conta do informe-proposta do 17/12/19, asinado polo xefe do Servizo de Admón. Electrónica e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

**I. ANTECEDENTES**

Con data 29 de novembro de 2019 o Servizo de Administración electrónica do Concello de Vigo recibiu un correo electrónico remitido polo Observatorio de Accesibilidade web,

dependente da Secretaría Xeral de Administración Dixital, no que se lle insta a realizar a designación da unidade responsable de accesibilidade. A unidade responsable de accesibilidade é o servizo responsable de garantir o cumprimento das garantías legais establecidas para garantir a accesibilidade universal das páxinas web e aplicacións para móbiles do Concello de Vigo, Organismos Autónomos e demais entidades públicas dependentes do mesmo.

## II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

Primeiro: A Constitución española de 1978 xa recoñece unha igualdade xurídica no artigo 14 e unha igualdade material no artigo 9.2, para despois encomendar aos poderes públicos, no artigo 49, “a realización dunha política de previsión tratamento, rehabilitación e integración das persoas con discapacidade”.

Segundo: O Real decreto 1112/2018, de 7 de setembro, sobre accesibilidade dos sitios web e aplicacións para móbiles do sector público, polo que se transpón ao noso dereito interno a Directiva comunitaria (UE) 2016/2102, de 26 de outubro, introduce un novo mecanismo para protexer os dereitos da cidadanía en materia de accesibilidade: a designación, dentro de cada Administración Pública, dunha Unidade responsable de accesibilidade.

Terceiro: Ao teor do previsto na propia Directiva 2016/2102, a accesibilidade debe entenderse coma un conxunto de principios e técnicas que se deben respetar á hora de deseñar, construír, manter e actualizar os sitios web e as aplicacións para dispositivos móbiles para que sexan máis accesibles aos usuarios, particularmente ás persoas con discapacidade.

Por outro lado, o 25 de setembro de 2015 a Organización das Nacións Unidas fixou 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) de cara ao ano 2030. Resulta relevante ao caso o obxectivo n.º 10, “Reducir as desigualdades”, fixándose metas concretas tales coma “potenciar e promover a inclusión social, económica e política de todas as persoas, independentemente da súa discapacidade”. Ademais, o n.º 8, destinado a lograr o traballo decente e crecemento económico, prevé como meta a acadar “a diversificación, tecnoloxía e innovación, así coma o crecemento económico e o fomento da pequena e mediana empresa” ou o obxectivo 16, que propón crear institucións públicas sólidas, eficaces e transparentes que rindan contas” así como “garantir o acceso público á información”.

En consecuencia, a designación dunha unidade responsable de accesibilidade contribúe non só a mellorar, desde un punto de vista técnico e legal, os sitios web e aplicacións para móbiles do sector público, senón tamén ao desenvolvemento dos valores superiores propios do Estado social e democrático de dereito ao que debe aspirar toda sociedade avanzada.

De conformidade co disposto no artigo 16 do Real decreto 1112/2018, de 7 de setembro, sobre a accesibilidade dos sitios web e aplicacións para móbiles do sector público, o Concello de Vigo (como entidade integrada dentro do ámbito subxectivo de aplicación do RD segundo o artigo 2.1 do mesmo), determinará a unidade responsable de garantir o cumprimento dos requisitos de accesibilidade dos sitios web e aplicacións para móbiles dentro do seu ámbito competencial, ao que se lle atribuirán todas as funcións enumeradas no mesmo precepto:



## Concello de Vigo

- a) Coordinar e velar polo funcionamento efectivo dos mecanismos de comunicación establecidos no capítulo II axudando á definición, emitindo directrices e promovendo a existencia dos medios e procedementos para garantir unha adecuada xestión e atención de cantas consultas, suxerencias, comunicacións, queixas e solicitudes de información accesible recíbanse en cada un dos órganos, organismos ou entidades baixo a súa competencia.
- b) Atender e dar resposta ás reclamacións que, en aplicación do disposto no artigo 13 lle sexan dirixidas.
- c) Revisar as avaliacións realizadas para acollerse á excepción do cumprimento dos requisitos de accesibilidade por impoñer estes unha carga desproporcionada regulada no artigo 7.
- d) Coordinar as revisións periódicas de accesibilidade establecidas no artigo 17, coa colaboración, no seu caso, das Unidades de tecnoloxías da información e comunicacións.
- e) Coordinar e fomentar as actividades de promoción, concienciación e formación establecidas no artigo 8.
- f) Realizar os informes que se determinen para garantir o cumprimento das previsións establecidas no artigo 19.
- g) Actuar como punto de contacto co organismo encargado de realizar o seguimento e presentación de informes e colaborar coas tarefas que ten asignadas.
- h) Calquera outras, que en garantía da accesibilidade dos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles lle poidan ser atribuídas.

Así mesmo, a persoa titular da unidade responsable en materia de accesibilidade poderá formar parte da Rede de Contactos de Accesibilidade Dixital das Administracións Públicas. Actuará tamén como contacto directo coa Secretaría Xeral de Administración Dixital e o Observatorio de Accesibilidade Web.

Da interpretación conxunta do apartado 4º do artigo 16 e do artigo 18.1 resulta que a designación do Departamento responsable de accesibilidade debe notificarse ao Ministerio de Política territorial e Función Pública e, en concreto, dentro desde ministerio, á Secretaría Xeral de Administración Dixital e ao Observatorio de Accesibilidade web.

Xa o Acordo da Xunta de Goberno Local de 12 de xullo de 2018, polo que se aproban as fichas técnicas "Indicadores de transparencia", atribúe a responsabilidade do indicador de transparencia en materia de accesibilidade ao Servizo de Administración Electrónica.

É competencia do Alcalde, segundo a cláusula residual contida no artigo 124.4.ñ da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do réxime local, a adopción do seguinte acordo. Non obstante, por Resolución do Alcalde de 18 de xuño de 2019, de delegación de competencias nos concelleiros e Xunta de Goberno Local para o período 2019-2023, delegouse na Xunta de Goberno Local a competencia para "a adopción dos acordos municipais que se precisen relativos á adaptación ao Esquema Nacional de Interoperabilidade (ENI) e ao Esquema Nacional de Seguridade, así como en materia de Protección de Datos e Administración Electrónica".

Tomando en consideración os antecedentes de feito e fundamentos de dereito expostos, propónse á Xunta de Goberno Local, como órgano que ten delegadas as competencias

sobre esta materia, no uso das facultades que lle atribúe a lexislación vixente, a adopción do seguinte:

#### ACORDO

PRIMEIRO.- Designar ao Servizo de Administración Electrónica, conforme ao establecido no artigo 16 do Real Decreto 1112/2018, do 7 de setembro, como unidade responsable en materia de accesibilidade do Concello de Vigo, Organismos Autónomos e demais entes públicos dependentes do mesmo.

SEGUNDO.- Comunicar ao Ministerio de Política Territorial e Función Pública a Unidade Responsable de Accesibilidade, coa seguinte información complementaria:

Denominación da Unidade designada: Servizo de Administración Electrónica.- Concello de Vigo

Dirección: Praza do Rei, 1. 36202, Vigo (Pontevedra)

Teléfono: 986810303

Correo electrónico: [informatica@vigo.org](mailto:informatica@vigo.org)

Concellería de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal.

Código DIR3:

L01360577 CONCELLO DE VIGO.

GE0000689 Administración Electronica

Titular da Unidade designada: Antonio Villanueva Guimeráns.

Correo electrónico: [accesibilidad.vigo@vigo.org](mailto:accesibilidad.vigo@vigo.org)

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **3(1110).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓN XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDIMENTOS (RELACIÓN 12/2019). EXPTE. 12595/111.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 20/12/19, asinado polo letrado-xefe da Área Xudicial de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

Relacion XGL n.º 12/2019

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

1.- Contencioso. Expediente nº 11986/111

Sentenza nº 585 do 18 de decembro de 2019

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1 de A Coruña

Recurso de apelación: 152/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Decreto do Concelleiro de Seguridade e Mobilidade de data 20/02/2018 que acorda prohibir aos traballadores que se atopen en idade de xubilación anticipada seguir



## Concello de Vigo

realizando xornadas laborais retribuídas que desenvolveron durante a toda a súa vida laboral.

Expte(s): 104577/210

Esta sentenza desestima o recurso de apelación (e a adhesión a él do M. Fiscal) con condena en custas aos apelantes.

O departamento de Seguridade e o de Persoal deben coñecer o resolto.

Proc. Orixe: Dereitos Fundamentais nº 132/2018, Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, sentenza nº 13 do 23/01/2019, desestimatoria (comunicada na sesión da X.G.L. do 29/03/2019).

2.- Contencioso. Expediente nº 12050/111

Sentenza nº 334 do 11 de decembro de 2019

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3 de A Coruña

Recurso de apelación: 7124/2019

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: acordo da X.G.L. de datas 21/09/2017 e 30/01/2018 ditadas no contrato maior de servizos para cobertura das contingencias profesionais por A.T. e E.P. do persoal ao servizo do Concello de Vigo e da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Expte(s): 29766-220

Esta sentenza desestima a apelación da demandante (en realidade inadmite a apelación).

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto

Proc. Orixe: Procedemento Abreviado n.º 135/2018, Xulgado do Contencioso Administrativo n.º 1 de Vigo, sentenza nº 58 do 27/02/2019, desestimatoria (comunicada na sesión da X.G.L do 29/03/2019)

3.- Social. Expediente nº 12091/111

Sentenza nº 579 do 4 de decembro de 2019

Xulgado do Social nº 4 de Vigo

Ordinario: 286/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: recoñecementos de dereitos e reclamación de cantidades.

Contía: 1.140,80 €

Esta sentenza, que é firme, estima parcialmente o recurso, absolvendo ao Concello de Vigo, e recoñece á traballadora demandante o dereito a que a empresa demandada lle abone o importe correspondente ás taxas da escola infantil do seu fillo menor.

A traballadora, dunha contratista municipal adxudicataria do contrato de xestión das escolas infantís municipais, alegou que o convenio colectivo do sector lle recoñece o dereito á escolarización de balde dos fillos das persoas contratadas por estas empresas.

A xulgadora, interpretando e aplicando o convenio, concluiu que o invocado pola empresa, sobre o requisito de empadramento, non resulta de aplicación, e que procede que lle abone as cantidades, como o fai xa a nova adxudicataria do contrato a esta mesma traballadora.

O Servizo de Educación debe coñecer do resolto.

4.- Contencioso. Expediente nº 12290/111

Sentenza nº 297 do 4 de decembro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 248/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución sancionadora consistente na denuncia de data 04/06/2019, en expediente sancionador do sector de Circulación do concello de Vigo por una suposta infracción do art. 91.2C) do RDL 1428/2003 coa imposición dunha sanción de 200 euros.

Expte(s): 2019/24776

Contía: 200,00 €

A sentenza firme estima o recurso contencioso administrativo interposto fronte ao inicio do expediente sancionador 2019/24776 con motivo dunha denuncia por estacionamento nunha zona de paso de vehículos correctamente sinalizado, que anula e revoca, con imposición de costas a Administración demandada co límite de 100 euros.

Debe coñecer o resolto a Área de Mobilidade e Seguridade.

5.- Contencioso. Expediente nº 12293/111

Sentenza nº 292 do 28 de novembro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 244/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución do Concello de Vigo de data 05/06/2019 ditada en expediente sancionador.

Expte(s): 262392/280

Contía: 200,00 €

A sentenza firme estima o recurso contencioso administrativo interposto fronte a resolución do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade de 30 de maio de 2019 que, pola a súa vez, desestimara un recurso interposto contra o expte sancionador núm.138628893 por unha infracción en materia de tráfico, impondo as costas a Administración demandada co límite de 200 euros.

Debe coñecer o resolto a Área de Mobilidade e Seguridade e a de Recaudación Executiva.

6.- Contencioso. Expediente nº 12309/111

Sentenza nº 299 do 4 de decembro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 259/2019

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: resolución sancionadora da Área de Seguridade e Mobilidade.

Expte(s): 188638234

Contía: 600,00 €

A sentenza firme estima o recurso contencioso administrativo fronte a resolución do concelleiro delegado da Área de Mobilidade e Seguridade de 30 de maio de 2019 que desestimou o recurso de reposición contra a anterior resolución de 28 de xuño de 2018 ditada no expediente sancionador de tráfico, que anula e revoca, con imposición de costas a Administración demandada co límite de 200 euros.

Debe coñecer o resolto a Área de Mobilidade e Seguridade, e a Recaudación Executiva.

7.- Contencioso. Expediente nº 12322/111

Sentenza nº 288 do 26 de novembro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 268/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución do 06/06/2019 que impón sanción por importe de 600 euros.

Contía: 600,00 €



## Concello de Vigo

A sentenza firme desestima o recurso contencioso administrativo interposto fronte a resolución do Concelleiro de Mobilidade e Seguridade que, pola súa vez, desestimaba o recurso de reposición interposto fronte a imposición dunha sanción de 600 euros por non identificar ao conductor no expte núm.0188624896.

A sentenza impón as custas ao demandante co límite de 200 euros.

Debe coñecer o resolto o Departamento de Seguridade e Mobilidade e o de Recaudación Executiva.

8.- Contencioso. Expediente nº 12325/111

Sentenza nº 306 do 16 de decembro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 274/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución do 04/09/2019 ditada no expediente sancionador nº 2019/11953

Expte(s): 2019/11953

Esta sentenza, firme, declara a satisfacción extraprocesual do recurso, con custas taxadas de oficio.

(revogación do 10/12/2019 con orde de devolución de ingresos indebidos).

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto e executar o acto revogatorio e a devolución dos ingresos indebidos (exp. 268497/280)

9.- Contencioso. Expediente nº 12326/111

Sentenza nº 396 do 4 de decembro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 262/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución do Concello de Vigo de data 25/01/19 estimatoria da reclamación de responsabilidade patrimonial

Expte(s): 5628-243

Esta sentenza, que é firme, estima o recurso e condena ao Concello a que execute o acto do 25/01/2019 no prazo máximo de un mes, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Patrimonio-RPA debe executar o resolto, intimando á contratista ao pagamento da indemnización conforme ao resolto no acto do 25/01/2019.

10.- Contencioso. Expediente nº 12340/111

Sentenza nº 398 do 11 de decembro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 256/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución do Concello de Vigo do 04/06/2019 que impón sanción con multa de 1500 euros por incumprimento dos horarios de peche establecidos, ditada en expediente sancionador.

Expte(s): 109015/210

Este sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Seguridade e a XMU-Disciplina debe coñecer o resolto

11.- Contencioso. Expediente nº 12428/111

Sentenza nº 307 do 16 de decembro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 289/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: desestimación por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos causados por unha tapa de alcantarillado no seu vehículo.

Expte(s): 5831-243

Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso, declara disconforme a dereito a desestimación presunta recorrida e ordena a retroacción das actuacións ao momento anterior á práctica da proba para trámite e resolución (do xeito exposto na fundamentación da sentenza).

O departamento de Patrimonio-RPA debe executar o resolto.

### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

**I.** Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto ex art. 118 da Constitución e o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

**II.** Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

**III.** Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúa que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

**IV.** Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no caso destea administración municipal ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, de ser outro caso, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta, Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou atendendo á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

**V.** E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, dase conta a ese órgano, das resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**Único.-** Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.





**Concello de Vigo**

**Segundo.-** Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á debida e puntual execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **4(1111).- PROPOSTA EN RELACIÓN COA INTERPOSICIÓN DE RECURSO DE APELACIÓN CONTRA A SENTENZA Nº 166/2019, DO 7 DE NOVEMBRO DO 2019, DITADA POLO XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA Nº 1 DE PONTEVEDRA. EXPTE. 11700/111.**

Dáse conta do informe-proposta de data 10/12/19, asinado polo letrado de Asesoría Xurídica, o xefe do Servizo de patrimonio e a concelleira-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, que di o seguinte:

O 13 de novembro do 2019 recibíuse por medio da representación procesual do Concello de Vigo unha copia da sentenza ditada polo Xulgado de Primeira Instancia nº 1 de Pontevedra, no Xuízo Ordinario nº 333/2018, no que figura como demandante Don Luis Rodríguez Pérez en representación da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Santa Mariña de Cabral (Vigo), estimado parcialmente. A estimación parcial non conleva a imposición de custas.

De seguido se expoñen os detalles do preito e se informa das razóns que xustifican non promover un recurso á segunda instancia, por parte do/a letrado/a encargado da levanza deste asunto.

---

Neste procedemento consta como parte demandada a Xunta de Galicia e como parte codemandada o Concello de Vigo. O motivo polo que se demanda á Xunta de Galicia é porque a Comunidade de Montes considera que os terreos ocupados actualmente polo IES Carlos Casares e o Centro de Educación Especial Saladino Cortizo forman parte do monte veciñal en man común.

A razón pola que se demanda ao Concello de Vigo é que o Concello nos anos 70 (1975 e 1979) cedeu á Administración Xeral do Estado eses terreos, porcións do monte Gorxal e Bandeira, porque consideraba que se trataba de monte "de propios" (patrimonial e dispoñible por parte da administración municipal).

Ata o ano 1989 (Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común) non se aproba unha norma con rango de lei na Comunidade Autónoma galega. Esta norma é a que establece que o montes son bens indivisibles, inalleables, imprescriptibles e inembargables.

Con esta sentenza se recoñece exclusivamente dende o punto de vista da legalidade civil, ordinaria (sobre dereito de propiedade) e especial (de montes veciñais en man común) a nulidade dos acordos municipais de cesión. Esta declaración de nulidade de pleno dereito non implica xa ningunha afección ao interese público municipal.

S.ord. 27/12/19

O Concello de Vigo dende que cedeu estes terreos non levou a cabo sobre os mesmos ningún acto de disposición, e carecen da consideración de ben municipal de calquera clase dende a data daqueles acordos (uns 40 anos).

A única razón legal pola que se empra ao Concello de Vigo neste tipo de procedementos é porque a demandante ten que acreditar o tracto dese dereito de propiedade, para conseguir o recoñecemento da situación xurídica de monte veciñal en man común, para probar que o Concello de Vigo dispuxo dun ben que non lle pertencía. En calquera caso, o Concello levou a cabo aquela actuación municipal coa normativa daquela en vigor, que sí que lle autorizaba conforme á dereito a levar a cabo as cesións.

É a xurisprudencia con base na lei do 1989 a que permite, por mor desa imprescriptibilidade, que mesmo bens demaniais (excluíndo o demanio natural) se recoñezan como monte veciñal en man común.

Polo tanto, ao carecer o Concello de Vigo de interese na defensa dun ben que hai máis de 40 anos que non é municipal, e unicamente por unha cuestión formal carente de interese xurídico-administrativo, non resulta procedente apelar a sentenza por estas razóns.

A declaración de nulidade dos acordos de cesión non conlevan ningunha actuación administrativa. A Lei 39/2015 dispón dos seus propios mecanismos de revisión de actos firmes, e a Xurisdicción Civil non resolveu iso, porque carece de competencia. De modo que neste caso, o tratamento é semellante ao dunha sentenza desestimatoria. Nada hai que executar.

A actuación da Asesoría Xurídica municipal en tódolos asuntos nos que figura o Concello de Vigo como parte demandada, codemandada ou ben naqueles nos que se acordou expresamente o seu personamento ou o exercicio de accións remata no ámbito dos recursos ordinarios. A pesares de que o recurso de apelación é un recurso ordinario, en atención ao exposto, proponse que a Asesoría Xurídica municipal non recorra esta resolución, pola ausencia de calquera interese municipal actual neste asunto.

De conformidade co recollido no anterior informe-proposta, proponse á Xunta de Goberno Local, órgano competente para o exercicio de accións segundo resolución de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local do 18/6/2019 a adopción do seguinte **ACORDO**;

Non interpoñer o Recurso de Apelación contra a sentenza nº 166/2019, do 7 de novembro do 2019, ditada polo Xulgado de Primeira Instancia nº 1 de Pontevedra, por ausencia de interese público municipal en recorrela.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



**Concello de Vigo**

**5(1112).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DA INFRAESTRUTURA PARA O CENTRO DE PROCESO DE DATOS MUNICIPAL (CPD). EXPTE. 8921/113.**

Visto o informe de fiscalización do 19/12/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación de infraestrutura para o centro de proceso de datos municipal (CPD) (8.921-113)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación de infraestrutura para o centro de proceso de datos municipal (CPD) (8.921-113)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 10 de outubro de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto coa finalidade de realizar a contratación do subministro da infraestrutura para o CPD municipal.*

*SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola técnica do Servizo de Contratación e asinado na data 19/09/2019*

*TERCEIRO.-Aprobar o Prego de Cláusulas Técnicas Particulares, de data 20/08/2019 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica e o técnico responsable de seguridade informática así como o proxecto técnico ANEXO ó mesmo.*

*CUARTO.- Autorizar o gasto de 267.408,79 € €, que inclúe un IVE de 46.409,79 € con cargo a partida orzamentaria 9207. 6260001 (NOVO CPD MUNICIPAL) do exercicio 2019*

*QUINTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista ”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 28 de novembro de 2019 adoptou a seguinte resolución:

S.ord. 27/12/19

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación de infraestrutura para o centro de proceso de datos municipal (CPD) (8.921-113) na seguinte orde decrecente:*

<b>Orde</b>	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L.	97,40
2	CIE TECNOLOGÍAS, S.L.	90,44
3	EDNON, S.L.	74,63
4	ECONOCOM SERVICIOS S.A.	68,72
5	COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS, S.A.	64,53
6	OUTROS ADAXES, S.L.	43,13
7	CODETEL INGENIEROS SL	43,07

*Segundo.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L. con CIF B-15.123.177, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L., o día 28 de novembro de 2019, que presenta a documentación requirida o 11 de decembro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 13 de decembro de 2019 revisou a documentación presentada e acordou, por unanimidade dos membros presentes, conceder un prazo de 3 días a ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L. para emendar a documentación acreditativa da solvencia económica.

Dentro do prazo concedido, o 16 de decembro de 2019, o licitador presentou a documentación requirida. A Mesa de Contratación, na sesión do 19 de decembro revisou esta documentación considerándoa correcta polo que acordou propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adjudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adjudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 25 de novembro de 2019, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adjudicar a ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L. (B-15.123.177) o procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación de infraestrutura para o centro de proceso de datos municipal (CPD) (8.921-113) coas seguintes condicións:*

*a) Propón como prezo total do contrato o de 240.172,90 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 41.682,90 euros.*

*b) Comprométese a dotar o CPD coas seguintes características:*

*- Ampliación do cubo:*

- Racks S7 e S8 (só racks sen elementos internos): si*
- Racks S7 e S8: engado de elementos: PDUs: si*
- Racks S7 e S8: conexión de fibra e cobre cos racks A e B: si*
- Substitución de PDU básicas por PDU switched con xestión e medición remota nos S1 a S6: si*

- *Electricidade:*

- *Subministro de SAIS de 60 KVA (completos): si*
- *Incrementa o tempo de duración das baterías sobre o solicitado (30 minutos) en 17 minutos*

- *Conexión de tomas (cámara, control accesos, SAIS, puesto operadores ...) a partir RACK A01 (sala comunicaciones, xa existente): si*

- *Contra Incendios:*

- *Subministro de panel de control de incendios do cuarto técnico, conxionado dos elementos da preinstalación e posta en marcha: si*
- *Subministro de panel de control de incendios do cuarto de comunicacións, conxionado dos elementos da preinstalación e posta en marcha: si*
- *Subministro de botella de GAS para cuarto técnico: si*
- *Subministro de botella de GAS para cuarto de comunicacións: si*

- *Control de Accesos:*

- *Subministro das Unidades de Control e lectores de cartóns para o punto de acceso 1 (PUNTO 1): si*
- *Subministro e instalación de 2 cámara de seguridade IP nos distribuidores dos puntos de acceso 1 e 2 (PUNTO 1 e PUNTO2): si*

- *Mellora do cabreado cobre a categoría 8: si*

c) *Incrementa o período de garantía e mantemento do CPD (mínimo 12 meses) en 38 meses (50 meses en total).*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(1113).- PLANIFICACIÓN DA CONTRATACIÓN MUNICIPAL DO ANO 2020. EXPTE. 6350/241.**

Dáse conta do informe-proposta de data 26/12/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 12/12/2019 adoptou o seguinte acordo:



**Concello de Vigo**

“Primeiro.- Aprobar o “Plan de Integridade na Contratación.Marco Estratéxico”, de conformidade coa proposta elaborada polo Comité Técnico do Plan de Integridade na Contratación Pública, nas liñas establecidas pola Concellería Delegada de Contratación.

Segundo.- Delegar na Concellería Delegada de Contratación o desenvolvemento operativo do Plan e a súa implementación, para o que, contará co apoio técnico do “Comité Técnico de Integridade na Contratación”, así como do conxunto da estrutura municipal de goberno e das áreas e dos servizos municipais,.

Terceiro.- Encomendar ao Comité Técnico do Plan o apoio técnico á Concellería Delegada de Contratación na execución do Plan, labor para a que contará coa colaboración do conxunto das áreas e servizos municipais.

Cuarto.- Publicar o presente acordo no Portal de Transparencia Municipal de conformidade coa LTBG, no Perfil do Contratante e na Intranet municipal, dando conta do mesmo aos membros do Goberno municipal e ás Xefaturas de Área e de Servizo para a difusión no conxunto da organización”.

Co que se daba continuidade ao acordado polo dito órgano en sesión de data 22/11/2018 acordou poñer en marcha os traballos para a elaboración do Plan de Integridade na Contratación e constituír un Comité Técnico, formado polos responsables de Contratación, Administración Electrónica, Oficina Contable e Orzamentaria; Secretaría de Goberno local, Intervención e Asesoría Xurídica, seguindo coa traxectoria municipal en desenvolvemento e implantación das políticas públicas en materia de transparencia e bo goberno.

Aprobado o mesmo, procedeuse a dar cumprimento desenvolvemento ao antedito marco estratéxico, conformando o Plan de integridade na Contratación do Concello de Vigo, no mesmo convencemento de que o compromiso coa honestidade é un exercicio de profundización da democracia exercido responsablemente desde unha administración ao servizo de toda a cidadanía, desenvolvemento que se levará a cabo mediante a articulación dos obxectivos operativos, en coherencia coas liñas e obxectivos estratéxicos. A tal fin, mediante Resolución da Concellería Dda. de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, de data 17.12.2019 procedeuse á aprobación do dito desenvolvemento operativo do Plan de Integridade na Contratación de conformidade coas fichas (19) correspondentes aos obxectivos operativos.

Dito programa recolle no Obxectivo Estratéxico 4.1 “Potenciar a planificación e a mellora continua”, o Obxectivo Operativo 4.1.1. “Programar a contratación procurando a súa mellora global”, dando resposta ao mandato legal recollido no artigo 28.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de planificación da contratación, a cuos efectos se formula esta proposta.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

-I-

### **DA ELABORACIÓN DO PLAN ANUAL DE CONTRATACIÓN**

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) regula a obriga das

entidades que conforman o sector público de aprobar e dar a coñecer un plan anual de contratación. Así, o artigo 28.4 dispón que “As entidades do sector público programarán a actividade de contratación pública, que desenvolverán nun exercicio orzamentario ou períodos plurianuais e darán a coñecer o seu plan de contratación anticipadamente mediante un anuncio de información previa previsto no artigo 134 que, polo menos, recolla aqueles contratos que quedarán suxeitos a unha regulación harmonizada”.

Desta obriga legal xurde a oportunidade de racionalizar a contratación municipal e evitar os problemas que xurden cando os contratos que son continuidade doutros anteriores non se tramitan con tempo para encadear ambos contratos, evitar colapsos no servizo de Contratación cando se acumulan varios contratos simultaneamente por falta de coordinación dos servizos xestores, así como a de favorecer que os operadores económicos, potenciais licitadores, coñezan con antelación as necesidades institucionais que pretenden cubrirse mediante os contratos proxectados, de modo que, coa debida anticipación, poidan estudar e, no seu caso, preparar as correspondentes ofertas. Deste xeito poderá lograrse máis transparencia na contratación e acadar unha maior concorrencia de licitadores o que redundará na obtención de mellores ofertas.

Para elaborar o plan anual de contratación do Concello de Vigo (en adiante, PACC) a Concelleira Delegada de Contratación aprobou en data 1 de agosto de 2019 unhas “Instrucións para a planificación da contratación municipal”, solicitando dos servizos:

*“1º.- No prazo improrrogable de 10 días:*

- *Unha relación dos contratos maiores en vigor, o seu obxecto, o custe total e por anualidades, así como as datas de vencemento do prazo contractual e, no seu caso, das eventuais prórrogas.*
- *Os contratos maiores que prevexan celebrar no segundo semestre do ano 2019 e no ano 2020, indicando os mesmos datos que nos casos anteriores: obxecto previsto, orzamento total e o reparto en anualidades previstos, as datas en se sería necesario que comezase a execución, a duración e prórrogas que se propoña para o contrato.*
- *Os contratos que quedarán suxeitos a regulación harmonizada, para poder remitir o correspondente anuncio de información previa (art. 134 LCSP).*

*2º.- Para a xestión centralizada da información, no prazo de 15 días días, os responsables dos contratos deben remitir os informes aos que se refire a cláusula 1.3 dos pregos de cláusulas administrativas particulares “Elaborar anualmente un informe sobre a execución do contrato, ou un informe final á finalización do contrato se fose de duración inferior ó ano, no que se fagan constar as incidencias producidas no seu desenvolvemento así como calquera outras circunstancias que estime relevantes.*

*3º.- Recordáselles a necesidade de elaborar contratos maiores para as necesidades habituais do servizo.”*

Unha vez que as diferentes áreas e servizos municipais teñen enviado a súa programación procede a súa aprobación polo órgano de contratación, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL).

Para a efectividade do PACC é necesario que as áreas e servizos xestores cumpran os tempos estimados de tramitación dos diferentes tipos de contratos determinados nas





**Concello de Vigo**

Instrucións para a planificación da contratación municipal aprobadas pola XGL na sesión ordinaria do 29 de novembro de 2018. Estes son:

- Contratos suxeitos a regulación harmonizada: 12 meses
- Contratos maiores tramitados por procedemento aberto: 6 meses
- Contratos maiores tramitados por procedemento negociado con ou sen publicidade: 3 meses

**-II-**

### **DA MODIFICACIÓN DO PLAN ANUAL DE CONTRATACIÓN**

Este plan configúrase como un documento dinámico, que permita incorporar durante o exercicio económico os novos contratos que xurdan para satisfacer necesidades novas ou non previstas no mesmo e que respondan a competencias municipais previstas nos artigos 7, 25, 26 e 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local (LBRL). Así, cada vez que se programe un contrato non previsto, o servizo ou área xestora formulará unha proposta motivada ó servizo de Contratación. En especial, deberán xustificarse suficientemente os motivos polos que as previsións contidas no PACC non resultaron axustadas ás necesidades reais. O servizo de Contratación formulará unha proposta de modificación do mesmo á XGL.

**-III-**

### **DA PUBLICIDADE DO PLAN ANUAL DE CONTRATACIÓN**

O Plan de contratación publicarase no Portal de Transparencia do Concello de Vigo e no seu perfil de contratante aloxado na Plataforma de Licitación de Contratos do Sector Público. Así mesmo, publicarase no Diario Oficial da Unión Europea aqueles contratos que quedarán suxeitos a regularización harmonizada.

O servizo de Contratación elevará á XGL no primeiro trimestre de cada ano un informe sobre a avaliación e resultados do desenvolvemento e execución do PACC.

**-IV-**

### **ENTRADA EN VIGOR**

O PACC entrará en vigor no momento da súa aprobación. O acordo de modificación do PACC entrará en vigor no momento da súa aprobación, ou aquel en que esta determine, sen prexuízo da súa posterior publicación.

### **ACORDO**

En mérito ao exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"1º.- Aprobar o Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio presupostario 2020, que se recolle como Anexo a este acordo.*

S.ord. 27/12/19

2º.- Publicar o Plan e o anuncio de información previa previsto no artigo 134 da LCSP, no que se recollerán os contratos que quedarán suxeitos a regulación harmonizada no portal de transparencia do Concello de Vigo e no perfil de contratante, aloxado na Plataforma de Licitación de Contratos do Sector Público.

3º.- O presente PACC entrará en vigor no momento da súa aprobación.

4º.- Requírese ás áreas e servizos xestores, que para a efectividade do PACC cumpran cos tempos estimados de tramitación dos diferentes tipos de contratos determinados nas Instrucións para a planificación da contratación municipal aprobadas pola XGL na sesión ordinaria do 29 de novembro de 2018. Estes son:

- Contratos suxeitos a regulación harmonizada: 12 meses
- Contratos maiores tramitados por procedemento aberto: 6 meses
- Contratos maiores tramitados por procedemento negociado con ou sen publicidade: 3 meses

5º.- Cando un servizo ou área xestora programe un contrato non previsto no PACC formulará unha proposta motivada ó servizo de Contratación. En especial, deberán xustificarse suficientemente os motivos polos que as previsións contidas no PACC non resultaron axustadas ás necesidades reais. O servizo de Contratación formulará unha proposta de modificación do mesmo á XGL”.

SERVIZO:  
ASESORIA XURIDICA (111)

Servi- zo	Obxecto contractual	Tipo con- trato	Prazo	Orz.licita- ción	C/estimado	Armoniza- do	Gasto 2020	Aplic. Or- zament.	Prórro- ga
Códi- go orz.			anos	Pre/ano*an os c/IVE	Pre/ano*an os s/IVE	S/N			
					+ prórro- gas+modi- fic.				
9200	Adquisición de libros	Suminis- tros	1+1 (prórro- ga)	2.500,00	4.807,70	Non	2.500,00	9200 2200100	1
9200	Procurado- res/as	Acordo marco (servizos)	4	343.280,10	283.702,56	Non (Anexo IV)	21.455,0 0 (3 me- ses*)	9200 2260400	0



# Concello de Vigo

SERVIZO: COMERCIO

obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo	Orz.licitación	C/estimado	Hamonizado	Gasto 2020	Aplic. Orzament.	Prórroga
		anos	Pre/ano*anos c/IVE	Pre/ano*anos s/IVE	S/N			
				+ prórrogas+ modific.				
BELÉN MONUMENTAL	SERVIZOS	2	120.000,00	218.181,79	N	49.656,00	2279901	1+1
SERVIZO DE VIXILANCIA E CONTROL DOS MERCADILLOS	SERVIZOS	2	70.000,00	127.272,73	N	15.050,00	2279900	1+1

SERVIZO: PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Servizo	obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo	Orz.licitación	C/estimado	Hamonizado	Gasto 2020	Aplic. Orzament.	Prórroga
Código orz.			anos	Pre/ano*anos c/IVE	Pre/ano*anos s/IVE	S/N			
					+ prórrogas+ modific.				
9240	MANTEMENTO CLIMATIZACIÓN	SERVIZOS	2	16.967,24	21.033,78	N	7.776,65	2279913	1
9240	MANTEMENTO SISTEMAS DE SEGURIDADE CONTRA INCENDIOS	SERVIZOS	2	2.008,64	2.490,00	N	753,24	2279912	1
9240	FORMACIÓN NOVAS TECNOLOXÍAS	SERVIZOS	2	44.963,72	74.320,19	N	16.861,40	2279907	2
9240	MANTEMENTO E ACTUALIZACIÓN DE APPS	SERVIZOS	2	84.933,78	140.386,41	N	31.850,17	2279908	2
9240	SISTEMAS HIXIÉNICOS	SUBMINISTRO	2	1.869,45	4.707,00	N	1.402,09	2211000	1
9240	AGASALLOS ACTOS SOCIOCULTURALS	SUBMINISTRO	2	14.868,00	27.032,73	N	0,00	2260100	2

SERVIZO: DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO

Servizo	obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo	Orz.licitación	C/estimado	Hamonizado	Gasto 2020	Aplic. Orzament.	Prórroga
Código orz.			anos	Pre/ano*anos c/IVE	Pre/ano*anos s/IVE	S/N			
					+ prórrogas+modific.				
2410	ASESORAMENTO A PEMES E EMPREENDEDORES ESTRATEXIA DUSI "VIGO VERTICAL" (1)	SERVIZOS	2	501.309,30	621.457,81	S	187.990,99	2270610	1
2410	FORMACIÓN DO PROGRAMA INTEGRADO PARA O EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO 2019/20 (2)	SERVIZOS	1	69.480,00	57.421,49	N	69.480,00	2279917	0
2410	APOIO A XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS	SERVIZOS	1	21.199,55	17.520,29	N	21.199,55	22779900	0
2410	MANTEMENTO DOS CENTROS MUNICIPAIS DE EMPREGO	SERVIZOS	2	48.666,98	80.441,28	N	18.250,12	2120000	2

SERVIZO DE FESTAS

Servizo	obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo	Orz.licitación	C/estimado	Hamonizado	Gasto 2020	Aplic. Orzament.	Prórroga
Código orz.			anos	Pre/ano*anos c/IVE	Pre/ano*anos s/IVE	S/N			
					+ prórrogas+modific.				
3380	Cabalgata de Reis	aberto	35 DIAS	182.000,00	287.560,00	NON	45.500,00	33802260901	1 ano
3380	Producción Castrelos	aberto	77 DIAS	350.945,00	554.449,20	NON	350.945,00	33802260906	1 ano
3380	Parque do Nadal	aberto	6 DIAS	95.000,00	150.100,00	NON	95.000,00	33802260910	1 ano
3380	Publicidade servizo festas	aberto	1 ano	65.000,00	102.700,00	NON	45.000,00	33802260200	1 ano



# Concello de Vigo

## PATRIMONIO HISTÓRICO

obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo	Orz.licitación	C/estimado	Hamonizado	Gasto 2020	Aplic. Orzament.	Prórroga
		anos	Pre/ano*anos c/IVE	Pre/ano*anos s/IVE	S/N			
				+ prórrogas+m odific.				
Divulgación equipamentos dependentes de Patrimonio Histórico	Servizos	2+2	80000,00 euros	132231,4 euros	N	30000,00 euros	3360.2279900	1+1
Obras VI programa medianeiras	Obras	1	260000,00 euros	257851,23 euros	N	260.000,00	3340.2279901	NO
Mantemento zonas interese patrimonial	Servizos	2+2	262200,00 euros	433388,42 euros	S	12000,00 euros	3360.2100001 3360.2100004	1+1

## SERVIZO: IGUALDADE

Servizo	obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo	Orz.licitación	C/estimado	Hamonizado	Gasto 2020	Aplic. Orzament.	Prórroga
Código orz.			anos	Pre/ano*anos c/IVE	Pre/ano*anos s/IVE	S/N			
					+ prórrogas+modific.				
2311	Xestión do programa de atención psicolóxica para fillos/as de mulleres vítimas de violencia de xénero	Aberto simplificado	1 ano	14.108,81 € (estimativo) (actividade exenta de IVE)	70.544,05 €	NON	4.702,92 € (estimativo)	"Plan municipal de Igualdade" 2311 2279906	4 prórrogas de 1 ano
2311	Camiña con nós pola igualdade: desenvolvemento de obradoiros de coeducación en horario lectivo nos centros de ensino infantil e primaria da cidade	Aberto simplificado	1 ano	20.430,84 € (estimativo) (actividade exenta de IVE)	81.723,36 €	NON	6.810,28 € (estimativo)	"Plan municipal de Igualdade" 2311 2279906	3 prorrogas de 1 ano

2311	SADI: prestación do servizo Municipal de Atención Domiciliaria á Infancia.	Aberto	2 anos	Prezo 1 ano: 180.000 € Prezo 2 anos contrato: 360.000€ (co IVE do 10%)	648.000,00 €	NON	90.000,00 € (estimativo)	"Sadi kanguros" 2311.2279 902 e bolsa de vinculación xurídica	2 prórrogas de 1 ano
------	--	--------	--------	---	--------------	-----	--------------------------	---	----------------------

SERVIZO: **ÁREA DE CULTURA**

Servizo	obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo	Orz.licitación	C/estimado	Hamonizado	Gasto 2020	Aplic. Orzament.	Prórroga
Código orz.			anos	Pre/ano*anos c/IVE	Pre/ano*anos s/IVE	S/N			
					+ prórrogas+modific.				
3321	Servizos bibliotecarios Biblioteca Neira Vilas	Servizos	2	591.004,12 €	1.318.769,53 €	S	219.163,00 €	2279910	1+1+1
3321	Mantemento elevadores e portas corredoiras en Bibliotecas Públicas	Servizos	2	En proceso de elaboración	En proceso de elaboración	N	En proceso de elaboración	2279906	1
3321 3331 3340	Mantemento climatización Bibliotecas Públicas, Auditorio Municipal e servizo de Cultura	Servizos	2	En proceso de elaboración	En proceso de elaboración	N	En proceso de elaboración	2279900 2279900 2279900	1+1
3321 3331	Mantemento grupos electrónicos Públicas e Auditorio Municipal	Servizos	2	En proceso de elaboración	En proceso de elaboración	N	En proceso de elaboración	2279900	1+1

SERVIZO: MUSEOS



## Concello de Vigo

obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo	Orz.licitación	C/estimado	Hamonizado	Gasto 2020	Aplic. Orzament.	Prórroga
		anos	Pre/ano*anos c/IVE	Pre/ano*anos s/IVE	S/N			
				+ prórrogas+m odific.				
Vixilancia seguridade centros Área de Cultura	Servizos	2	En preparación	En preparación	S	En preparación	227.01.01	1+1+1
Mantemento elevadores, portas automáticas	Servizos	2	En preparación	En preparación	N	En preparación	227.99.06	1
Mantemento grupos electoxenos	Servizos	2	En preparación	En preparación	N	En preparación	227.99.00	1
Mantemento instalacións climatización	Servizos	2	En preparación	En preparación	N	En preparación	227.99.11	1

### SERVIZO: PATRIMONIO

Servizo	obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo	Orz.licitación	C/estimado	Hamonizado	Gasto 2020	Aplic. Orzament.	Prórroga
Código orz.			anos	Pre/ano*anos s c/IVE	Pre/ano*anos s/IVE	S/N			
					+ prórrogas+m odific.				
9330	POLIZA TODO RISCO DANOS	SERVIZOS	2	130.000,00	312.000,00		130.000,00	9200.224.0002	NO

### SERVIZO: XUVENTUDE

Servizo	obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo	Orz.licitación	C/estimado	Hamonizado	Gasto 2020	Aplic. Orzament.	Prórroga	
Código orz.			anos	Pre/ano*anos c/IVE	Pre/ano*anos s/IVE	S/N				
					+ prórrogas+modific.					
3370	PROGRAMA DE OCIO SAUDABLE "ESTAR DE OCIO"	Servizos	3 + 2	49700,69/ano	225.912,35 € (45182,45 €/ano x3= 135.547,35 € + 2 prórrogas 90.365€)	si	39.760,55		SI	Financiado subvención Ministerio Sanidade
3370	CAMPAMENTO ILLAS CÍES.	Servizos	3 + 2	33.600,00 €/ano	151.200,00 € ( 30.240 x3= 90720 +2=60.480 €)	N	33.600,00		SI	Financiado subv Ministerio Sanidade
3370	XESTIÓN CENTRO USOS MÚLTIPLES VI-GOSÓNICO	Servizos	3 + 2	125.962,68 €	114.511,53 € xe + 2 prórrogas= 572.557,65 €.	s	97.334,79 €	2279901	SI	10.334,79€ Fiannciado subv Ministerio Sanidade

SERVIZO:

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E VIDA SAUDABLE

Servizo	obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo	Orz.licitación	C/estimado	Hamonizado	Gasto 2020	Aplic. Orzament.	Prórroga
Código orz.			anos	Pre/ano*anos c/IVE	Pre/ano*anos s/IVE	S/N			
					+ prórrogas+modific.				
3371	Subministro de presa animal	Subministro	2	26.000	52.000	N	13.000	221.05.03	2
3371	Xestion de residuos	Servizo	3	3.000	40.000	N	5.000	227.99.06	1
3371	Desenvolvemento actividades educativas	Servizo	2	105.835,42	174.937,58	N	44.098,09	226.99.01	2
3371	Mantemento instalacions industriais	Servizo	2	24.000	48.000	N	6.000	227.99.17	2
1640	Mantemento Cimiterios	servizos	3	966.039,60	1.104.425,43	S	40.251,65	227.99.00	1





# Concello de Vigo

1720	Socorrismo e asistencia sanitaria en praias	servizos	3	1.776.017,60	268.3189,10	S	581.305,82	227.01.00 - 227.99.05	2
1720	Balizado praias	servizos	3	60.000	68.595,04	N	20.000	227.99.00	1
1721	Dinamizacion Camiño a Camiño	servizos	3	180.000	198.347,11	N	34.000	227.99.08	1
1721	Dinamización hortas urbanas	servizos	3	165.000	181.818,18	N	37.000	227.99.12	1
1721	Xestion de residuos incontrolados	servizos	3	54.000	59.504,13	N	9.000	227.00.03 - 227.00.00	1
1721	obras mantemento ordinario rios lagares	obras	1	101.307	83.724,85	N	101.307	227.00.01 PTE. TRANS. FOMENTO	
3113	Terapia asistida con cans en asociacións	Servizos	3	81.000	89.256,19	N	10.000	227.99.00	1

SERVIZO: AREA SEGURIDADE

Servi-zo	obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo	Orz.licitación	C/estimado	Hamonizado	Gasto 2020	Aplic. Orzament.	Prórroga
Código orz.			anos	Pre/ano*anos c/IVE	Pre/ano*anos s/IVE + prórrogas+ modific.	S/N			
1360	Mantemento escaleira	Servizos	3	35.440,90 €	29.290,00 €	NON	5.858,00 €	1360 2140000	1+1
1360	Mantemento escaleira	Servizos	3	40.982,70 €	33.870,00 €	NON	6.774,00 €	1360 2140000	1+1
1360	Mantemento escaleira	Servizos	3	54.371,00 €	44.935,00 €	NON	8.987,00 €	1360 2140000	1+1
1360	Mantemento EPI	Servizos	1	36.038,52 €	29.738,90 €	NON	14.891,95 €	1360 2140000	1
1320	Renting vehículos	Sumistro	4	1.008.000,00 €	833.057,85 €	SI	252.000,00 €	1320 2040000	0
1320	Análisis saliva en laboratorio	Servizos	2	75.000,00 €	61.938,50 €	NON	25.000,00 €	1320 2270602	1
1320	1ª Anualidade Chalecos	Suministro	2	90.000,00 €	74.380,00 €	NON	45.000,00 €	1320 2219904	0

SERVIZO: Benestar Social

Servizo	obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo	Orz.licitación	C/estimado	Ha-moni-zado	Gasto 2020	Aplic. Orza-ment.	Pró-rroga
Código orz.			anos	Pre/ano*anos c/IVE	Pre/ano*anos s/IVE	S/N			
2310					+ prórrogas+ modific.				
2310.2279901	Servizo de Axuda no Fogar	servizos	3+2	22.594.530,31	36.209.184,00	si	1.142.967,00	6.387.000,00	si
2310.2279913	Centro Integral de Inclusión e emerxencia social	servizos	3+2	2.460.000,00	3.727.272,27	si	68.333,33	820.000,00	si
2310.480014	Servizo coidadores de barrio	servizos	2+1	1079999,98	1.472.727,24	si		540.000,00	si
2310.6320010	Centro Municipal Servizos Sociais Princesa 7	Obras		577.800,00		no	490.000,00	490.000,00	
2310.6320011	Centro Formación Servizos Sociais	Obras		693.360,00		no	400.000,00	400.000,00	
2310.2270611	Desenvolvemento plataforma informática de S.S para mellorados procesos	servizos		540.000,00		no	300.000,00	300.000,00	
2310.2279900	Suministro e mantemento aplicación informática para o SAF	suministros	3+2	69.142,00	98.217,36	no	30.664,25	6.500,00	

SERVIZO: CONTRATACION



# Concello de Vigo

Servizo	obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo	Orz.licitación	C/estimado	Hamonizado	Gasto 2020	Aplic. Orzament.	Prórroga
Código orz.			anos	Pre/ano*anos c/IVE	Pre/ano*anos s/IVE	S/N			
CONTRATACION					+ prórrogas+modific.				
9206	Papel para fotocopiadora	Subministro	1 ano	22.000,00	90.909,09	N	22.000,00	92062200002	Si 4 de 1 ano
9206	Material de oficina	Subministro	1 ano	27.000,00	89.256,20	N	27.000,00	92062200002	Si 3 de 1 ano
9206	Mobiliario y maquinaria	Subministro	1 ano	25.000,00	20.661,00	N	25.000,00	92066250000	No
9206	Impresos y sobres	Subministro	1 ano	10.000,00	41.322,31	N	10.000,00	92062200002	Si 4 de 1 ano
9206	Gestión de marcas	Servicios	1 ano	7.500,00	30.991,74	N	7.500,00	92002090000	Si 4 de 1 ano

SERVIZO:  
DEPORTES

Servizo	obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo	Orz.licitación	C/estimado	Harmonizado	Gasto 2020	Aplic. Orzament.	Prórroga
Código orz.			anos	Pre/ano*anos c/IVE	Pre/ano*anos s/IVE	S/N			
					+ prórrogas+modific.				
3420	Subministro gasóleo "C".	Subministro	3	214229,88	236064,89	S	5957,14	3420.2210300	1
3420	Seguro accidentes P.M. E. deportivas.	Privado	1	65000	195000	N	65000	3420.2240001	3
3420	Manteto. Instalaciones térmicas.*	Servizos	3	180000	257851,23	S	25000	3420.2279900	2
3420	Manteto. Ascensores.*	Servizos	3	60000	85950,41	N	8333,33	3420.2279914	2
3420	Manteto. sistemas PCI.*	Servizos	5	47500	39256,2	N	3958,33	3420.2270100	0
3420	Manteto. Sistemas alarmas.*	Servizos	5	50000	41322,31	N	3333,33	3420.2270100	0
3420	Tratamento Lexionelose.*	Servizos	5	67500	55785,12	N	4500	3420.2270000	0
3420	Mante. Equipos de son.*	Servizos	5	35000	28925,62	N	2333,33	3420.213000	0

3420	Manteto. Campos herba sintética.*	Servizos	2	40000	66115,68	N	20000	3420.2279915	2
3420	Manteto. Liñas de vida.	Servizos	3	14000	34710,74	N	7000	3420.2279915	
3420	Equipos produción AQS.	Subministro	1	170000	140495,87	N	170.000,00 €	3420.6230000	
3420	Practicable Ximnasia.	Subministro	1	59000	48760,33	N	59000	3420.6290000	
3420	Canastas de teito.	Subministro.	1	60000	49586,78	N	60000	3420.6290000	
3420	Apertura e peche instalacións deportivas.*	Servizos	2	1202971,38	2038092,01	S	300742,85	3420.2279918	2
3410	Medallas promoción deporte.*	Subministro	1	80000	211570,25	N	13333,33	3410.2260902	2
3410	Xestión e cronometraxe RUNRUNVIGO.*	Servizos	11 MESES	12358,83	40855,64	N	12.358,83 €	3410.2260901	3

		Modificación	Vinculaciónnn	Modificación de crédito.
*	Manteto. Instalacións térmicas	20,00 %		3420.2100001
*	Manteto. Ascensores	20,00 %		3420.2120000
*	Manteto. sistemas PCI.		SI	3420.2120000
*	Manteto. Sistemas alarmas.		SI	3420.2279901
*	Tratamento Lexionelose		SI	3420.2120000
*	Mante. Equipos de son.		Si	
*	Manteto. Campos herba sintética.			3420.2100001
*	Manteto. Liñas de vida.		SI	3420.2120000
*	Canastas de teito.			3410.2260900
*	Apertura e peche instalacións deportivas	10,00 %	SI	3420.2279901
*	Medallas promoción deporte.	10,00 %	SI	3420.2279901
*	Xestión e cronometraxe RUN-RUNVIGO.		SI	

SERVIZO: TURISMO



# Concello de Vigo

Servizo	obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo	Orz.licitación	C/estimado	Ha-monizado	Gasto 2020	Aplic. Orza-ment.	Prórroga
Código orz.			anos	Pre/ano*anos c/IVE	Pre/ano*anos s/IVE	S/N			
Turismo					+ prórrogas+modific.				
4320	Promoción Turística Nacional en líneas aéreas	Abierto	3	1.210.000,00	3.630.000,00				No prórroga
					1.210.000,00		1.210.000,00	4320.2279902	
4320	Promoción Turística Internacional en líneas aéreas	Abierto	3	1.210.000,00	3.630.000,00		1.210.000,00	4320.2279902	No prórroga
					1.210.000,00				

SERVIZO: COMERCIO

Servi-zo	obxecto contractual	Tipo contra-to	Pra-zo	Orz.licita-ción	C/estimado	Ha-mo-niza-do	Gasto 2020	Aplic. Orza-ment.	Prórro-ga
Códi-go orz.			anos	Pre/ano*a nos c/IVE	Pre/ano*an os s/IVE	S/N			
					+ prórro-gas+modi-fic.				
4310	BELÉN MONUMEN-TAL	SERVI-ZOS	2	120.000,00	218.181,79	N	49.656,00	2279901	1+1
4310	SERVIZO DE VIXI-LANCIA E CONTROL DOS MERCADILLOS	SERVI-ZOS	2	70.000,00	127.272,73	N	15.050,00	2279900	1+1

4313	PRODUCCIÓN E FESTAS DO NADAL	SERVIZOS	2	300.000,00	545.454,54	S	120.000,00	2279901	1+1	*1 (Este expediente está condicionado á modificación de crédito que ven executando nas dúas últimas anualidades por importe de 324.673,95 euros)
------	------------------------------	----------	---	------------	------------	---	------------	---------	-----	--

**SERVIZO**

**ADMINISTRACION ELECTRONICA**

Servizo	obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo	Orz.licitación	C/estimado	Hamonizado	Gasto 2020	Aplic. Orzament.	Prórroga
Código orz.			anos	Pre/ano*anos c/IVE	Pre/ano*anos s/IVE	S/N			
					+ prórrogas+modific.				
9207	Desenvolvemento Pass-Vigo	Aberto	2	247395,6	247395,6	N	0,00 €	9207.6400004	0
9207	Mantemento Informix	Aberto	3	90000	150000	N	30.000,00 €	9207.2279902	2
9207	Mantemento Alfresco	Aberto	3	66000	110000	N	22.000,00 €	9207.2279902	2
9207	Mantemento servizos web municipais	Aberto	1	En función de gasto actual dos servizos	En función de gasto actual dos servizos	N		En función de gasto actual dos servizos	4
9207	Mantemento Contabilidade Municipal	Nego-ciado	5	500000	500000	S	100.000,00 €	9207.2279902 40.000 (1) 9311.2279900 60.000	0
9207	Integración de portais web, open data e ferramentas corporativas GIS	Aberto	1			N		9207.6400006	0



## Concello de Vigo

9207	Mantemento servidores CPD Municipal	Aberto	1	20000	100000	N	20.000,00 €	9207.2279900	4
9207	Mantemento sistema de control presenza	Aberto	1	10000	50000	N	10.000,00 €	9207.2279902	4
9207	Mantemento de aplicacións externas: Xestión de rr.hh. e NÁmina	Nego-ciado	2	100000	250000	N	50.000,00 €	9340.2270602 25.000 9207.2279902 25.000	3
9207	Asistencia técnica Aplicacións internas (2020)	Aberto	1	120000	600000	S	120.000,00 €	9207- 2279902 - 70.000 2310- 2279900 - 30.000 9320- 2279900 - 20.000	4
9207	Mantenimien-to Centera	Aberto	1	15000	75000	N	15.000,00 €	9207.2279900	4
9207	Mantemento Equipos Exteriores	Aberto	1	15000	75000	N	15.000,00 €	9207.2270603	4
9207	Mantenimien-to Red	Aberto	1	20000	100000	N	20.000,00 €	9207.2279900	4
9207	Mantemento Antivirus Corporativo	Aberto	1	8000	40000	N	8.000,00 €	9207.2279902	4
9207	Servizos/su-ministros Migración ó novo CPD	Aberto	1	25000	25000	N		9207.2270603	0
9207	Seguridad	Aberto	1			N		9207.2270603	4
9207	Concurso Corporativo Impresión	Aberto	5	750000		S	0,00 €	9207.6400006	0
9207	Portal Open Data: Vigo Open Data Lab	Aberto	1	38000	38000	N	38.000,00 €	9207.6400006	0
9207	APP CIUDADANA VIGO SMART DIFUSIÓN	Aberto	1	20000	20000	N	20.000,00 €	9207.6400006	0
9207	APP CIUDADANA VIGO TURISMO Y EVOLUCIÓN	Aberto	1	85200	85200		65.200,00 €	9207.6400006	0
9207	Electronica CPD	Aberto	1	30000	30000		30.000,00 €	9207.6260000	
9207	Licencias Microsoft entorno virtual	Aberto	3	105000	105000	N	35.000,00 €	9207.2090000	

9207	Suministros cintas copias	Aberto	1	25000	25000	N	25.000,00 €	9207.2211200	
9207	Conexión alumado Público plataforma Smart Corporativa	Aberto	1	193445,2	193445,2	N	193.445,20 €	9207.6400005	
9207	Sistema de control Kiosko e xestión de turnos Municipal	Aberto	1	173145,1	173145,1	N	57.996,10 €	9207.6260003	

#### SERVIZO EDUCACIÓN

Servizo	obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo	Orz. licitación	C/estimado	Harmonizado	Gasto 2020	Aplic. Orzament.	Prórroga
Código orz.			anos	Pre/ano*anos c/IVE	Pre/ano*anos s/IVE	S/N			
					+ prórrogas+ modific.				
3260	PROGRAMA EDUCACION BASICA PERS.ADULTAS	SERVIZOS	2	75.100,00	150.200,00	NON	14.081,25	2279916	1+1
3230	MANTEMENTO CALEFAC. E A.Q.S. CC.PP E EE.MM	SERVIZOS	2	170.896,98	211.855,77	NON	85.448,49	2130000	1
3260	SERVS.AUX.POSTA EN MARCHA E APERT. SA LECTURA E BIBLIOTECA NAVIA	SERVIZOS	2	77.434,29	178.327,66	NON	31.677,66	2279915	1+1+1
3230	XESTIÓN ESCOLA MUNICIPAL MUSICA	SERVIZOS	4	1.629.395,76	2.036.744,70	SI	172.119,26 (*)	2279902	1
3260	XESTIÓN ESCOLA MUNICIPAL FOLK E TRADICIONAL	SERVIZOS	4	1.165.678,95	1.122.213,05	SI	94.834,9(*)**	2279918	1
3260	XESTIÓN ESCOLA MUNICIPAL DANZA	SERVIZOS	4	550.716,48	688.395,60	SI	35.219,23(*)	2279926	1





## Concello de Vigo

3230	SEGURIDADE COLEXIOS PUBLICOS E ESCOLAS MUNICIPIAIS	SERVIZOS	2	73.000,00	120.661,16	NON	36.500,00	2279901	1+1
3230	TRATAMENTO OBRIGATORIO C/LEXIONELA NAS INSTALACS.AQS CC.PP E EE.MM	SERVIZOS	2	30.000,00	49.586,78	NON	15000(1)	2279910(1)	1
3230	DINAMIZACIÓN FUNCIONAMENTO CEMV	SERVIZOS	3	54.000,00	59.504,13	NON	18000(1)	2279910(1)	1+1
3230	PROGRAMA EDUCATIVO "COÑECE O TEU CONCE- LLO"	SERVIZOS	3	60.000,00	66.115,70	NON	20.000,00	2279909	1
3230	MANTEMENTO INSTALACS.ELEC- TRICAS CC.PP E ESCOLAS MUNICI- PAIS	SERVIZOS	2	40.000,00	66.115,70	NON	20.000,00	2130002	1+1
3261	MANTEMENTO SISTEMAS DE- TECCION INCEN- DIOS EN CC.PP E ESCOLAS MUNICI- PAIS	SERVIZOS	2	6.376,00	10.538,84	NON	3.188,00	2279901	1+1
3230	ADQUISICIÓN MA- TERIAL E ALU- GUER MAQUINA- RIA "VIGO EMPRE- GA"	SUBMINIS- TROS	2	187.032,26	154.572,13	NON	17.000,00	2120000	
	* importe en 2020 do novo contrato que comezará o 01/09/2020	** A E-TRAD verá incrementado o prezo anual do contrato nuns 50.000 € para asumir a especialidade de luthería da EMAO							
	(1) Bolsa de vinculación								
	Nota: os orzamentos de licitación son estimativos								

SERVIZO: AREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN

Servi- zo	obxecto con- tractual	Tipo contrato	Prazo	Orz.licita- ción	C/estimado	Hamonizado	Gasto 2020	Aplic. Orza- ment.	Prórro- ga
Código orz.			anos	Pre/ano*ano s c/IVE	Pre/ano*ano s s/IVE	S/N			
					+ prórrogas+ modific.				
220	Seguro vida empregados municipais	Privado	2	153.750,00	307.500,00	S		22101620500	
220	Análisis e Va- loración pue- stos Policía Lo- cal	Servicios	4 me- ses	20.000,00	15.800,00	N	20.000,00	92012270600	
220	Formación PRL	Servicios	1	20.000,00	60.000,00	N	20.000,00	92012279900	2

SERVIZO: ÁREA DE FOMENTO E SERVICIOS

obxecto contractual	Tipo con- trato	Prazo	Orz.licitación	C/estimado	Ha- moni- zado	Gasto 2020	Aplic. Orza- ment.	Pró- rroga
		anos	Pre/ano*anos c/IVE	Pre/ano*ano s s/IVE	S/N			
				+ prórrogas+ modific.				
ACONDICIONAMEN- TO, MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E ARRANXO DAS IN- FRAESTRUTURAS VIARIAS	MIXTO SERVIZO E OBRAS	4	6.400.000,00	7.669.421,49	S	133.333,33	1532.2100001	1 ano
SUBMINISTRO DE MESTURAS BITUMI- NOSAS E EMUL- SIÓN ASFÁLTICAS	SUBMINIS- TRO	4	600.000,00	719.008,26	S	27.049,18	1532.2100000	1 ano
RECOLLIDA, TRAN- PORTE E ENTREGA A XESTOR AUTORI- ZADO DOS RESI- DUOS PROCEDEN- TES DE CONSTRUC- CIÓN E DEMOLI- CIÓN	SERVIZOS	4	200.000,00	239.669,42	S	0	1532.2100000	1 ano
SUBMINISTRO DE FORMIGÓN PARA O TALLER DE VÍAS E OBRAS	SUBMINIS- TRO	2	400.000,00	561.983,47	S	37.158,47	1532.2100000	2 anos



## Concello de Vigo

SUBMINISTRO DE ÁRIDOS PARA O TALLER DE VÍAS E OBRAS	SUBMINISTRO	2	160.000,00	224.793,39	S	14.863,40	1532.2100000	2 anos
SUBMINISTRO DE MATERIAL DE CONSTRUCCIÓN PARA O TALLER DE VÍAS E OBRAS	SUBMINISTRO	2	450.000,00	632.231,40	S	41.803,28	1532.2100000	2 anos
SUBMINISTRO DE DE MATERIA DE FERRETERÍA PARA O TALLER DE VÍAS E OBRAS	SUBMINISTRO	2	100.000,00	140.495,87	N	9.289,62	1532.2100000	2 anos
OBRAS ADECUACIÓN AVENIDA MADRID	OBRAS	12 meses	13.478.559,19	13.367.166,14	S	2.246.576,30	1532.6190091	Non
OBRAS HUMANIZACIÓN AVENIDA HISPANIDADE (ENTRE ZAMORA E P.COLMEIRO)	OBRAS	8 meses	800.000,00	793.388,43	N	800.000,00	1532.6190016	Non
OBRAS HUMANIZACIÓN T.LEAL (ENTRE R.D. BOSCO E VENEZUELA)	OBRAS	6 meses	350.000,00	347.107,44	N	350.000,00	1532.6190015	Non
OBRAS HUMANIZACIÓN S.AVENDAÑO (ENTRE AREAL E ROSALÍA DE CASTRO)	OBRAS	5 meses	270.000,00	267.768,60	N	270.000,00	1532.6190014	Non
OBRAS HUMANIZACIÓN CARRIL BICIAVENIDA EUROPA	OBRAS	22 meses	2.999.719,65	2.974.928,58	N	100.000,00	1532.6190056	Non
OBRAS URBANIZACIÓN ESPACIOS INTERSTICIAIS NA ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO	OBRAS	14 meses	1.227.651,68	1.217.505,80	N	1.227.651,68	1532.6090090	Non
OBRAS REMODELACIÓN PRAZA ESTACIÓN	OBRAS	12 meses	1.685.914,70	1.671.981,52	N	613.825,00	1532.6090090	Non
OBRAS ASFALTADO VIAIS MUNICIPAIS	OBRAS	9 meses	1.300.000,00	1.289.256,20	N	1.300.000,00	1532.2100005	Non
OBRAS PLAN DE BEIRARRÚAS	OBRAS	9 meses	1.481.250,00	1.469.008,26	N	1.481.250,00	1532.6190006	Non
COORDINACIÓN SEGURIDADE SAÚDE OBRAS REMODELACIÓN DO ENLACE DO PK 5+000 DA AUTOPISTA AP-9V	SERVIZOS	19 meses	151.000,00	149.752,07	N	75.500,00	1532.6090090	Non

ASISTENCIA TÉCNICA OBRAS DE SOTERRAMENTO DO TRÁFICO RODADO DA PORTA DO SOL	SERVIZOS	19 meses	400.868,16	397.555,20	S	128.500,00	1539.6190003	Si
ASISTENCIA TÉCNICA OBRAS REMODELACIÓN DO ENLACE DO PK 5+000 DA AUTOPISTA AP-9V	SERVIZOS	19 meses	400.000,00	396.694,21	S	100.000,00	1532.6090090	Si
COORDINACIÓN SEGURIDADE E SAÚDE OBRAS AVENIDA MADRID	SERVIZOS	12 meses	90.000,00	89.256,20	N	30.000,00	1532.6190091	Non
ACORDO MARCO COORDINACIÓN SEGURIDADE E SAÚDE OBRAS MUNICIPAIS	SERVIZOS	9 meses	100.000,00	99.173,55		100.000,00	1532.2270603 (bv)	Non
ACORDO MARCO ASISTENCIA TÉCNICA OBRAS MUNICIPAIS	SERVIZOS	9 meses	100.000,00	99.173,55		100.000,00	1532.2270602 (bv)	Non
XESTIÓN INTEGRAL SERVIZO ABASTECIMENTO E SANEAMENTO AUGAS	CONCESIÓN SERVIZOS	a determinar	a determinar	a determinar		*Non aplica	* Non aplica	
OBRAS PROXECTO NOVA GRADA MARCADOR ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS	OBRAS	18 meses	14.640.000,00	13.309.090,91	S	5.850.000,00	9330.6320010	Non
COORDINACIÓN SEGURIDADE E SAÚDE OBRAS NOVA GRADA MARCADOR ESTADIO MUNICIPAL BALAÍDOS	SERVIZOS	18 meses	150.000,00	136.363,64	N	50.000,00	9330.6320010	Non
ASISTENCIA TÉCNICA OBRAS NOVA GRADA MARCADOR ESTADIO MUNICIPAL BALAÍDOS	SERVIZOS	18 meses	300.000,00	272.727,27	S	100.000,00	9330.6320010	Non
OBRAS BIBLIOTECA TEIS	OBRAS	12 meses	700.000,00	694.214,88	N	50.000,00	9330.6220003	Non
ASEGURAMENTO VEHÍCULOS MUNICIPAIS	PRIVADO	4	489.944,00	485.894,88	S		9202.2240000	1 ano
REDACCIÓN PROXECTO NOVO PARQUE BOMBEIROS BOUZAS	SERVIZOS	6 meses	71.000,00	70.413,22	S	71.000,00	1360.6220000	Non
OBRAS NOVO PARQUE BOMBEIROS BOUZAS	OBRAS	18 meses	2.200.000,00	2.181.818,18		100.000,00	1360.6220000	Non



## Concello de Vigo

MANTEMENTO E CONSERVACIÓN CASA CONSISTORIAL E DEPENDENCIAS MUNICIPAIS	MIXTO SERVIZO E OBRAS	4	320.000,00	383.471,07	S	80.000,00	9200.2120000	1 ano
OBRA PARQUE CENTRAL DE SERVIZOS	OBRAS				N	25.000,00	9293.212000	Non
PRESTACIÓN SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE URBANO DE VIAXEIROS	CONCESIÓN SERVIZOS	a determinar	a determinar	a determinar		*Non aplica	* Non aplica	
MANTEMENTO INTEGRAL INSTALACIÓNS ALUMEADO PÚBLICO	SERVIZOS	4	10.603.683,75	12.706.893,75	S	966.275,08	1650.2270903	1 ano
SUBMINISTRO MATERIAL ELECTRICO PARA AS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN	SUBMINISTRO	2	100.000,00	140.495,87	N	50.000,00	1650.6330000	2 anos
OBRAS MELLORA CAMPOS FÚTBOL	OBRAS	9 meses	300.000,00	297.520,66	N	300.000,00	3420.6320014	Non
CUBRICIÓN PATIOS COLEXIOS	OBRAS	9 meses	750.000,00	743.801,65	N	750.000,00	3230.6220005	Non
SERVIZO DE LIMPEZA: mantemento, limpeza e reposición dos colectores para fracción resto	SERVIZOS	4	11.835.340,00	14.182.845,45	S	0	1621.2270012	1 ano
SERVIZO DE LIMPEZA: recollida e transporte de residuos domésticos	SERVIZOS	4	122.675.080,00	147.007.327,27	S	0	1621.2270000	1 ano
						0	1630.227000	1 ano
SERVIZO DE LIMPEZA: mantemento, limpeza e reposición dos colectores para os residuos domésticos reciclables, recollida e transporte do mesmos,	SERVIZOS	4	8.543.590,00	10.238.186,36	S	0	1621.227.00.15	1 ano

## SERVIZO: ALCALDÍA

Servizo	obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo	Orz.licitación	C/estimado	Homonizado	Gasto 2020	Aplic. Orzament.	Prórroga
Código orz.			anos	Pre/ano*anos c/IVE	Pre/ano*anos s/IVE	S/N			
					+ prórrogas+modific.				
9120	asistencia audiovisual sesións plenarias	simplificado	2+2	39.930,00	132.000,00	no	30.000,00	9120.227.9910	si
9120	asistencia celebración de actos acollemientos e vodas	simplificado	2+2	36.300,00	120.000,00	no	25.000,00	9120.227.9910	si
9120/9121	servizo de compra de espazos publicitarios	harmonizado	2+2	495.000,00	1.636.363,64	si	50.000,00	9121.226.02.00/ 9121.226.02.01/ 9121.226.02.03/ 9120.226.02.00/ 9120.227.99.05	si
9120	patrocinio gala del deporte	negociado	1	75.000,00	61.983,47	no	75.000,00	9120.227.9905	non
9120	patrocinio foro de la educación	negociado	1	97.000,00	80.165,29	no	97.000,00	9120.227.9905	non
9120	organización de eventos institucionais	simplificado	2+2	90.000,00	297.520,68	no	50.000,00	9120226.01.00	si

## SERVIZO XARDÍNS

Servizo	obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo	Orz. Licitación	C/ estimado	Harmonizado	Gasto 2020	Aplic. Orzament.	Prórroga
Código orz			anos	Pre/ano*anos c /IVE	Pre/ano*anos s /IVE	S/N			
					+prórrogas +modific				
1710	Valoración riscos laborais	SERVIZOS	2 ANOS	4.656,00 €	3.847,93 €	NON	2.328,00 €	2279900	2 de un ano
1710	Adquisición produtos limpeza e droguería	SUBMINISTRO	3 ANOS	12.000,00 €	9.917,36 €	NON	4.000,00 €	2211000	2 de un ano



## Concello de Vigo

1710	Adquisición materiais diversos	SUBMI-NISTRO	3 ANOS	15.000,00 €	12.396,69 €	NON	5.000,00 €	2210400	2 de un ano
1710	Adquisición materiais Xardinería	SUBMI-NISTRO	3 ANOS	8.000,00 €	6.611,57 €	NON	3.000,00 €	2100000	2 de un ano
1710	Retirada e xestión residuos Vexetais	SERVI-ZOS	3 ANOS	63.000,00 €	52.066,12 €	NON	21.000,00 €	2100000	2 de un ano
1710	Mantenemento e Conservación das zonas verdes	SERVI-ZOS	4 ANOS	6.060.968,57 €	5.009.064,93 €	SI	2.301.980,39 €	2279901	2 de un ano
1710	Mantenemento e Conservación das zonas verdes	SERVI-ZOS	5 ANOS	38.350.788,55 €	31.694.866,57 €	SI	3.835.582,54 €	2279901	NON
1710	Parques infantís, e biosaúda-bles	SERVI-ZOS	4 ANOS	501.998,34 €	414.874,66 €	SI	426.271,80 €	2279902	2 de un ano
1710	Mantenemento do parque de o Castro	SERVI-ZOS	2 ANOS	127.937,73 €	105.733,66 €	NON	105.728,76 €	2279904	2 de un ano
1710	Adquisición de árbores, arbustos e prantas de tempada	SUBMI-NISTRO	4 ANOS	130.000,00 €	107.438,02 €	NON	25.000,00 €	2100004	NON
1710	Montaxe e organización Exposición Camelia	SERVI-ZOS	1 ANO	42.000,00 €	34.710,74 €	NON	42.000,00 €	2100000	NON
1710	Adquisición de maquinaria	SUBMI-NISTRO	1 ANO	6.000,00 €	4.958,68 €	NON	6.000,00 €	6230018	NON
1710	Parques infantís, e biosaúda-bles	SUBMI-NISTRO	1 ANO	665.000,00 €	549.586,78 €	NON	665.000,00 €	6190015	NON
1710	Melloras de instalacións deportivas en parques	OBRA	1 ANO	80.000,00 €	66.115,70 €	NON	80.000,00 €	6190000	NON
1710	Recuperación de zonas verdes	OBRA	1 ANO	100.000,00 €	82.644,63 €	NON	100.000,00 €	6190003	NON
1710	Arranxo de palcos	OBRA	1 ANO	15.000,00 €	12.396,70 €	NON	15.000,00 €	6190016	NON

1710	Desbroce e limpeza biomasa Fincas risco incendios	SERVIZOS	2 ANOS	525.000,00 €	433.884,30 €	SI	225.000,00 €	2279904*	2 de un ano
1710	Redacción proxecto Anel verde	SERVIZOS	2 ANOS	379.700,76 €	313.802,28 €	SI	10.000,00 €	2270600*	NON

**7(1114).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACGAL DOS RECURSOS INTERPOSTOS CONTRA A ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CATALOGACIÓN E PROXECTO PILOTO PARA A DIXITALIZACIÓN DO ARQUIVO MUNICIPAL. EXPTE. 8629/113.**

Dáse conta do informe-proposta de data 23/12/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

*“1º.- Tomar razón da Resolución nº 285/2019 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL), recaída sobre os recursos interpostos por XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L. (recurso 309/2019) e por SEVERIANO SERVICIO MÓVIL, S.A.U. (recurso 317/2019) contra a adxudicación, polo Concello de Vigo, da contratación dun servizo para a identificación, clasificación, ordenación e catalogación de documentos no Arquivo Xeral e do Arquivo da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, a elaboración dun plan de dixitalización dos mesmos, así como o desenvolvemento dun plan piloto para comprobar a correcta execución deste plan de dixitalización, expediente 8629-113 do Concello de Vigo. Na mesma o TACGAL desestima os recursos.*

*Transcríbese a continuación o acordo:*

*1. Desestimar os recursos interposto por XERCODE MEDIA SOFTWARE, S.L. (recurso 309/2019) e por SEVERIANO SERVICIO MÓVIL S.A.U. (recurso 317/2019) contra a adxudicación, polo Concello de Vigo, da contratación dun servizo para a identificación, clasificación, ordenación e catalogación de documentos no Arquivo Xeral e do Arquivo da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, a elaboración dun plan de dixitalización dos mesmos, así como o desenvolvemento dun plan piloto para comprobar a correcta execución deste plan de dixitalización, expediente 8629-113 dese Concello.*

*2. Levantar a suspensión do referido procedemento de contratación.*

*3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.*

*2º.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de continuar coa tramitación do presente expediente”.*





**Concello de Vigo**

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **8(1115).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DAS INSCRICIÓNS, CLASIFICACIÓNS E CRONOMETRAXE DO CIRCUÍTO RUNRUNVIGO NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 19219/333.**

Visto o informe xurídico de data 18/12/19 e o informe de fiscalización do 18/12/19, dáse conta do informe-proposta de data 18/12/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **1.- ANTECEDENTES:**

1.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Pleno municipal do Concello de Vigo, recolle dentro do Programa 3410, a aplicación orzamentaria 3410.226.09.01 "Organización de actividades deportivas".

2.- Con data 18/11/2019, por parte do Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, D. Rubén Peña Barceló, redáctase memoria xustificativa da necesidade da contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuítto RunRunVigo.

3.- Con data 18/11/2019, de conformidade e no uso das competencias atribuídas pola vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85) e Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019 e tendo en conta que o obxecto desta contratación, implica o exercicio de competencias indicadas como propias, no artigo 25.1 e 25.2.I da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Concelleiro de deportes asina a orde para que se proceda a iniciar expediente necesario para a contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuítto RunRunVigo.

4.- Con data 29 de novembro, na sesión ordinaria, a Xunta de Goberno Local, aprobou o "Programa Municipal Circuítto de Carreiras Populares RunRunVigo 2020".

#### **2.- Condicións definitorias do contrato:**

a.- Obxecto e natureza do contrato:

O obxecto do presente expediente contempla a contratación é a realización da prestación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuítto RunRunVigo na cidade de Vigo.

O presente contrato atópase vinculado ás competencias propias previstas no art. 25.2. I) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, en relación á execución de programas de promoción da actividade deportiva.

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expediente (artigo 28 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordeamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de

S.ord. 27/12/19

26 de febreiro de 2014), así como os aspectos relacionados coa "natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, atópanse relacionadas no prego de prescricións técnicas particulares e de forma xeral atende fundamentalmente a xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuito RunRunVigo na cidade de Vigo.

O contrato, polo seu obxecto, será un contrato de Servizo, previsto no artigo 17 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014) (no sucesivo, LCSP).

Non se contempla a división en lotes do contrato xa que determínase que a realización independente ou por lotes das diversas prestacións e traballos obxecto do presente contrato dificultaría a correcta execución do mesmo dende o punto de vista técnico, xa que implica a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes. Tanto para a xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe, como para o montaxe e desmonte dos diferentes elementos e infraestruturas recollidos no prego técnico é necesario a utilización de medios humanos, técnico, e especializados que deberían estar vinculados á mesma empresa responsable dos mesmos.

As diferentes prestacións contempladas no obxecto do contrato están vinculadas entre si, son complementarias e non separables, polo que debe tratarse como unha unidade funcional.

#### **b.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación.**

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto simplificado, e por tramitación ordinaria, polo que non precisa de mais xustificación.

#### **c.- Orzamento base de licitación:**

En cumprimento do artigo 99 e 102 da LCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, atópase determinado tendo en conta que o prazo máximo do contrato establécese nunha anualidade, o importe para a totalidade do contrato estímase en 10.213,91 € sen iva, cun importe correspondente ó iva (21%) de 2.144,92 € o cal totaliza un importe de 12.358,83 € con IVE (21%).

Atendendo as peculiaridades dos servizos obxecto deste contrato, o prezo do contrato determinarase en termos de prezos por servizo vinculado o contrato.

Para a determinación do orzamento base de licitación, tómanse como referencia os custos medios de necesidades baseadas en servizos similares recollidos noutros expedientes tramitados polo servizo de deportes.

O presente contrato será calculado en base á referencia do prezo unitario para cada carreira, segundo os conceptos desglosados de custes salariais e de seguridade social, xestión dos cronometraxes, difusión en redes sociais, xestións das clasificacións, montaxe e desmonte de infraestruturas e gastos xerais e beneficio industrial, establecéndose como prezo



## Concello de Vigo

de licitación para dito contrato o de 10.213,91 € sen iva, cun importe correspondente ó iva (21%) de 2.144,92 € o cal totaliza un importe de 12.358,83 € con IVE (21%).

<b>CUSTO UNITARIO POR CARREIRA (12 CARREIRAS)</b>		
	<b>SEN IVE</b>	<b>CON IVE</b>
CUSTO UNITARIO POR CARREIRA	851,16€	1.029,90€

O importe para a totalidade do contrato estímase en 10.213,91 € sen iva, cun importe correspondente ó iva (21%) de 2.144,92 € o cal totaliza un importe de 12.358,83 € con IVE (21%), co seguinte desglose do contrato por anualidades:

Anualidades	Importe sen iva	IVE	Importe con IVE
2020	10.213,91 €	2.144,83 €	12.358,83 €
Totais	10.213,91 €	2.144,83 €	12.358,83 €

Dito importe deberá ser aplicado con cargo os créditos do orzamento da concellería de Deportes na partida:

341		
0	2260901	Organización de actividades deportivas

O valor estimado do contrato establécese en 40.855,64€.

O importe do contrato establécese de acordo cos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira contidos no artigo 7 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, xa que os créditos que se prevén para este contrato para cada exercicio son análogos aos existentes en anteriores exercicios presupostarios co mesmo obxecto e non van a significar desequilibrio financeiro ningún tendo en conta que os prezos unitarios axústanse aos prezos de mercado, pois establecéronse coa experiencia adquirida na execución do vixente contrato.

#### **d.- Revisión de prezos.**

O presente contrato non será obxecto de revisión de prezos.

#### **e.- Réxime de pagamento:**

Pagaranse as facturas en función das carreiras efectivamente celebradas consonte aos prezos unitarios fixados, coa aplicación da % de baixa ofertada polo adxudicatario.

#### **f.- Clasificación contratistas**

Non procede.

#### **g.- Solvencia económica e Financeira e solvencia técnica:**

Como medio de acreditar a **solvencia económica** óptase por un dos previstos no artigo 87 da LCSP:

- Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos con-

cluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao valor anual medio do contrato.

**Solvencia técnica e profesional.** Consonte ao artigo 90 da LCSP, a solvencia técnica acreditarase do seguinte xeito:

- Unha relación dos principais servizos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato.

#### **Xustificación da solvencia:**

Para celebrar contratos co sector público os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira, así como da técnica e profesional.

Os requisitos solicitados na presente contratación de conformidade co establecido no artigo 74 da LCSP, están directamente vinculados co obxecto do contrato e son totalmente proporcionais, considerándose deste modo que a aportación da requirida solvencia garantizará a capacidade do adxudicatario para contratar coa administración.

#### **h.- Criterios de selección da oferta máis vantaxosa.**

Prevese a valoración de múltiples criterios, en cumprimento do artigo 145.1 da LCSP:

h.1.- Avaliable mediante xuízo de valor:

Plan de organización e execución do servizo; explícase como se vai valorar ata 25 puntos.

- Memoria de execución do servizo; Valorarase ata 15 puntos.
- Memoria do plan de montaxe; Valorarase ata 5 puntos.
- Memoria do plan de calidade, seguimento e control; Valorarase ata 5 puntos.

h.2.- Avaliables mediante fórmula:

- Porcentaxe de desconto único a aplicar ao prezo do contrato, con excepción dos custes salariais: Valorarase ata un máximo de 45 puntos.
- Maior desconto no prezo que o adxudicatario aplicará en concepto de aluguer de chip desechable ou no reutilizable ás entidades organizadoras de cada unha das probas con respecto ó prezo detallado no PPT: Valorarase ata un máximo de 4 puntos.
- Proposta de servizos complementarios: Valorarase ata un máximo de 26 puntos.
  - Zona de control intermedio complementario en todas as probas: 5 puntos.
  - Monitor de seguimento de clasificacións na zona de chegada de cada proba cun tamaño mínimo de 55": 5 puntos.
  - 5 Mailing masivos de promoción de carreiras pedestres ou eventos en vía pública a celebrar na cidade de Vigo organizados ou con participación municipal non incluídos no programa RunRunVigo: 5 puntos.
  - Ampliación prazo de inscrición de corredores ata 48h previas á celebración do evento: 5 puntos.
  - Enlace directo no entorno web da empresa ás principais redes sociais dos organizadores de cada unha das probas e do Concello de Vigo: 6 puntos.



**Concello de Vigo**

**i.- Subcontratación.**

Admíttese a subcontratación. Non se reservan tarefas críticas

**j.- Prazo de garantía:**

Pola natureza da prestación obxecto deste contrato non é necesario fixar prazo de garantía.

**k.- Garantía provisional e definitiva:**

Non procede a constitución dunha garantía provisional e como garantía definitiva, o licitador que resulte adxudicatario provisional do contrato deberá prestar unha garantía do 5% do prezo de adxudicación do contrato (excluído o iva).

**l.- Prazo de execución e si se prevén prórrogas do mesmo.**

Establécese como período do contrato de acordo os límites contemplados no artigo 29 da L.C.S.P, o de once (11) meses, establecéndose tres prórrogas dun ano cada unha.

Dado que é a primeira vez que se contrata o servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxes do circuíto runrunvigo, parece aconsellable limitarse á duración dun circuíto (11 meses), coa posibilidade de prorrogar ou non o contrato no caso de consideralo adecuado.

**m.- Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato.**

Non se prevé.

**n.- Modificación do contrato.**

Non se prevé.

**o.-Seguro:**

O adxudicatario deberá ter subscrita unha póliza de seguro que cubra a responsabilidade civil por un importe mínimo de 1.200.000 euros derivada da execución do contrato. O sublímite por vítima será de 600.000 euros.

A empresa adxudicataria terá que presentar copia da póliza e copia do último recibo que xustifique que está ao corrente no pagamento da mesma.

**3.- Proposta:**

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitir informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación polo procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria da contratación para a prestación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraje do circuíto RunRunVigo na cidade de Vigo.

Segundo: Aprobar o Prego de prescrición técnicas particulares coa regulación dos aspectos técnicos sobre a execución do servizo de de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraje do circuíto RunRunVigo na cidade de Vigo, asinado

polo xefe do servizo de deportes-Director deportivo, con data 12 de decembro de 2019.

Terceiro: Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, asinado pola Técnica de administración xeral con data 17 de decembro de 2019.

Cuarto: Autorizar o gasto polo importe máximo de **10.213,91€ sen iva**, e un importe correspondente o iva (21%) de **2.144,92 €** o cal totaliza un importe de **12.358,83 €** con IVE (21%), co seguinte desglose do contrato por anualidades:

Anualidades	Importe sen iva	IVE	Importe con IVE
2020	10.213,91 €	2.144,83 €	12.358,83 €
Totais	10.213,91 €	2.144,83 €	12.358,83 €

Dito importe deberá ser aplicado con cargo os créditos do orzamento da concellería de Deportes na partida:

3410	226.09.01	Organización de actividades deportivas
------	-----------	--

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(1116).- PLAN DE DINAMIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO DEPORTE NA CIDADE DE VIGO: LIÑAS ESTRATÉXICAS BÁSICAS DA ACTUACIÓN NO PERÍODO 2019/2023. EXPTE. 19323/333.**

Visto o informe xurídico de data 23/12/19, dáse conta do informe-proposta do 23/12/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

#### LEXISLACION APLICABLE

Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local  
Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público (LRXSP)  
Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia  
Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales (ROF)



## ANTECEDENTES DE FEITO

Por parte do Servizo de Deportes redáctase o Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na Cidade de Vigo: liñas estratéxicas básicas da actuación no período 2019/2023

## CONSIDERACIONES XURÍDICAS

O artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, das bases de réxime local determina que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e conforme o paragrafo segundo de dito o municipio exercerá competencias propias e, entre outras, en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas conforme o artigo 25.2.I da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local. Concretamente o artigo 8 a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia atribúe aos municipios, entre outros, promover e, de ser o caso, executar, no ámbito da súa competencia, os programas xerais do deporte, mediante a coordinación coa Administración autonómica, así como coa colaboración con outros entes locais, federacións deportivas galegas ou outras asociacións deportivas.

Dentro dos principios xerais de actuación e funcionamento o artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, dispón que as administracións públicas serven con obxectividade os intereses xerais e actúan de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Constitución, á lei e ao dereito. Deberán respectar na súa actuación e relacións os seguintes principios:

- a) Servizo efectivo aos cidadáns.
- b) Simplicidade, claridade e proximidade aos cidadáns.
- c) Participación, obxectividade e transparencia da actuación administrativa.
- d) Racionalización e axilidade dos procedementos administrativos e das actividades materiais de xestión.
- e) Boa fe, confianza lexítima e lealdade institucional.
- f) Responsabilidade pola xestión pública.
- g) Planificación e dirección por obxectivos e control da xestión e avaliación dos resultados das políticas públicas.

A planificación de actividade pública constitúe unha das claves da xestión en termos de eficacia e eficiencia, permitindo, así mesmo, unha maior transparencia e rendición de contas nos termos dunha mellor gobernanza. Planificación que, en ámbitos con tanto impacto cidadá como o deporte adquire unha importante relevancia a través da promoción da práctica de actividades físicas e deportivas, e situando a Vigo como cidade de referencia no ámbito deportivo mediante a organización de acontecementos deportivos e a colaboración cos distintos organismos reitores do deporte, planificación que tamén contribuirá ao impulso do sector económico e de coñecemento.

Polo exposto, previo informe xurídico e, se procede, da Intervención Municipal, elévase á Xunta de Goberno Local como órgano competente en materia de en virtude das competen-

cias delegadas por Resolución da Alcaldía de data 18.06.2019 en materia de aprobación de programas municipais, a seguinte PROPOSTA

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na Cidade de Vigo: liñas estratéxicas básicas da actuación no período 2019/2023.

SEGUNDO.- Ordenar a súa publicación no Portal de Transparencia conforme o disposto no artigo 6.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **PLAN DE DINAMIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO DEPORTE NA CIDADE DE VIGO: LIÑAS ESTRATÉXICAS BÁSICAS DE ACTUACIÓN NO PERÍODO 2019/2023**

A planificación de actividade pública constitúe unha das claves da xestión en termos de eficacia e eficiencia, permitindo, asimesmo, unha maior transparencia e rendición de contas nos termos dunha mellor gobernanza. Planificación que, en ámbitos con tanto impacto cidadá como o deporte adquire unha importante relevancia a través da promoción da práctica de actividades físicas e deportivas, e situando a Vigo como cidade de referencia no ámbito deportivo mediante a organización de acontecementos deportivos e a colaboración cos distintos organismos rectores do deporte, planificación que tamén contribuirá ao impulso do sector económico e de coñecemento.

Esta planificación permitirá, a nivel interno, unha mellora nos aspectos organizativos, tanto previos como posteriores da acción municipal no deporte, amplamente recoñecida pola normativa básica en materia de réxime local, constituindo tamén unha ferramenta de transparencia da xestión municipal comunicando ao conxunto da cidadanía, en xera, e á comunidade deportiva, en particular, marcando o camiño que, para este mandato, seguirán as políticas públicas na materia.

Nesta liña, a planificación das políticas públicas será obxecto de máxima difusión de conformidade co establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, garantindo así o cumprimento da súa finalidade, sen perxuízo do seu desenvolvemento a través de programas anuais, de ser o caso.

### **1.- INTRODUCCIÓN:**

Vigo foi historicamente unha cidade cun forte arraigo e tradición deportiva, materializado por unha banda no elevado volume de practicantes en todas as franxas de idade, modalidades e formatos de práctica, e por outra banda na multiplicación de eventos deportivos atraídos á cidade e que se celebran anualmente.

A cidade de Vigo converteuse ó longo da súa historia nun centro de referencia para innumerables competicións de deporte de base e de alto nivel, así como para probas e





## Concello de Vigo

grandes eventos deportivos, que atoparon na cidade un entorno óptimo para o seu desenvolvemento, como queda patente coa celebración de eventos de ámbito nacional e internacional, como o Forum FISU, a Copa ASOBAL, o Campionato do mundo de Taekwondo universitario, a Supercopa de España de Fútbol sala, a Copa do Rei de balonmán, diferentes campionatos de Europa de vela, o Campionato do mundo de balonmán junior ou o circuíto mundial do World Pádel Tour, e eventos que anualmente se celebran na cidade e que teñen un altísimo valor e recoñecemento como poden ser a VigBay, a Semana do Atlántico de Vela, o Marisquiño, o Circuíto de Carreiras populares RunRunVigo, ou o Triatlón Illas Cíes, que ano tras ano colocan a Vigo nun lugar preeminente no ámbito do deporte.

Esta vocación de Vigo co desenvolvemento do feito deportivo en todas as súas manifestacións e desde as diferentes perspectivas, xunto co impulso e apoio á celebración de grandes eventos deportivos, converteu á cidade nunha referencia a nivel nacional, recoñecido incluso co outorgamento do Premio Nacional do deporte no ano 2010, que distinguiu á cidade como a entidade española máis destacada polas súas iniciativas no fomento do deporte, tanto na promoción e organización de actividades como na dotación das súas instalacións deportivas, ou co outorgamento fai breves datas do premio á mellor entidade pública galega no ámbito do deporte, outorgado pola asociación galega de xestores deportivos.

Estas consideracións están directamente vinculadas co compromiso do Concello de Vigo co deporte, que se materializa no desenvolvemento das súas liñas básicas de actuación neste campo e no cumprimento dos seus obxectivos fundamentais, encamiñados por unha banda ó fomento e promoción do deporte a través do apoio e axuda ás entidades deportivas e ós deportistas da Cidade de Vigo nos seus proxectos de competición, e por outra á consolidación dun calendario de celebración de grandes proxectos e eventos deportivos que se xeran na Cidade de Vigo como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, que posibilita un maior achegamento do feito deportivo a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

O Concello de Vigo debe tender á excelencia na xestión da actividade deportiva, garantindo unha planificación axeitada e adaptada ás necesidades da poboación en xeral, atendendo as necesidades concretas vinculadas cos distintos perfís de persoas, tendo en consideración a configuración do tecido asociativo deportivo da cidade de Vigo e tendo en conta a estrutura territorial da cidade.

Estas cuestións han de impulsar un traballo de planificación orientado a avaliar as necesidades existentes, estruturar obxectivos e definir contidos que permitan desenvolver os plans específicos de actuación nos diferentes ámbitos dentro da xestión deportiva local.

## **2.- LIÑAS ESTRATÉXICAS BÁSICAS DO SERVIZO DE DEPORTES:**

O Concello de Vigo, de conformidade coa súa responsabilidade e co establecido nos artigos 25.1. e 25.2.l da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, promove o deporte e a ocupación do tempo libre, desenvolvendo dúas grandes áreas de xestión da actividade deportiva:

- 2.1.- Xestión das instalacións deportivas municipais.
- 2.2.- Promoción, dinamización, apoio e fomento da actividade deportiva na cidade de Vigo.

Destas dúas grandes áreas de xestión derivan os obxectivos xerais do servizo de deportes, que fundamentalmente se orientan a:

- Garantir unha oferta deportiva completa e de calidade.
- Optimizar a xestión e rendemento das infraestruturas deportivas municipais existentes.
- Impulsar a construción de novas infraestruturas.
- Apoiar proxectos deportivos.
- Establecer sistemas de avaliación axeitados.
- Potenciar a práctica deportiva.
- Consolidar a Vigo como “Cidade do deporte”.
- Promover estratexias transversais vinculadas co deporte en igualdade.
- Desenvolver actuacións orientadas a colectivos con necesidades concretas.
- Potenciar a celebración de grandes eventos deportivos na cidade de Vigo.

### **2.1.- Xestión das instalacións deportivas municipais.**

A xestión da rede de infraestruturas deportivas municipais que o Concello de Vigo, a través do servizo de deportes, desde o punto de vista da planificación estratéxica, realízase con tres obxectivos básicos:

- Adaptar e actualizar a rede de instalacións existente na cidade de Vigo.
- Avaliar novas necesidades, propoñer e, no seu caso, completar a rede de instalacións e equipamentos.
- Garantir un axeitado mantemento e conservación das instalacións deportivas municipais.

A cidade de Vigo conta cunha extensa rede de instalacións deportivas municipais que atenden ó longo do ano miles de competicións, adestramentos, actividades non federadas e eventos deportivos, constituíndo unha oferta de espazos deportivos que atende as necesidades fundamentais da cidadanía de Vigo. Esta rede se estende ó longo da cidade, dando cobertura ás necesidades nas distintas zonas de Vigo.

O Concello de Vigo, se plantexa como liña básica de actuación a optimización das instalacións deportivas municipais existentes, realizando unha avaliación paralela das necesidades derivadas da evolución da práctica deportiva que permita completar de forma coherente a rede de equipamentos.

Concretamente a Concellería de deportes ten como obxectivos básicos neste ámbito:

- Continuar co esforzo inversor que se ven desenvolvendo nos derradeiros 12 anos, impulsando a construción de novas infraestruturas que completen a rede municipal, atendendo tanto as necesidades de modalidades maioritarias



como aquelas necesidades específicas concretas de modalidades minoritarias ou de nova implantación na cidade.

- Mellorar os plans de mantemento e conservación que permitan dispoñer de instalacións adaptadas ás necesidades e esixencias actuais.
- Impulsar o uso de novas tecnoloxías no ámbito do control e o mantemento das instalacións.
- Garantir a seguridade das instalacións deportivas municipais.
- Establecer estratexias de colaboración co tecido deportivo asociativo da cidade que permita implementar sinerxías orientadas á optimización dos usos dos espazos deportivos.

Estes obxectivos básicos han de permitir desenvolver estratexias de eficiencia vinculadas coa planificación estratéxica no ámbito da xestión das instalacións deportivas orientadas a optimizar os recursos materiais e humanos e a desenvolver a responsabilidade sobre a planificación, o control, a programación e o mantemento das mesmas, e que permitan:

- A planificación estratéxica en relación á construción de novas instalacións deportivas.
- A elaboración de propostas, o control e o seguimento de convenios de uso de instalacións deportivas.
- O mantemento das instalacións deportivas:
  - Coordinación xeral do mantemento ordinario e extraordinario.
  - Programación e propostas de actuacións. Calendario.
  - Elaboración de protocolos de control de mantementos.
  - Seguimento, execución e avaliación de obras e mantementos ordinarios e extraordinarios.
  - Control de consumos enerxéticos e elaboración de propostas de mellora e optimización.
  - Análise e avaliación anual.
- O desenvolvemento de propostas, a elaboración e seguimento da execución contratos de servizos, consumos enerxéticos...
- A xestión dos Recursos humanos:
  - Planificación e proposta anual de necesidades de persoal.
  - Elaboración do calendario anual de traballo.
  - Coordinación do persoal de instalacións.
  - Análise e avaliación trimestral, semestral e anual.
  - Propostas de actuación á xefatura de servizo.
- A xestión e control do gasto ordinario e extraordinario.
- A avaliación xeral dos procedementos e protocolos.

## **2.2.- Promoción, dinamización e apoio Actividade deportiva:**

As diferentes perspectivas desde as que se pode abordar a práctica deportiva, orientan a xestión das administracións públicas neste ámbito establecendo o itinerario a seguir na planificación estratéxica destas na dinamización do deporte nas cidades.

A promoción da actividade deportiva debe atender as súas distintas manifestacións, considerando que os diferentes perfís de cidadáns demandarán unha oferta adaptada ás súas necesidades e inquietudes.

Tendo en conta estas cuestións, desde o servizo de deportes se desenvolven varias liñas básicas de actuación orientadas a dar resposta ás necesidades da cidadanía en xeral, abordando a xestión da promoción da actividade deportiva desde o ámbito da saúde, da competición federada de base e afeccionada, do deporte de alto nivel, do deporte recreativo, da terceira idade, dos eventos deportivos, etc.

Nesta liña, o Servizo de deportes plantexa, como obxectivos fundamentais:

- Dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa.
- Optimizar os recursos destinados á promoción do deporte.
- Atender as necesidades concretas de colectivos específicos.
- Potenciar a participación feminina no deporte.
- Apoiar e dinamizar iniciativas deportivas orientadas a persoas con discapacidade.
- Impulsar, apoiar e potenciar iniciativas de deporte de base.
- Promover a celebración de eventos deportivos.
- Fomentar o deporte de alto nivel.

O servizo de deportes, impulsa estes obxectivos a través de diferentes liñas de actuación que ofrecen a posibilidade de descompoñer e orientar a oferta deportiva da cidade desde a perspectiva da lóxica e a optimización dos recursos.

- Programas propios: Liña de desenvolvemento de actividades e programas propios de actividade: A Concellería de deportes promove directamente a práctica deportiva a través de diferentes programas e actividades que perseguen obxectivos relacionados fundamentalmente coa saúde, tratando de incrementar o porcentaxe de poboación que realiza actividade física, reducindo o sedentarismo e impulsando a práctica en colectivos moi significativos como os escolares e a terceira idade.

Esta liña de actuación se concreta na dinamización dos seguintes programas e actividades:

- Programa municipal de escolas deportivas.
- Programa Auga e saúde.
- Programa de Ximnasia para a terceira idade.
- Liga de Natación escolar.
- Programa de carreiras populares RunRunVigo.
- Liga Linco.
- Programa de Crosses escolares.
- San Silvestre.

- Deporte de elite: Liña de apoio ó deporte de elite a través da dinamización do apoio e subvencións a entidades de elite da cidade cos seguintes obxectivos:
  - Conseguir unha referencia para os e as xóvenes deportistas da cidade
  - Establecer unha ferramenta motivadora extraordinaria para o deporte de base.
  - Atraer á cidade a atención mediática dos medios de comunicación de ámbito nacional.



## Concello de Vigo

- Consolidar a marca “Vigo” como unha referencia no ámbito do deporte a nivel nacional.
- Deporte de base: Liña de apoio ó deporte de base a través dos programas de dinamización e dos programas de subvencións a entidades deportivas polo desenvolvemento dos seus proxectos deportivos, co obxectivo de:
  - Consolidar os programas de formación desenvolvidos na cidade.
  - Xerar iniciativas de apoio a actividades deportivas orientadas ó deporte de base.
  - Dinamizar sinerxías co tecido asociativo da cidade.
  - Impulsar iniciativas vinculadas coa loita contra o sedentarismo dos nenos e nenas.
  - Xerar ofertas de actividade deportiva competitiva e de ocio.
  - Consolidar unha oferta formativa completa.
  - Promover a consolidación de itinerarios completos de formación deportiva.
- Eventos deportivos: Liña de apoio ó desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo, dinamizados por diferentes entidades, para os que a Concellería de deportes desenvolve varias liñas estratéxicas fundamentais de actuación:
  - Liña de subvencións nominativas, definidas, de ser o caso, no orzamento anual da Concellería de deportes.
  - Liña de subvencións a eventos e proxectos deportivos. Que permitan o apoio a través de propostas de subvencións dos proxectos e eventos deportivos que están en moitas ocasións vinculados con criterios e principios do ámbito do calendario deportivo que impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións de organismos nacionais ou internacionais cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión vinculados coas administracións.

Estas circunstancias provocan que algunhas propostas sexan recibidas ó longo do ano para a súa avaliación e estudo a medida que son recibidas, o que esixe dispoñer dunha capacidade para establecer procedementos de avaliación continua que permitan determinar o grao de interese xeral para cada un dos casos e determinando os mecanismos e procedementos administrativos axeitados.
  - Liña de patrocinios deportivos. O feito deportivo ven configurado, dende o punto de vista do seu desenvolvemento, desde diferentes perspectivas. Unha delas é a relacionada directamente coa celebración de eventos deportivos na cidade que veñen a completar e fortalecer a oferta deportiva en Vigo, e que constitúen unha ferramenta idónea para a consolidación da “marca” Vigo no ámbito nacional ou internacional. Estes eventos deportivos, dinamizados e liderados fundamentalmente desde o sector deportivo privado, reforzan a marca “cidade de Vigo” no ámbito deportivo nunha proporción extraordinaria, o que xustifica o desenvolvemento de estratexias que permitan a presenza institucional do Concello de Vigo no desenvolvemento dos mesmos como medio de consolidar a marca “cidade de Vigo” como cidade do deporte,

atraendo a atención mediática e social e consolidando e robustecendo o sistema económico-social da cidade.

Obxectivos básicos:

- Promocionar a marca Vigo como cidade do deporte.
- Atraer proxectos que supoñan unha consolidación do tecido produtivo na súa relación co deporte.
- Impulsar unha oferta deportiva de calidade no ámbito dos grandes eventos deportivos.
- Dinamizar propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.

As devanditas liñas estratéxicas se concretan a través dos diferentes programas operativos que, de conformidade coa planificación orzamentaria, se aproben polo órgano competente.

**10(1117).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA MEDIANTE INTEGRACIÓN ESCOLAR EN PERÍODO LECTIVO NUN HIGH SCHOOL “VIGO EN INGLÉS 2020”. EXPTE. 19872/332.**

Visto o informe xurídico de data 16/12/19 e o informe de fiscalización do 18/12/19, dáse conta do informe-proposta de data 27/11/19, asinado polo técnico Medio de Actividades Culturais, a xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 17 de xaneiro de 2018, adoptou o acordo de adxudicar definitivamente a “Newlink Education, S.L” (CIF B-22.210.843) o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School “VIGO EN INGLES 2018” (expte. 19872-332) por un prezo total de 1.704.465,00.-€ (IVE incluído), sendo o prezo unitario por alumno de 2.319,00 euros; todo elo de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prescripcóns técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de setembro de 2017 e a oferta presentada.

No prego de cláusulas administrativas se fixa unha duración do contrato de dous anos e se establece a posibilidade de prorrogar o mesmo (cláusula 7 en relación cos apartados 4.A) e 4.C) das FEC). Polo tanto, segundo contrato formalizado en data 13 de febreiro de 2018 entre o Concello de Vigo e a empresa adxudicataria, o prazo do contrato é de dous anos contados dende o 14 de febreiro de 2018; estando prevista a posibilidade de dúas prórrogas, a primeira dun ano de duración (14/febreiro/2020 ao 13/ febreiro/2021) e a segunda por un periodo máximo de 9 meses, debendo finalizar o contrato o 31 de decembro do ano 2021.

En data 25/11/2019 ten entrada no rexistro electrónico do Concello co código de solicitude W400386-1946 e nº de doc. 190185243 escrito da empresa adxudicataria “Newlink



**Concello de Vigo**

Education, S.L”, poñendo de manifesto vontade e disponibilidad explícita para desenvolver a 1ª prórroga do contrato obxecto do presente informe.

O Concelleiro de Educación, mediante dilixencia de data 25 de novembro actual, considera a necesidade de solicitar do órgano de contratación a 1ª prórroga do presente contrato dende o 14 de febreiro de 2020 ao 13 de febreiro de 2021 de acordo cos pregos de condicións.

As prestacións por parte da empresa adxudicataria dos servizos correspondentes ás edicións do programa “Vigo en Inglés 2018” (nº doc 180180170 de data entrada rexistro 09/11/2018) cuxa estadía efectiva de inmersión lingüística foi desenvolvida dende o 17/09/2018 ao 15/10/2018, e do programa “Vigo en Inglés 2019” (W388628-154 e nº doc 190176471 de data entrada rexistro 12/11/2019) cuxa estadía efectiva de inmersión lingüística foi desenvolvida dende o 16/09/2019 ao 14/10/2019; foron realizadas a plena satisfacción deste Servizo de Educación; como se pode corroborar nas Memorias xustificativas e informes avaliativos desenvolvidos cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta, e que figuran arquivados nas dependencias deste servizo municipal de educación. Igualmente, cómpre ter en conta a necesidade de ter garantido por parte do adxudicatario o inicio con antelación suficiente das xestións e traballos previos con todos os provedores e axentes implicados na edición de “Vigo en Inglés 2020”, cuxas estadías están previstas desenvolver no periodo 2ª quincena de setembro - 1ª quincena de outubro 2020. Polo tanto, dende o Servizo Municipal de Educación, enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a concreción da continuidade do servizo mediante a materialización da 1ª prórroga dun ano de duración contemplada no correspondente PCAP.

Á vista das anteriores consideracións, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Autorizar a **1ª prórroga por un ano do contrato** para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School “VIGO EN INGLES 2020” (expte. 19872-332) para o período comprendido entre o **14/02/2020 e o 13/02/2021**, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un gasto de **1.704.465,00.-€**, que se imputarán á partida 3260.227.99.17 (Programa Educativo “Aulas Internacionais”) , que se financiarán con cargo aos créditos que se asignen para tal fin no orzamento futuro do 2020.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(1118).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE SANTA CRISTINA-LAVADORES, ATALAIA-TEIS E COSTEIRA-SAIÁNS. EXPTE. 17066/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 20/12/19 e o informe de fiscalización do 23/12/19, dáse conta do informe-proposta de data

20/12/19, asinado pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 27 de novembro de 2015, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a Colegio Los Milagros SL os lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión parcial das escolas infantís municipais de Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns (expte 17066-332), que se corresponden coa xestión das escolas Santa-Cristina-Lavadores e Costeira-Saiáns, e a Aurora, Pilar y Ana SL o lote 3 dese mesmo expediente, que se corresponde coa xestión da escola Atalaia-Teis, de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prego de condicións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 10/07/2015 e a ofertas presentadas.

No prego de cláusulas administrativas fíxase unha duración dos contratos de catro anos e establecece a posibilidade de prorrogar o mesmo por un máximo de dous anos, en prórrogas anuais.

Mediante escrito de data 23 de maio de 2019, don José Luís González Gallego como representante da entidade Aurora Pilar y Ana SL, manifesta a vontade e interese da empresa adxudicataria de acollerse a unha prórroga do contrato por unha anualidade. Mediante escrito de data 28 de maio de 2019, don José Luís Rey parente como representante da entidade Colegio Los Milagros SL, manifesta tamén a súa vontade e interese de acollerse a unha prórroga do contrato por unha anualidade

A prestación do servizo de xestión das escolas infantís municipais de Santa Cristina-Lavadores, Costeira-Saiáns e Atalaia-Teis por parte das empresas actualmente adxudicatarias (Colegio Los Milagros SL para as dúas primeiras e Aurora, Pilar y Ana SL para a última) estase a realizar a plena satisfacción deste servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta, e a un prezo competitivo. Polo tanto, dende o servizo municipal de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a concreción da continuidade do servizo mediante a materialización da primeira prórroga de un ano contemplada no correspondente PCAP.

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral e Asesoría Xurídica, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Autorizar a prórroga do contrato para a xestión das Escolas Infantís Municipais Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis e Costeira-Saiáns (expte 17066-332) para o periodo comprendido entre o 01/01/2020 e o 31/12/2020, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer os seguinte importes das correspondentes prórrogas para o ano 2020:

A favor de Colegio Los Milagros SL:

EIM Santa Cristina-Lavadores (Lote 1 do Expediente 17066-332)

186.900,00 €, que se imputarán á partida 3230.227.99.04 (Escola infantil municipal Santa Cristina- Lavadores), e bolsa de vinculación.





**Concello de Vigo**

EIM Costeira-Saiáns (Lote 2 do Expediente 17066-332)

186.900,00 €, que se imputarán á partida 3230.227.99.07 (Escola infantil municipal Costeira-Saiáns), e bolsa de vinculación.

A favor de Aurora, Pilar y Ana SL:

EIM Atalaia-Teis (Lote 3 do Expediente 17066-332)

175.989,00 €, que se imputarán á partida 3230.227.99.08 (Escola infantil municipal Atalaia-Teis), e bolsa de vinculación.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(1119).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA PARA A DIFUSIÓN DO PROXECTO “VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL” NO IV CONGRESO “ACCIÓN E IMPLICACIÓN” EMPRESARIAS GALICIA. EXPTE. 16862/77.**

Visto o informe de fiscalización do 19/12/19, dáse conta do informe xurídico-proposta de data 23/12/19, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Resolución do 23/10/2019), o concelleiro-delegado de Emprego e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 08/11/2019, Dona Susana Pérez Iglesias (DNI: 39.451.055Y), en calidade de presidenta da “ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA” (CIF: G27826999), achegou escrito (docs. 190175464 e 190175465), solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para darlle a máxima difusión e coñecemento ao proxecto “Vigo pola inserción laboral” previsto no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación dentro do próximo IV Congreso “Acción e Implicación” Empresarias Galicia para os días 06 e 07 de novembro de 2019, mediante unha axuda económica que se concreta no financiamento dos gastos de montaxe, desmonte, equipamento, instalación eléctrica e rotulación dun stand e a difusión en redes sociais e páxina web da Asociación.

II. Segundo a documentación presentada, será a presidenta, Dona Susana Pérez Iglesias, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. A “Asociación de Empresarias de Galicia”, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:

S.ord. 27/12/19

- Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 26/11/2019.
- Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 05/11/21019.
- Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 06/11/2019.
- Certificado do Concello de Vigo, de data 06/11/2019.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

<b>ORZAMENTO DE GASTOS PUBLICITARIOS (06-07/11/19)</b>	
Difusión do Proxecto "VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL" no IV Congreso "Acción e Implicación" Empresarias Galicia mediante a instalación dun stand informativo	1.500,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>1.500,00 €</b>

<b>ORZAMENTO DE INGRESOS (06-07/11/19)</b>	
Subvención Concello de Vigo	1.5000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>1.500,00 €</b>

8. Memoria explicativa do proxecto subvencionado.

IV. En data 05/11/2019 o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.



## Concello de Vigo

V. A “ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA” (CIF: G27826999) consta inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co nº 1284-16.

VI. A petición do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, expídese certificación de data 06/11/2019 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VII. A xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local asina memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

VIII. Con data 19/12/2019 emítase informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal concluíndo que:

“En todo caso o Servizo Xestor, con carácter previo ao sometemento do expediente ao coñecemento da Xunta de Goberno Local, debe acomodar o prazo máximo de xustificación previsto no pacto oitavo, 16 de decembro de 2019, ás datas actuais.”

De conformidade co solicitado, se acomoda o prazo máximo de xustificación ás datas actuais, quedando así emendada a observación feita polo servizo de intervención.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

#### *I. OBXECTO*

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención directa á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA (G27826999), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de difusión do proxecto “Vigo pola inserción laboral” no IV Congreso “Acción e Implicación” Empresarias Galicia.

A asociación Empresarias de Galicia é unha Asociación que actualmente ten representatividade en todo o territorio autonómico e unha sólida traxectoria na procura da igualdade da muller en todos os seus roles ao longo da súa andadura persoal e profesional. Entre os seus fins e actividades da entidade, encóntranse os seguintes:

- Conseguir a igualdade de oportunidades no acceso ao mundo laboral, eliminando calquera barreira discriminatoria.
- Defender e fomentar a libre iniciativa privada da muller.
- Facilitar o networking entre empresas e fomentar o espírito de colaboración entre as socias e colaboradoras coa finalidade de obter unha mellor actividade empresarial das mulleres.
- Impulsar e axudar á muller emprendedora.
- Impulsar a formación integral da muller desde o punto de vista empresarial e profesional.
- Fomentar o asociacionismo empresarial.

A situación das mulleres viguesas en canto ao emprego é moito máis precaria que a dos homes. A estas non só aféctalle unha taxa de desemprego máis elevada, senón que outras variables fan efecto nelas, o que aumenta a súa predisposición á vulnerabilidade: peores condicións laborais, soldos máis baixos e menor recoñecemento laboral. Desta maneira,

capacitar a mulleres mediante certificacións oficiais, non só implica aumentar as súas posibilidades de acceso ao emprego senón tamén recoñecemento laboral; e participar na formación transversal e complementaria achegaralles un acceso cualitativo mellor, grazas a adquirir competencias sobre os cambios lexislativos, organizativos e estruturais que se están producindo e que están a impregnar o tecido empresarial.

O proxecto “Vigo pola inserción laboral” previsto no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE) de axudas destinadas a entidades locais para a inserción das persoas mais vulnerables cofinanciado co Fondo Social Europeo (Expte.15311-77) ten entre as súas metas, favorecer a igualdade de xénero e a non discriminación de colectivos desfavorecidos, mediante a implantación dunha serie de medidas específicas de índole afirmativa, inclusiva e de nivelación.

Á súa vez, os axentes sociais máis representativos, UXT, CC.OO., CIG, AJE Vigo, Asociación de EMPRESARIAS de GALICIA e CEP, participaron activamente na planificación do presente proxecto, comprometéndose ao seguinte:

- a) Aconsellar e acreditar o proceso de selección dos beneficiarios.
- b) Apoiar o proceso de execución das prácticas profesionais non laborais, seleccionado e sumando organizacións empresariais onde os beneficiarios poidan executar dita formación.
- c) Servir de asesores naquelas accións nas que polas súas propias circunstancias e competencias así o aconsellen.

Actuando con este proceder búscase dotar de protagonismo aos axentes sociais e dar cumprimento aos compromisos adquiridos e cabida aos mesmos na organización deseño e implantación do presente proxecto

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar nesta colaboración cos axentes sociais participantes no proxecto e para proporcionarlle a máxima difusión ao mesmo, establece esta canle de cooperación necesaria coa Asociación de Empresarias de Galicia para subvencionar os gastos de instalación, montaxe e equipamento dun stand informativo do proxecto “Vigo pola inserción laboral” dentro do seu IV Congreso “Acción e Implicación” que se levará a cabo os días 6 e 7 de novembro de 2019, con cargo á aplicación orzamentaria 2410 480000 *Programa de axudas ao plan de emprego municipal* prevista nos vixentes orzamentos municipais.

En definitiva, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación dos axentes sociais no proxecto, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

## **II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES**



**Concello de Vigo**

Queda facultado para asinar o citado convenio, o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, Abel Losada Álvarez, ao amparo da Resolución da Alcaldía – Presidencia, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais, de 18 de xuño do 2019 e de delegación de competencias específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área o 26.06.2019,

Doutra parte, asinará o convenio Dona Susana Pérez Iglesias, con DNI 39.451.055Y, en calidade de Presidenta da “Asociación EMPRESARIAS DE GALICIA” (CIF: G27826999), en nome e representación da mesma.

### **III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas reducir a porcentaxe de persoas desempregadas, mediante un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, veciñal e social, entre as que figura, para acadar este obxectivo, a colaboración con asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial de tal xeito que se mellore a contratación de persoas en situación de desemprego, cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b), tal e como ven desenvolvendo a concellería de Emprego nos últimos anos, toda vez que a actividade de fomento de emprego é unha actividade considerada coma prioritaria dentro desta Administración municipal (acordo da XGL do 09/03/2012).

Así mesmo e, en virtude do disposto na Disposición adicional primeira de dita lei, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, corresponde a materias de competencia propias do Concello a promoción e reinserción sociais e a participación na formación de activos e desempregados segundo o previsto nas letras k) e p) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, de acordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran as razóns de necesidade e oportunidade, o seu impacto económico e o carácter non contractual da actividade en cuestión.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

#### **IV. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA**

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.5.2 das Bases de Execución do vixente Orzamento xeral do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (06 e 07 de novembro 2019), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen durante o ano 2019, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

#### **V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

O importe do convenio de 1.500,00 € imputaranse con cargo á partida 2410 480000 *Programa de axudas ao plan de emprego municipal*, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á Asociación de Empresarias de Galicia son gastos de información e publicidade.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD



**Concello de Vigo**

887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

#### **VI. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA**

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38<sup>a</sup>.5.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo có art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **27 de decembro de 2019**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por Internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electrónicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

## **VII. PUBLICIDADE**

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 15.3.c) da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención concedida, individualmente considerada, de contía inferior a 3.000 euros. En todo caso, publicarase na páxina web oficial do Concello de Vigo nos termos establecidos na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública Galega.

## **VIII. ÓRGANO COMPETENTE**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e Resolución da Alcaldía – Presidencia do 18 de xuño de 2019, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións de competencias nos/as concelleiros/as delegados/as de Área, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO





## Concello de Vigo

**PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR** o gasto por importe de 1.500,00 € (mil cincocentos euros), con cargo á partida orzamentaria nº 2410.480000, denominada *Programa de axudas ao plan de emprego municipal*, incluída no vixente orzamento municipal de 2019.

**SEGUNDO. - APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA" (CIF: G27826999), cuxo obxecto é proporcionar a máxima difusión e coñecemento do proxecto "Vigo pola inserción laboral", e coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 1.500,00 € (mil cincocentos euros).

**TERCEIRO.-** Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA PARA A DIFUSIÓN DO PROXECTO "VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL" NO IV CONGRESO "ACCIÓN E IMPLICACIÓN" EMPRESARIAS GALICIA**

*En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil dezanove*

#### **REUNIDOS**

*Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF: P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.*

*Doutra parte, D<sup>a</sup> Susana Pérez Iglesias, en calidade de Presidenta da "Asociación de EMPRESARIAS DE GALICIA" (CIF: G27826999), con domicilio social na Praza de Compostela, 23 – 2º dereita, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 16862/77.*

*E, D<sup>a</sup> María Concepción Campos Acuña, secretaria de Goberno Local, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.*

*Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,*

### **MANIFESTAN**

*I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.*

*O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas reducir a porcentaxe de persoas desempregadas, mediante un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, veciñal e social, entre as que figura, para acadar este obxectivo, a colaboración con asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial de tal xeito que se mellore a contratación de persoas en situación de desemprego, cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.*

*Que no marco das políticas activas de emprego, a Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá asume a tarefa de impulsar o desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador do emprego entre a cidadanía de Vigo; polo que con fundamento no artigo 3.3.b) da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, a competencia administrativa para tramitar o presente procedemento fundaméntase en que non se considerará como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores; como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores para fomento de emprego, actividade prioritaria dentro desta Administración municipal.*

*II.- A asociación Empresarias de Galicia é unha Asociación que actualmente ten representatividade en todo o territorio autonómico e unha sólida traxectoria na procura da igualdade da muller en todos os seus roles ao longo da súa andadura persoal e profesional. Entre os seus fins e actividades da entidade, encóntranse os seguintes:*

- Conseguiir a igualdade de oportunidades no acceso ao mundo laboral, eliminando calquera barreira discriminatoria.*
- Defender e fomentar a libre iniciativa privada da muller.*
- Facilitar o networking entre empresas e fomentar o espírito de colaboración entre as socias e colaboradoras coa finalidade de obter unha mellor actividade empresarial das mulleres.*
- Impulsar e axudar á muller emprendedora.*
- Impulsar a formación integral da muller desde o punto de vista empresarial e profesional.*
- Fomentar o asociacionismo empresarial.*

*III.- A situación das mulleres viguesas en canto ao emprego é moito máis precaria que a dos homes. A estas non só aféctalle unha taxa de desemprego máis elevada, senón que outras*



*variables fan efecto nelas, o que aumenta a súa predisposición á vulnerabilidade: peores condicións laborais, soldos máis baixos e menor recoñecemento laboral. Desta maneira, capacitar a mulleres mediante certificacións oficiais, non só implica aumentar as súas posibilidades de acceso ao emprego senón tamén recoñecemento laboral; e participar na formación transversal e complementaria achegaralles un acceso cualitativo mellor, grazas a adquirir competencias sobre os cambios lexislativos, organizativos e estruturais que se están producindo e que están a impregnar o tecido empresarial.*

*IV.- O proxecto “Vigo pola inserción laboral” previsto no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE) de axudas destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables cofinanciado co Fondo Social Europeo (Expte.15311-77) ten entre as súas metas, favorecer a igualdade de xénero e a non discriminación de colectivos desfavorecidos, mediante a implantación dunha serie de medidas específicas de índole afirmativa, inclusiva e de nivelación.*

*O proxecto busca dotar de protagonismo aos axentes sociais na organización, deseño e implementación do presente proxecto, tendo presenza activa as entidades máis representativas coma UXT, CC.OO, AJE Vigo, Asociación de EMPRESARIAS de GALICIA e CEP, que participaron na planificación do presente proxecto, comprometéndose ao seguinte:*

- a) Aconsellar e acreditar o proceso de selección dos beneficiarios.*
- b) Apoiar o proceso de execución das prácticas profesionais non laborais, seleccionando e sumando organizacións empresariais onde os beneficiarios poidan executar dita formación.*
- c) Servir de asesores naquelas accións nas que polas súas propias circunstancias e competencias así o aconsellen.*

*V.- O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar nesta colaboración cos axentes sociais participantes no proxecto e para proporcionarlle a máxima difusión ao mesmo, establece esta canle de cooperación necesaria coa Asociación de Empresarias de Galicia mediante o financiamento dos gastos de instalación, montaxe e equipamento dun stand informativo do proxecto “Vigo pola inserción laboral” dentro do seu IV Congreso “Acción e Implicación” durante os días 6 e 7 de novembro de 2019.*

*VI.- Que o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo do 2019 inclúe crédito na aplicación orzamentaria 2410 480000 “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, para a concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 67 do seu regulamento, no art. 19.4.c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2019, unha subvención directa por razóns do interese público, económico e social do desenvolvemento e cumprimento de obxectivos do proxecto “Vigo pola inserción laboral” para favorecer a igualdade de xénero e a non discriminación de colectivos desfavorecidos da cidadanía.*

*Entre os motivos que acreditan o carácter singular desta subvención, así como as razóns de interese público e social que dificultan a concorrencia e convocatoria pública, débese indicar o seguinte:*

- ✓ a necesidade da mellora de accións de carácter igualitario, inclusivo e nivelador, de cara a favorecer a igualdade de xénero e a non discriminación de colectivos desfavorecidos.
- ✓ a singularidade desta entidade beneficiaria no termo municipal de Vigo na procura da igualdade da muller.
- ✓ a precaria situación das mulleres viguesas en canto ao emprego, e por ende, a necesidade de capacitar as mulleres mediante certificacións oficiais para aumentar as súas posibilidades de acceso ao emprego e o recoñecemento laboral.
- ✓ a participación activa na planificación do proxecto "Vigo pola inserción laboral" da Asociación como un dos axentes sociais máis representativos e principais coñecedores da realidade laboral da cidadanía viguesa.
- ✓ o interese e compromiso de proporcionar a máxima difusión do proxecto, para propiciar a participación nos itinerarios de inserción que compoñen o proxecto, tanto desde o punto de vista dos destinatarios da formación, empresas receptoras do alumnado de prácticas profesionais e incluso das futuras empresas empregadoras.
- ✓ a especificidade da subvención proposta e a oportunidade de cumprir co obxectivo de achegar o proxecto aos asistentes ao Congreso "Acción e Implicación" Empresarias Galicia.

*En definitiva, a mellora da contratación de persoas en situación de desemprego, cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.*

*Neste convenio establécense as condicións e compromisos aplicables, os intervinientes, conclúen ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é proporcionar a máxima difusión e coñecemento ao proxecto "Vigo pola inserción laboral" no IV Congreso "Acción e Implicación" Empresarias Galicia mediante a instalación dun stand informativo durante os días 06 e 07 de novembro, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos achegado, é de 1.500,00 €.*

*VII.- Que a entidade "Asociación de EMPRESARIAS de GALICIA" non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte á Seguridade Social, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.*

*VIII.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, público, formativo, informativo, reivindicativo e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade Asociación de EMPRESARIAS de GALICIA, o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, nos ámbitos sociocomunitario, cultural, formativo e informativo, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes*

## **PACTOS**

**Primeiro.-** A entidade "Asociación de EMPRESARIAS de GALICIA" comprométese a colaborar coa concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:



## Concello de Vigo

1. *Levar a cabo as actividades de difusión do proxecto “Vigo pola inserción laboral” no IV Congreso “Acción e Implicación” Empresarias Galicia que fundamenta a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente, a través da presenza destacada dos logotipos oficiais, cuxos modelos estarán a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.*
2. *Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento da actividade.*
3. *Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.*
4. *Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto á correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio.*
5. *Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.*
6. *Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar tanta información e documentación se lle solicite ao efecto.*
7. *Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
8. *Dispor da cobertura dun seguro de responsabilidade civil xeral nas instalacións onde se leve a cabo o Congreso, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.*

**Segundo.**- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. *Conceder directamente á entidade “Asociación de EMPRESARIAS de GALICIA” unha subvención por importe de 1.500€ (mil cincocentos euros), con cargo a partida orzamentaria nº 2410.480000 denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, do vixente orzamento municipal, co obxecto de proporcionar a máxima difusión e coñecemento do proxecto “Vigo pola inserción laboral” no desenvolvemento do IV Congreso “Acción e Implicación” Empresarias Galicia os días 06 e 07 de novembro do 2019.*
2. *Respectar a estrutura organizativa da “Asociación de Empresarias de Galicia”.*
3. *Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.*

*Pola súa parte, o Concello está facultado para:*

1. *Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.*

2. *Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.*

3. *Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.*

4. *Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.*

**Terceiro.**- *En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

**Cuarto.**- *Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

**Quinto.**- *A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.*

**Sexto.**- *A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

**Sétimo.**- *A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción dos logotipos oficiais do Ministerio de la Presidencia y para las Administraciones Territoriales, Fondo Social Europeo, co seu correspondente lema, imaxe corporativa do proxecto "Vigo pola inserción laboral" e logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio.*



**Oitavo.-** O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Asociación de EMPRESARIAS de GALICIA” mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **27 de decembro de 2019**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego **do trámite en liña** para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por Internet). Require **identificación e sinatura electrónica**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica**.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) *Solicitud de abono da subvención asinada electrónicamente.*

b) *Memoria descritiva das actuacións realizadas, asinada electrónicamente, xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:*

1. *Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.*

2. *Datas e lugar de celebración.*
3. *Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
4. *Actuacións realizadas.*
5. *Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
6. *No seu caso, memoria de prensa e comunicación.*
7. *No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.*
8. *Acreditar, mediante a inserción en lugar destacado dos logotipos oficiais, a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.*

c) *Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.5 das Bases de Execución do Orzamento.*

*A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada xustificarse con copias dixitalizadas asinadas dixitalmente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.*

d) *Dos documentos xustificativos relacionados achegaranse facturas **electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas dixitalmente** que deben cubrir como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:*

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos*
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...*
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)*
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria*
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención*
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente*
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención*





## Concello de Vigo

- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarse fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado ou, no seu caso, recibo de pagamento.

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada electrónicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipos oficiais do Ministerio de la Presidencia y para las Administraciones Territoriales, Fondo Social Europeo, co seu correspondente lema, imaxe corporativa do proxecto "Vigo pola inserción laboral" e logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento as imaxes corporativas.

**Noveno.-** A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES57 0081 0503 7500 0117 8618 (Banco Sabadell).

**Décimo .-** Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Décimo primeiro-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no ano 2019, dacordo co orzamento de custos do proxecto subvencionado achegado pola entidade.

**Décimo segundo.-** A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá. A xefatura do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento local emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo cuarto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo quinto.-** En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo sexto.-** A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.



## Concello de Vigo

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

**Décimo sétimo.**- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Décimo oitavo.**- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

**Décimo noveno.**- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (31 de decembro de 2019).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2019.

**13(1120).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE “SERVICIOS DE ASESORAMIENTO A PEMES E EMPRENDEDORES DENTRO DA ESTRATEXIA DUSI “VIGO VERTICAL” (COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL”. EXPTE. 16737/77.**

Visto o informe xurídico do 18/12/19, e o informe de fiscalización do 19/12/19, dáse conta do informe-proposta de data 17/12/19, asinado pola técnica de Xestión, a xefa do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego (Resolución do 23/10/19), o concelleiro-delegado de Emprego e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

**I.- ANTECEDENTES.**

Primeiro.- Mediante resolución do 27 de setembro de 2019, o Concelleiro Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, resolveu iniciar o expediente de contratación POR PROCEDIMENTO ABERTO SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA PARA A PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE ASESORAMENTO A PEMES E EMPRENDEDORES DENTRO DA ESTRATEXIA DUSI “VIGO VERTICAL” (COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER)

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

- a) Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola técnica de administración xeral e polo Concelleiro Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá en data 27/09/2019
- b) Orde de inicio de 27 de setembro de 2019 do Concelleiro Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.
- c) Declaración do redactor do prego técnico de prescricións técnicas particulares asinado pola técnica de administración xeral en data 28/10/2019.



## Concello de Vigo

- d) Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 28 de outubro de 2019, asinado pola técnica de administración xeral e o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.
- e) Memoria xustificativa do contrato co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, de data 29 de outubro de 2019, asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.
- f) Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, do 13 de novembro de 2019, asinado pola asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.
- g) Informe do servizo de contratación, asinado pola técnica de administración xeral do servizo de Contratación, de data 13 de novembro de 2019.
- h) Prego de cláusulas administrativas particulares de data 13 de novembro de 2019, asinado pola técnica de administración xeral do servizo de Contratación
- i) Proposta de aprobación do expediente, de 13 de novembro de 2019, asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá
- j) Prego de cláusulas administrativas particulares de data 25 de novembro de 2019, asinado pola técnica de administración xeral.
- k) Proposta de aprobación do expediente, de 26 de novembro de 2019, asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá
- l) Informe relativo ao financiamento con cargo a Fondos Feder Edusi-Vigo Vertical, asinado polo xefe da Área de Investimentos, de data 3 de decembro de 2019.
- m) Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, do 9 de decembro de 2019, asinado pola asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.
- n) Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, do 16 de decembro de 2019, asinado pola asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.
- o) Dilixencia de corrección do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de data 17 de decembro de 2019, asinada pola técnica de administración xeral do servizo de Contratación
- p) Prego de cláusulas administrativas particulares de data 17 de decembro de 2019, asinado pola técnica de administración xeral do servizo de Contratación

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia está delegada por Decreto Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019, nos concelleiros de Area. O Concelleiro Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, en resolución de 27 de setembro de 2019, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado pola técnica de administración xeral do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola técnica de administración xeral do servizo de Contratación.

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada.

**Cuarto.-** No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

**Quinto.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adjudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral en virtude do disposto na Base 29.1 de Execución dos vixentes Orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (16737-77) por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada de “SERVIZOS DE ASESORAMENTO A PEMES E EMPREENDEDORES DENTRO DA ESTRATEXIA DUSI “VIGO VERTICAL” (COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER))”.

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, de 28 de outubro de 2019, e o prego de cláusulas administrativas particulares, de 17 de decembro de 2019, que rexerán a contratación de “SERVIZOS DE ASESORAMENTO A PEMES E EMPREENDEDORES DENTRO DA ESTRATEXIA DUSI “VIGO VERTICAL” (COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER))”.

3º.- Aprobar, por procedemento anticipado, o gasto por importe de **501.309,30 €**, para a contratación de servizos de ASESORAMENTO A PEMES E EMPREENDEDORES DENTRO DA ESTRATEXIA DUSI “VIGO VERTICAL (COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER)), con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2270610 “DUSI, OT9, LA16 ASESORAMENTO A PYMES E EMPREENDEDORES”, dos orzamentos do Concello de Vigo do 2020.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.



### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(1121).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DO PARQUE DE O CASTRO. EXPTE. 11550/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 16/12/19, e o informe de fiscalización do 18/12/19, dáse conta do informe-proposta de data 29/11/19, asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o concelleiro-delegado de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I.-A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 16 de decembro de 2016, acordou adxudicar á entidade mercantil Agronerga, SL (CIF B36448652) o contrato de servizo de mantemento, conservación e reposición do parque de O Castro (expte. 8492/446).

II.- Segundo a cláusula 4ª do contrato, o prazo do contrato será de 2 anos. A execución do contrato iniciouse en data 16 de xaneiro de 2017, polo que o prazo da prórroga remata en data 15 de xaneiro de 2019.

III.- Con data 23 de outubro de 2018, o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, a proposta do xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, resolveu iniciar a tramitación do expediente de prórroga do contrato maior de servizo de mantemento, conservación e reposición do parque de O Castro.

IV.- Con data 20 de decembro de 2018, a Xunta de Goberno Local autoriza a prórroga de UN ANO, para o período comprendido entre o 16 de xaneiro de 2019 e o 15 de xaneiro de 2020, do contrato para a prestación do servizo de mantemento, conservación e reposición do parque de O Castro, dependente da concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, do que é actualmente adxudicataria a entidade mercantil, Agronerga, SL (CIF B36448652) por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria de data 16 de decembro de 2016 (expte. 8492/446).

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

De conformidade co disposto no punto 2 da disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público (LCSP 2017), os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior (TRLCSPP).

O artigo 23 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, dispón no seu apartado 2º que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas, sempre que as características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordarase polo

órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato prevea expresamente o contrario, sen que poda producirse polo consentimento tácito das partes.

O artigo 303 da citada norma sinala, a súa vez, que os contratos de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións Públicas, se ben, poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización de aquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos e que as prórrogas non superen, illada ou conxuntamente, o prazo fixado orixinariamente.

Na cláusula 4 do contrato dispónse que o prazo do contrato será de dous anos, contado a partir do 16 de xaneiro de 2017, contemplándose dúas prórrogas de un ano cada unha, polo que o prazo remata o vindeiro 15 de xaneiro de 2019.

Así mesmo, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP en adiante) do contrato dispón, na cláusula 7 establece que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das Follas Características do Contrato (FEC), sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo e que o contratista non se opoña á mesma.

Finalmente, o apartado 4.C das FEC prevé dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Na actualidade, o servizo de mantemento, conservación e reposición do parque de O Castro desenvólvese conforme ao disposto no prego de prescricións técnicas particulares, en canto que os labores de mantemento, conservación e reposición están sendo aplicados en tempo e forma en cada unha das distintas tipoloxías reflexadas, que se resumen en:

- Regas
- Segas dos céspedes
- Recorte e podas con tesoiras
- Fertilizados
- Recebados e conservación de camiños e paseos
- Aireación
- Entrecavado
- Angazado
- Limpeza
- Tratamento fitosanitario
- Conservación de trazado, sebes e perfilado das praderías.
- Conservación de arborado
- Poda do arborizado en rúas, paseos e xardíns

Asemade, as características do contrato permanecerán inalterables durante o período de duración da prórroga.

Como xa se expuxo anteriormente, o prazo de execución do contrato remata o 16 de xaneiro de 2020, polo que, debido á necesidade de garantir a prestación do servizo faise necesario





## Concello de Vigo

tramitar a segunda prórroga do contrato maior de servizos de mantemento, conservación e reposición do parque de O Castro.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este mesmo tipo de actividade en anos anteriores e, polo tanto, encádrase na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, a cal no seu artigo 3 dispón que:

*“En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:*

*a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.”*

Ante o exposto, de conformidade co establecido nos artigos 23 e 303 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, nas cláusulas 4ª e 7ª do Prego de Cláusulas Administrativas e no apartado 4.C das FEC do contrato, e atendendo ás necesidades contractuais que se expoñen no presente informe do xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL), a aprobación do seguinte

### **ACORDO**

PRIMEIRO.- Autorizar a prórroga de UN ANO, para o período comprendido entre o 16 de xaneiro de 2020 e o 15 de xaneiro de 2021, do contrato para a prestación do servizo de mantemento, conservación e reposición do parque de O Castro, dependente da concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais do que é actualmente adxudicataria a entidade mercantil, Agronerga, SL (CIF B36448652) por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria de data 16 de decembro de 2016 (expte. 8492/446).

O importe da prórroga será de 105.728,76 euros, dos que 101.323,40 euros corresponden ao orzamento do ano 2020 e 4.405,36 euros ao orzamento do ano 2021, sen prexuízo das revisións de prezos que procedan, e se imputará á partida 1710.2279904 “MANTEMENTO DO PARQUE DO CASTRO”.

SEGUNDO.- Para dar efectividade á prórroga, mantense as garantías definitivas constituídas pola empresa, Agronerga, SL, na Tesourería do Concello, por importes de 8.727,91 euros e 10 euros, segundo mandamentos de ingreso números 201600119227 e 201600120215, respectivamente, de datas 28 e 30 de novembro de 2016, nos mesmos termos do contrato adxudicado en data 16 de decembro de 2016 (expte. 8492/446).

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos no art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderá interpoñer recurso de reposición ante o órgano que o adopta no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e

8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Porén, interposto o recurso de reposición, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(1122).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN ESTIMATORIA DO RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE SERVIZOS DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DAS ZONAS VERDES DA CIDADE. EXPTE. 7614/446.**

Visto o informe xurídico de data 19/12/19 e o informe de fiscalización do 20/12/19, dáse conta do informe-proposta de data 16/12/19, asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o concelleiro-delegado de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

I.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 30 de agosto de 2019, adoptou o seguinte acordo (expte. 7614/446):

**“Primeiro.- Aprobar a 1ª Revisión do prezos do contrato de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo, fixando o mesmo a partires do 01/09/2016 ata 31/08/2017 en 9.234,24 €/ano IVE incluído.**

**Segundo.- Aprobar 2ª Revisión de prezos do contrato de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo, fixando o mesmo a partires do 01/09/2017 ata 31/08/2018 en 95.567,21 €/ano IVE incluído.**

**Terceiro.- Aprobar a 3ª Revisión de prezos do contrato de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo, fixando o mesmo a partires do 01/09/2018 ata 31/05/2019, en 123.611,87€/ano IVE incluído.**

**Cuarto.- Aprobar en concepto de atrasos correspondentes a 1ª, 2ª e 3ª revisión de prezos, para o período 01/09/2016 ata 31/01/2019, o importe de 228.413,32€, o cal se imputará á partida 1710.2279901 “Mantemento de Xardíns”, segundo cadro que se achega.**

	<b>Período 2016-2017</b>	<b>Período 2017-2018</b>	<b>Período 2018-2019</b>	<b>Total</b>
<b>1ª Revisión</b>	<b>9.234,24€</b>			



**Concello de Vigo**

<b>2ª Revisión</b>		(93.864,46+1.702,75 ) <b>= 95.567,21€</b>		
<b>3ª Revisión</b>			<b>123.611,87€</b>	
<b>Total Atrasos</b>				<b>228.413,32€</b>

**Quinto.-** Aprobar o importe da facturación mensual a partir da aprobación do presente acordo en **397.386,69€/mes** o cal se imputará a partida 1710.2279901 "Mantemento de Xardíns".

II.- Mediante notificación de data 3 de setembro de 2019, deuse traslado ao interesado da devandita resolución (recibida vía web en data 4 de setembro de 2019, segundo consta no expediente).

III.- En data 13 de setembro de 2019, ten entrada na Sede Electrónica do Concello de Vigo (cod. Solicitud W373631-8517 – doc. 190141136) recurso de reposición interposto por don Javier Delgado López, en nome e representación da entidade mercantil Althenia, SL, contra o citado acordo.

IV.- En data 3 de decembro de 2019, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns emite informe con respecto ás alegacións presentadas:

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

Tal e como se sinala no acordo da Xunta de Goberno Local, de data 30 de agosto de 2019, contra o devandito acordo podéase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes a contar dende a recepción da mesma.

O artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, dispón que os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recurridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os tivese ditado.

Os artigos 123 e 124 da citada Lei 39/2015, regulan o recurso potestativo de reposición, establecendo o artigo 124 que o prazo de interposición do recurso de reposición será de un mes, se o acto fose expreso.

O recurso foi interposto en prazo e procede, polo tanto, entrar a valorar as cuestións relativas ao fondo do mesmo.

O interesado motiva o seu recurso en dous motivos:

**"PRIMEIRO.- PROCEDE LA INCLUSIÓN DEL IVA EN LA DETERMINACIÓN DE LAS REVISIONES DE PRECIO.**

Según los cálculos realizados por esta administración y que consta en la resolución que se impugna, se puede constatar que no ha sido incluido el IVA en el importe de los atrasos de las distintas revisiones, debiendo incluirse la cuota correspondiente al mismo, en cada tramo de revisión aprobado, al devengarse dicho concepto impositivo, siendo por tanto las cantidades procedentes a reconocer por los distintos periodos, las siguientes:

1º Revisión correspondiente al período del 01/09/2016 al 31/08/2017:

$9.234,24\text{€} + 21\% \text{ de IVA} = 11.173,43\text{€}$

2º Revisión correspondiente al período del 01/09/2017 al 31/08/2018:

$95.567,21\text{€} + 21\% \text{ de IVA} = 115.636,32\text{€}$

3º Revisión correspondiente al período del 01/09/2018-31/05/2019:

$123.611,87\text{€} + 21\% \text{ de IVA} = 149.570,36\text{€}$

Por lo que, el importe de las tres revisiones hasta el mes de mayo de 2019 ascendería a un total de 276.380,11 € (DOSCIENTOS SETENTA Y SEIS MIL TRESCIENTOS OCHENTA EUROS CON ONCE CÉNTIMOS), IVA incluido.

SEGUNDO.- FALTA EN LA REVISIÓN LA INCLUSIÓN DE ATRASOS DE LOS MESES DE JUNIO Y JULIO DE 2019.-

Además de la inclusión del impuesto sobre el valor añadido expuesto en el motivo anterior, teniendo en cuenta la fecha del acuerdo de probación de las revisiones, el 30 de agosto de 2019, procede la inclusión de los atrasos de los meses de junio y julio de 2019, debiéndose incluir la cantidad de 39.068,71€ (IVA incluido) a la cantidad anterior (...)"

O xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 3 de decembro de 2019, emite informe co seguinte teor literal:

"No citado recurso, o interesado manifiesta que procede a inclusión do IVE na determinación das revisións de prezos, polo que o total das tres revisións ata o mes de maio de 2019 ascendería a un total de 276.380,11€, e a inclusión de atrasos dos meses de xuño e xullo de 2019, por un importe de 39.068,71€.

Unha vez examinados os importes económicos aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 30 de agosto de 2019, así como ás datas ás que corresponde á aplicación da revisión de prezos, o técnico que subscribe informa que nos citados importes non se tivo en conta a cota do IVE a aplicar, o cal deberá ser subsanado.

Con respecto á non inclusión dos meses de xuño e xullo de 2019, non procede facer a rectificación que solicita á interesada xa que cando se indica no acordo que o importe das restantes mensualidades para o ano 2019 é de 397.386,69€, xa se están tendo en conta eses dous meses.

Ante o exposto, procede emitir o seguinte informe:

Cálculo da revisión da prestación

Período 2015-2016



## Concello de Vigo

<b>Meses</b>	<b>Importe</b>	
Setembro 2015	353.962,45	
Outubro 2015	320.623,82	
Novembro 2015	374.668,88	
Decembro 2015	374.668,88	
Xaneiro 2016	374.668,88	
Febreiro 2016	371.555,75	
Marzo 2016	371.555,75	
Abril 2016	371.555,75	
Maiο 2016	371.555,75	
Xuño 2016	371.555,75	
Xullo 2016	371.555,75	
Agosto 2016	371.555,75	
<b>TOTAL</b>	<b>4.399.483,16</b>	

### **1ª REVISIÓN**

#### Período 2016-2017

*En setembro de 2016 cúmprese un ano do inicio da prestación do servizo polo que procede a revisión de prezos, aínda que desde o 15 de decembro de 2016 suspéndese a prestación por parte da empresa Althenia, S.L , realizando o mantemento a empresa Valoriza Servicios Medioambientales, S.A.*

*Segundo resolución do 19 de xaneiro de 2016, da Dirección General de Empleo, pola que se rexistra e publica o Convenio colectivo estatal de xardinería do período 2015-2016 o incremento salarial para o ano 2016 supón o 1%.*

<b>Meses</b>	<b>Importe Facturación (sen IVE)</b>	<b>Importe revisable (85,92%)</b>	<b>Incremento (1%)</b>	<b>Importe revisado</b>
Setembro 2016	307.070,87	263.835,29	2.638,35	309.709,22
Outubro 2016	307.070,87	263.835,29	2.638,35	309.709,22
Novembro 2016	307.070,87	263.835,29	2.638,35	309.709,22

1 al 15 de Decembro de 2016	153.535,43	131.917,64	1.319,18	154.854,61
16 al 31 de Decembro de 2016	Sen prestación	0	0	0
Xaneiro 2017	Sen prestación	0	0	0
Febrero 2017	Sen prestación	0	0	0
Marzo 2017	Sen prestación	0	0	0
Abril 2017	Sen prestación	0	0	0
Maio 2017	Sen prestación	0	0	0
Xuño 2017	Sen prestación	0	0	0
Xullo 2017	Sen prestación	0	0	0
Agosto 2017	Sen prestación	0	0	0
<b>TOTAL</b>	<b>1.074.748,03</b>	<b>923.423,51</b>	<b>9.234,23</b>	<b>1.083.982,27</b>

<b>1ª Revisión</b>	<b>Importe revisado – Importe de facturación</b>	<b>Importe</b>
Setembro 2016-Agosto 2017	1.083.982,27 – 1.074.748,03	9.234,24 €

## **2ª REVISIÓN**

### Período 2017-2018

Segundo resolución do 25 de xaneiro do 2018, da Dirección General de Empleo, pola que se rexistra e publica o convenio colectivo estatal de xardinería do período 2016-2020 o incremento salarial para o ano 2018 supón o 3%.

<b>Meses</b>	<b>Importe Facturación sen IVE</b>	<b>Importe facturación revisado 2016</b>	<b>Importe revisado</b>
Setembro 2017	Sen prestación	0	0
Outubro 2017	307.070,87	2.638,35	309.709,22
Novembro 2017	312.036,97	2.681,02	314.717,99
Decembro 2017	312.036,97	2.681,02	314.717,99
<b>Total</b>	<b>931.144,80</b>	<b>1.136.365,69</b>	<b>939.145,20</b>

<b>Meses</b>	<b>Importe Facturación sen IVE</b>	<b>Importe facturación revisado 2016</b>	<b>Importe revisable (85,92%)</b>	<b>Incremento (3%)</b>	<b>Importe revisado</b>
Xaneiro 2018	312.036,97	314.717,99	270.405,70	8.112,17	322.830,16
Febreiro 2018	312.036,97	314.717,99	270.405,70	8.112,17	322.830,16
Marzo 2018	312.036,97	314.717,99	270.405,70	8.112,17	322.830,16
Abril 2018	312.036,97	314.717,99	270.405,70	8.112,17	322.830,16



## Concello de Vigo

Maio 2018	312.036,97	314.717,99	270.405,70	8.112,17	322.830,16
Xuño 2018	309.638,66	312.299,08	268.327,37	8.049,82	320.348,90
Xullo 2018	305.564,52	308.189,93	264.796,79	7.943,90	316.133,83
Agosto 2018	306.988,06	309.625,70	266.030,40	7.980,91	317.606,61
<b>TOTAL</b>	<b>2.482.376,07</b>	<b>2.503.704,65</b>	<b>2.151.183,06</b>	<b>64.535,49</b>	<b>2.568.240,14</b>

<b>2ª Revisión</b>	<i>Importe revisado – Importe de facturación</i>	<i>Importe</i>
Setembro 2017- Decembro 2017	939.145,20 -931.144,80	8.000,4 €
Xaneiro 2018 - Agosto 2018	2.568.240,14 - 2.482.376,07	85.864,07
Pago único no consolidable		1.702,75
		95.567,21

### **3ª REVISIÓN**

Período 2018-2019

<b>Meses</b>	<b>Importe Facturación sen IVE</b>	<b>Importe facturación revisado</b>	<b>Importe revisable (85,92%)</b>	<b>Incremento (3%) 2018</b>	<b>Importe revisado</b>
Setembro 2018	308.396,85	311.046,60	267.251,24	8.017,54	319.064,13
Outubro 2018	310.517,40	313.185,36	269.088,86	8.072,67	321.258,03
Novembro 2018	310.377,37	313.044,13	268.967,52	8.069,03	321.113,16
Decembro 2018	309.514,20	312.173,54	268.219,51	8.046,59	320.220,13
<b>TOTAL</b>	<b>1.238.805,82</b>	<b>1.249.449,64</b>	<b>1.073.527,13</b>	<b>32.205,81</b>	<b>1.281.655,45</b>

<b>Meses</b>	<b>Importe Facturación sen IVE</b>	<b>Importe facturación revisado</b>	<b>Importe revisable (85,92%)</b>	<b>Incremento (2%) 2019</b>	<b>Importe revisado</b>
Xaneiro 2019	308.282,49	318.945,81	274.038,24	5.480,76	324.426,58
Febreiro 2019	308.282,49	318.945,81	274.038,24	5.480,76	324.426,58
Marzo 2019	308.282,49	318.945,81	274.038,24	5.480,76	324.426,58
Abril 2019	308.694,92	319.372,51	274.404,86	5.488,10	324.860,61
Maio 2019	308.667,90	319.344,56	274.380,84	5.487,62	324.832,18
<b>TOTAL</b>	<b>1.542.210,28</b>	<b>1595554,51</b>	<b>1.370.900,42</b>	<b>27.418,01</b>	<b>1.622.972,52</b>

<b>3ª Revisión</b>	<i>Importe revisado – Importe de facturación</i>	<b>Importe</b>
--------------------	--	----------------

Setembro 2018- Decembro 2018	1.281.655,45 - 1.238.805,82	42.849,63€
Xaneiro 2019 - Maio 2019	1.622.972,52 – 1.542.210,28	80.762,24€
		123.611,87€

*Cadro resumo de atrasos:*

	Período 2016-2017			Período 2017-2018			Período 2018-2019			Total		
	Importe €	IVE €	Importe total €	Importe €	IVE €	Importe total €	Importe €	IVE €	Importe total €	Importe €	IVE €	Importe total €
1ª Revisión	9.234,24	1.939,19	11.173,43									
2ª Revisión				95.567,21	20.069,11	115.636,32						
3ª Revisión							123.611,87	25.958,49	149.570,36			
Total Atrasos										228.413,32	47.966,80	276.380,11

*O importe das restantes mensualidades para o ano 2019 (incluíndo xuño e xullo) é de 397.386,69€/mes o que supón un incremento do 5,25% do importe de mantemento para o ano 2019 e un importe total de 4.768.640,28€.”*

De conformidade co art. 124 da Lei 39/2015, contra a resolución dun recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo o dito recurso. Unicamente caberá a interposición do recurso extraordinario de revisión nos casos establecidos no art. 125 da Lei 39/2015, ou directamente o recurso contencioso-administrativo ante a xurisdicción contencioso administrativa de Vigo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da notificación da presente resolución (art. 46 da Lei 29/1998 de 13 de xuño, da xurisdicción contencioso-administrativa).

Ante o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Secretaria de Administración Municipal e informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

**ACORDO**

**PRIMEIRO.-** ESTIMAR, de conformidade cos fundamentos de feito e de dereito anteriormente expostos, o recurso de reposición interposto por don Javier Delgado López, en nome e representación da entidade mercantil Althenia, SL, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de agosto de 2019, no sentido de corrixir os importes aos que non se lles imputara a correspondente cota do IVE.

**SEGUNDO.-** ESTIMAR o recurso de reposición en relación coa revisión de prezos nos meses de xuño e xullo, de forma que o pago do importe producírase con efectos retroactivos dende o 1 de xuño de 2019.





## Concello de Vigo

**TERCEIRO.-** APROBAR a 1ª Revisión do prezos do contrato de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo, fixando o mesmo a partires do 01/09/2016 ata 31/08/2017 en **11.173,43€/ano IVE incluído**.

**CUARTO.-** APROBAR 2ª Revisión de prezos do contrato de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo, fixando o mesmo a partires do 01/09/2017 ata 31/08/2018 en **115.636,32€/ano IVE incluído**.

**QUINTO.-** APROBAR a 3ª Revisión de prezos do contrato de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo, fixando o mesmo a partires do 01/09/2018 ata 31/05/2019, en **149.570,36€/ano IVE incluído**.

**SEXTO.-** APROBAR en concepto de atrasos correspondentes a 1ª, 2ª e 3ª revisión de prezos, para o período 01/09/2016 ata 31/01/2019, o importe de **276.380,11€**, o cal se imputará á partida 1710.2279901 "Mantemento de Xardíns", segundo cadro que se achega.

**SÉTIMO.-** MANTER o importe da facturación mensual en 397.386,69€/mes, o cal se imputará á partida 1710.2279901 "Mantemento de Xardíns", tal e como se acordou pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de data 30 de agosto de 2019, con efectos dende o mes de xuño de 2019.

**OITAVO.-** Notificar o presente acordo á entidade mercantil interesada, significándolle que contra a mesma caberá a interposición de recurso ante Xurisdición Contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación da resolución (arts. 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

Todo elo sin perxuízo de que se poida exercitar calquer outro recurso que estime pertinente.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **16(1123).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE PATRIMONIO HISTÓRICO DURANTE O CUARTO TRIMESTRE DE 2019. EXPTE. 9686/307.**

Dáse conta do informe-proposta de data 18/12/19, asinado pola xefa de Patrimonio Histórico e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

En cumprimento da lexislación de aplicación sobre contratos menores (Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público), este servizo de Patrimonio Histórico propón **dar conta á Xunta de Goberno Local dos tramitados durante o cuarto trimestre de 2019:**

Expte (307)	concepto	adxudicatario	importe (euros)
----------------	----------	---------------	--------------------

9645	Limpeza de pintadas no muro e escaleiras da "Solaina de Concepción Arenal" dos xardín históricos do pazo Quiñones de León	Clinarte B36346872	326,70
9631	Reparación parcial do muro de peche e porta de acceso ao pazo municipal de A Raposeira	Mars, mantemento, recuperación y servicios, SCG F36810257	5892,70
9664	Limpeza de pintadas no muro do equipamento municipal coñecido como Finca Solita, en Alcabre	Clinarte B36346872	1064,80
9678	Embalaxe, recollida e traslado de fondos de patrimonio histórico a espazo habilitado para almacenaxe	SCM Multiservicios Controler S.L. B94097755	1406,32
9659	Redacción dun proxecto de escavación no xacemento arqueolóxico villa romana de Toralla	Elisa Pereira García 36102231M	1246,3
9448	Reparación de danos na maqueta do pazo Quiñones de León situada no xardín inglés do pazo	Mars, manteniemento, recuperación y servicios F36810257	1512,50
9575	Redacción dun proxecto de recuperación, restauración e posta en valor das placas históricas das rúas de Vigo	Van Divulgación cultural S.L. B36917201	18.101,60
9629	Subministración de material -palla de centeo- para reparación dos danos e desperfectos nas cubertas das vivendas castrexas do xacemento arqueolóxico de O Castro de Vigo	Manuel Monteserín Santín 10065520F	4793,25
9643	Subministración do material necesario para a reparación de danos e desperfectos no paseo do litoral á beira do xacemento arqueolóxico da villa romana de Toralla	Garciventa B36797470	1501,48
9665	Subministración do material necesario para a reparación do paseo peonil do xardín histórico do pazo municipal Quiñones de León-Castrelos	Viveiros Adoa S.L. B36300564	10.104,35
9610	Desenvolvemento das actuacións preparatorias para o VI Programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública	Ignacio Hortas López 77000681Q	7.260
9653	Actuación musical no acto de clausura da V edición do Programa municipal de medianeiras	Regalamusica S.L. B27836923	1.089
9652	Presentación do acto de peche do v programa de medianeiras	María Díaz Fernández 35564064S	439,23

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.



**17(1124).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLA POLICÍA LOCAL DURANTE O CUARTO TRIMESTRE DO ANO 2019 (OUTUBRO, NOVIEMBRE E DECEMBRO). EXPTE. 67799/212.**

Dáse conta do informe-proposta de data 20/12/19, asinado polo intendente-xefe da Policía Local e a concelleira-delegada de Seguridade, que di o seguinte:

En cumprimento do disposto no artigo 64.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e na base 31ª das do orzamento vixente, achégase a información relativa aos contratos menores celebrados pola Policía Local correspondente ao cuarto trimestre do ano 2019 (outubro, novembro e decembro), para a súa consideración pola Xunta de Goberno Local, según anexo.

Expte.	Partida	CM	Obxecto	Adxudicatario	Decreto	Rc	Fin contrato	Importe €
66629/212	1320.2190000	SUB	Fonte alimentación rádar	Comercial Integral Especialista Suministros, SL	11/10/19	10/10/19	31/12/19	1.132,44
66632/212	1320.2219900	SUB	Auriculares CIMA	Comercial Integral Especialista Suministros, SL	11/10/19	10/10/19	31/12/19	635,10
66670/212	1320.2190000	SER	Reparación Mando Rádar	Tradesegur SA	16/10/19	14/10/19	31/12/19	653,40
66948/212	1320.6240000	SUB	Bicicletas sección Costa e Praia	Redonbike, SL	06/11/19	06/11/19	31/12/19	10.948,08
67007/212	1320.2190000	SER	Reparación disco duro Rádar 2596	Tradesegur SA	31/10/19	31/10/19	31/12/19	950,33
67171/212	1320.2219904	SUB	Chalecos antibala	Guardian Homeland Security, SA	19/11/19	18/11/19	31/12/19	18.148,19
67294/212	1320.2279910	SER	Curso investigación accidentes tráfico	Consultores y Reconstructores de Accidentes, SL	19/11/19	18/11/19	31/12/19	750,00
67294/212	1320.2219900	SUB	Papel etilómetro	Saborit International, SL	13/11/19	13/11/19	31/12/19	96,80
67414/212	1320.2190000	SER	Reparación disco duro Rádar 504	Tradesegur, SA	26/11/19	22/11/19	31/12/19	1.503,17
67599/212	1320.6290004	SUB	Emisor térmico	Comercial Integral Especialista Suministros, SL	12/12/19	12/12/19	31/12/19	199,00
67698/212	1320.6290005	SUB	Equipamento ximnasio	Mundo Fitness, SL	12/12/19	12/12/19	31/12/19	5.198,87
67711/212	1330.2260100	SER	Catering festas Nadal	Don Pepe Catering, SL	13/12/19	13/12/19	31/12/19	3.410,00
67754/212	1320.2219900	SUB	Kit control	Peycar	16/12/19	16/12/19	31/12/19	203,44

			sangrado	Pontevedra, SL				
--	--	--	----------	-------------------	--	--	--	--

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **18(1125).- MODIFICACIÓNS PUNTUAIS RPT. FONDO DE ADECUACIÓN 2019. EXPTE. 33981/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 12/12/19, e a ampliación do informe-proposta de data 12/12/19, dáse conta do informe-proposta de data 18/11/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I.- En expediente 34118-220 constan diversas solicitudes de reordenación ou redenominación de diversos postos:

- Doc nº190038226, solicítase a reordenación de postos nos servizos de medio ambiente e xardíns.
- Doc nº 190061967, solicítase a redenominación da unidade organizativa 257 denomínase "Limpeza: Recollida de residuos sólidos urbanos" polo de "Limpeza: Xestión de Residuos.
- Doc nº 190068688, a redenominación "dos postos de oficial de mantemento e de instalación do servizo de deportes da actual RPT pola seguinte denominación: Oficial instalacións deportivas e oficial de mantemento de instalacións deportivas".
- Expte 2567-500:

En relación co Posto da Inspección de Tributos con denominación "Técnico/a de Administración Xeral" (Código 502.01.46), solicítase o cambio de denominación do posto, pasando a ser "Inspectora de Tributos/Técnic/a de Administración Xeral".

O posto da Dirección de Ingresos coa denominación "TMSE Padróns Fiscais IAE", se solicita a súa modificación en "Técnico de Xestión Tributaria e Inspección".

- Expte 20984-541, reconfiguración e redenominación do posto Codg 10 "Xefe do servizo de Admón de Tributos" polo de "Responsable da Contabilidade Analítica e dos custos dos servizos e actividades e a súa readscripción do servizo 150 ao servizo 143.

En data de sinatura electrónica a técnica de avaliación e formación emite informe de avaliación técnica da seguinte proposta:



## Concello de Vigo

*“1. Readscripción dun posto Codg 234 Oficial xardineiro/a do servizo 215 Medio Ambiente ao que se atopa adscrito o empregado municipal NP 82151 ao Servizo 446 Montes, Parques e Xardíns.*

*2. Readscripción dun posto Codg 236 “Oficial albanel” do Servizo 446 Montes, Parques e Xardíns ao servizo 215 Medio Ambiente.*

*3. Reconfiguración do posto anterior Codg 236 “Oficial albanel” readscrito ao servizo 215 Medio ambiente, nun posto Codg 338 “Oficial Mantemento Instalacións Municipais”.*

*4. Redenominación da unidade organizativa 257 “Limpeza: Recollida de residuos sólidos urbanos” en “Limpeza: Xestión de Residuos”*

*5. Redenominación dun posto Codg. 46 “Técnico/a de Administración Xeral” adscrito a unidade 502 “Inspección de Tributos” en “Inspector/a de Tributos/Técnico/a de Administración Xeral”*

*6. Redenominación do posto Codg 340 “TMSE Padróns Fiscais IAE”, adscrito a unidade 500 Dirección de Ingresos en “Técnico de Xestión Tributaria e Inspección”.*

*7. Redenominación do posto Posto 344 Programador /a xestor/a TICs Tributario adscrito a Dirección de Ingresos (Unidade 500) en “Xestor Tributario TICs-Programador”.*

*8. Redenominación do Posto Codg 6 “Director/a de Ingresos” adscrito a unidade 500 Dirección de Ingresos “Director/a de Ingresos e Xestión Catastral Delegada.”.*

*9. Reconfiguración do posto Codg 10 “Xefe/a do servizo de Administración de Tributos”, adscrito a unidade administrativa Codg 150 en “Responsable da Contabilidade Analítica e dos custes dos servizos e actividades”*

*10. Readscripción do posto anterior Responsable da Contabilidade Analítica e dos custes dos servizos e actividades” a unidade 143 Contabilidade*

*Ditas readscripcións, reconfiguracións e redenominacións atópanse xa recollidas no proxecto de orzamentos xerais do Concello de Vigo 2020, aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente do 24/10/2019 (Expte 62-142).*

*Así mesmo, recollese no proxecto de orzamentos xerais do Concello de Vigo 2020 a reconfiguración de dous postos Codg 616 Oficial mantemento IMD en posto Codg 615 Oficial Instalacións Deportes.”*

**III.-** En expediente 34020-220 constan as solicitudes seguintes:

- Expte 15993/77 (180187398) – Solicitud de modificación do complemento específico do posto de TAX do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.
- Expte-8735/113 (190010530) – Solicitud modificación complemento retributivo exercicio 2019 Servizo Administración Electrónica.

- Doc 190027097 - Reconfiguración do posto Cód. 105, vacante e adscrito a unidade administrativa de Patrimonio, nun posto de xefatura de negociado/oficina.

De conformidade co informe técnico emitido no expediente, unicamente entendese axeitada a segunda solicitude.

**IV.-** En expediente 32978-220, constan as seguintes solicitudes:

- Doc nº 180173103, se solicita, en base as funcións que esta a desempeñar a xefatura de negociado do servizo de Estatística e as responsabilidades que esta a asumir, sexa reconfigurado nun posto de xefatura de Oficina

Así mesmo, propónse a red denominación dos postos actuais Codg 91 Xefe/a oficina Rexistro Xeral e Codg 208 Xefe/a oficina Asesoría Xurídica Municipal, configurados como Grupo de titulación C1, CD 22 e Ce 305, en Xefe de Unidade administrativa, ao obxecto de diferenciarlos do novo posto proposto.

- Doc nº 180075015 e 170135970 , se solicita a reconfiguración do posto de “capataz de desinfección”, cód. 118, incluíndo as actuais funcións de capataz de desinfección máis aquelas outras que ven realizando no servizo de VigoZoo e Medio Ambiente.
- Doc nº 170163591.- Solicitude de creación de xefatura no servizo de Normalización Lingüística.
- Doc nº 170036094 e 170161153 .- reconfiguración posto Técnico medio Laboratorio, adscrito ao servizo Vigozoo
- Expte nº 08049-612, se propon a necesidade de incoar expediente de dispoñibilidade para o posto de Veterinario deste Servizo de VigoZoo, debido ás circunstancias excepcionais que concorren no seu posto.
- Expte nº 15329-77, se solicita a modificación na RPT dun posto de administrativo no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego (108), por un posto de Xefe/a de Negociado na mesma.

Consta informe técnico, no cal se realiza a avaliación técnica da proposta.

**V.-** En expediente 33981-220, consta escrito (expte 17/701) asinado polo Presidente do Comité de Persoal que contén proposta de revisión retributiva dos seguintes postos de traballo: postos de atención ao público na lonxa, mestres de oficios e mestres de formación da EMAO, delineante, oficial coidador, vixilancia, mantemento e control zoo, oficial condutor zoo, administrativo zoo, capataz zoo, inspector/a municipal, axente tributario, inspectores auxiliares, oficial condutor/a palista espc manquinaria, encargado oficina técnica de educación, operador/a informática, coordinador escola de consumo, oficial canteiro, xefe de equipo educación, técnico/a prevención de riscos laborais, adxunto coordinador deportivo, e oficial protección civil.

En data 12/11/2019 emítese informe técnico pola Técnica de Avaliación e Formación, obrante no expediente electrónico, no cal se realiza a avaliación técnica da proposta.



**Concello de Vigo**

**VI.-** As propostas foron sometidas a Mesa Xeral de Negociación (sesións 30/04/2019, 06/09/2019 e 24-09/2019).

Consta documento de data 25/09/2019 asinado polas seccións sindicais de UXT, SICO, CIG e CCOO no que se adhiren a proposta do fondo de adecuación presentada na reunión da Mesa de negociación de data 24/09/2019 . En data 30/09/2019 o sindicato CSIF remite escrito indicando o seu voto de abstención ao asunto de referencia Dita documentación figura no expte electrónico 33981-220 (Tramites 92 e 106)

**VII.-** O importe total da proposta de revisión retributiva ascende a 180.153,54 euros, ao que haberá de engadirse o incremento dos custes de seguridade social, e segundo o informe técnico emitido, resulta susceptible de imputarse á aplicación orzamentaria 92001210300-"Creación dun fondo de adecuación" dos vixentes Orzamentos Municipais.

## **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

### ***I.- Cuestión previa.-***

Con carácter previo resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítese ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica a *sensu contrario*.

*Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.*

### ***II.- As relacións de postos de traballo.-***

O art. 6.1 da Carta Europea de Autonomía Local sinala a necesidade da adecuación das estruturas e dos medios administrativos ós cometidos das entidades locais ó dicir que "*sen prexuízo das disposicións xerais creadas pola Lei, as entidades locais deben poder definir por sí mesmas as estruturas administrativas internas coas que pretenda dotarse, co obxecto de adaptalas ás súas necesidades específicas e ao fin de permitir unha xestión eficaz*".

De conformidade co art. 90.2 da Lei 7/1985, d3 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), "*as Corporacións Locais formarán a relación de todos os posto de traballo existentes na súa organización, nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública*".

Segundo o art. 74 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), “as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, cando menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos e escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Ditosa instrumentos serán públicos”.

Pola súa parte, o art. 202.1 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (LEPG), dispón que “as entidades locais deberán elaborar unha relación de postos de traballo que conteña todos os postos de traballo existentes nas mesmas”.

### **III.- Procedemento.-**

Dispón o art. 202.2 da LEPG que “previo cumprimento dos trámites preceptivos que correspondan, será aprobada inicialmente polo órgano da entidade local que resulte competente segundo o establecido pola lexislación de réxime local e sometida a información pública por un prazo non inferior a vinte días. Transcorrido dito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se achegaron reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións achegadas”.

### **IV.- Preceptividade da negociación colectiva.-**

De conformidade co art. 37 do TREBEP, o documento da RPT e as súas modificacións deben ser obxecto de negociación. Así o art. 37.1.c) inclúe entre as materias obxecto de negociación “as normas que fixen os criterios xerais en materia de acceso, carreira, provisión, sistemas de clasificación de postos de traballo e plans e instrumentos de planificación de recursos humanos”. Pola súa parte, o apartado 2.c) deste precepto incide na necesidade de sometemento a negociación colectiva das decisións das Administracións Públicas que afecten ás potestades de organización cando as consecuencias delas teñan repercusión sobre condicións de traballo dos funcionarios públicos.

### **V.- Motivación técnica e legal da modificación proposta.-**

A presente proposta vén sustentada por dous esenciais aspectos:

- motivación técnica: a estes efectos, efectúase unha remisión expresa aos informes técnicos emitido pola Técnica de Avaliación e Formación de data de sinatura electrónica que obran nos expedientes unidos (34118-220, 34020-220, 32978-220, 33981-220), ao longo do cal se realiza pronunciamento e argumentación técnica sobre a viabilidade técnica e procedencia da proposta.
- motivación legal: o artigo 74 do RD Lexislativo 5/2015, do 1 de outubro, do TREBEP, establece que “las Administraciones Públicas estructurarán su organización a través





## Concello de Vigo

de relaciones de puestos de trabajo u outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, al menos, la denominación de los puestos, los grupos de clasificación profesional, los cuerpos o escalas, en su caso, a que estén adscritos, los sistemas de provisión y las retribuciones complementarias. Dichos instrumentos serán públicos.“

De conformidade coa Disposición derogatoria única, apartado b) do citado Estatuto Básico do Empregado Público, permanece vixente o artigo 15 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, que define á Relación de Postos de Traballo (en adiante, RPT) como o instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación do persoal dacordo coas necesidades dos servizos e se precisan os requisitos para o desempeño de cada posto. O devandito instrumento é consecuencia directa da potestade de autoorganización das entidades locais consignada no artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de agosto, Reguladora das Bases do Réxime Local, trasposta ao ámbito dos recursos humanos dos que dispoñen as Administracións Locais para o desenvolvemento das súas funcións, e concretado na posibilidade de configuración dunha organización de postos de traballo adaptada ás súas características e acorde coa finalidade esencial da adecuada prestación dos servizos públicos.

Así mesmo, tras a modificación operada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, nos municipios suxeitos ao réxime de grande poboación a competencia para a aprobación das RPTs ou instrumento equivalente reside na Xunta de Goberno Local -xuntamente coas retribucións do persoal municipal- sempre de conformidade co presuposto aprobado polo Pleno e obviamente respectando a competencia que para a aprobación do cadro de persoal ou plantilla recolle o artigo 123.1.h) da referida Lei 7/1985, vinculada á aprobación dos orzamentos municipais para cada exercicio económico.

A competencia residual en materia de persoal residenciada na Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) in fine -sempre sen vulneración das referidas competencias plenarias, así como da competencia en materia da superior dirección do persoal municipal que a Alcaldía-Presidencia ostenta consonte ao artigo 124.4.i) e as que poida ostentar por delegación a Concelleira-delegada de Organización municipal en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal- implica que a Administración Local pode proceder á regulación dos seguintes aspectos:

- Concreción dos postos que resultan necesarios en cada servizo e determinación das funcións inherentes ao mesmo a través das titulacións esixidas para o seu desempeño.
- Fixación da forma de provisión de postos de traballo, dentro da marxe de discrecionalidade permitido pola lei.
- Asignación de funcións en exclusiva de determinados postos, xunto coa determinación do sistema de retribucións consonte ao disposto na normativa vixente.

Como sinala a doutrina especializada (v. CORRAL VILLALBA, J. en “Manual de Gestión do Persoal da Administración Local”, Ed. Thomson Civitas; PÉREZ LUQUE, A. en “La provisión y pérdida de puestos de trabajo de las Corporaciones Locales”, Ed. El Consultor) a Administración goza de iniciativa propia para modificar en calquera momento a RPT, como ocorre con calquera outro instrumento de ordenación de carácter xeral emanada da Corporación (neste caso, da Xunta de Goberno Local, órgano competente para a súa aprobación); en

concreto, son frecuentes as modificacións puntuais tales como creación e supresión de postos de traballo, cambio de nivel de complemento de destino ou de complemento específico, novas atribucións ou novos requisitos para a provisión do mesmos.

O persoal ao servizo da Administración Local goza dun réxime retributivo legalmente predefinido nos termos do disposto na lexislación sectorial vixente, como se especifica no propio artigo 93 da xa referida Lei 7/1985, do 2 de abril, no cal se preceptúa que as Corporacións Locais reflectirán anualmente nos seus orzamentos a contía das retribucións dos seus funcionarios nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública; en termos similares se pronuncia o artigo 153.3 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, cando sinala que a estrutura, criterios de valoración obxectiva, no seu caso, e contías das diversas retribucións dos funcionarios da Administración Local rexeranse polo disposto no artigo 93 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Tal artigo 93 sinala clara e taxativamente que “as retribucións básicas dos funcionarios locais terán a mesma estrutura e idéntica contía que as establecidas con carácter xeral para toda a función pública” (apartado 1), sinalándose de seguido que as retribucións complementarias – transitoriamente vixentes ata que se produza a entrada en vigor do réxime retributivo deseñado polo Estatuto Básico do Empregado Público atendendo ao disposto na Disposición Final Cuarta do mesmo – ateranse asimismo á estrutura e criterios de valoración obxectiva das do resto dos funcionarios públicos. A súa contía global será fixada polo Pleno da Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado (apartado 2).

O anterior debe ser posto en consonancia co establecido no Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, sobre Réxime de Retribucións dos Funcionarios de Administración Local, modificado por Real Decreto 158/1996, do 2 de febreiro, en cuxo artigo 1 se efectúa unha remisión ao xa referenciado artigo 93 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, salientándose a continuación que os funcionarios de Administración Local só poderán ser remunerados polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública (artigo que a propia Lei 7/2007, do 12 de abril, deroga expresamente na Disposición Derogatoria Única, apartado b) da mesma, entendendo autores encadrados na doutrina administrativista especializada como MARTÍN REBOLLO, LUIS a procedencia da aplicabilidade directa da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para cada exercicio económico por defecto de precepto legal específico de carácter básico, criterio que se comparte debido á súa eficacia práctica e ao seu sustento lóxico na propia Disposición Final Cuarta da Lei 7/2007).

Con carácter xeral, a lexislación orzamentaria limita e acota o incremento de retribucións do persoal ao servizo do sector público, en garantía de sostibilidade e equilibrio financeiro das facendas públicas. Non obstante, indícase que as adecuacións retributivas excepcionais e singulares dos postos de traballo existentes nas Administracións Públicas atópanse expresamente contempladas na lexislación vixente, concretamente na Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, en cuxo artigo 18, apartado Siete se establece que:

*“Lo dispuesto en los apartados anteriores debe entenderse sin perjuicio de las adecuaciones retributivas que, con carácter singular y excepcional, resulten imprescindibles*



## Concello de Vigo

*por el contenido de los puestos de trabajo, por la variación del número de efectivos asignados a cada programa o por el grado de consecución de los objetivos fijados al mismo.”*

Como referencia xurisprudencial de especial importancia pola súa aplicabilidade ao incremento de retribucións do persoal ao servizo da Administración Local en supostos de carácter singular e excepcional en relación coas relacións de postos de traballo tómase como referencia a Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 7ª) do 19 de decembro do 2005, dictada no Recurso de Casación nº 596/2000 (Ponente Ilmo. Sr. D. Pablo María Lucas Murillo De la Cueva) e que constitúe criterio xurisprudencial consolidado a teor das restantes resolucións xudiciais en idéntico senso que na mesma se citan (vid. SSTS Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 7ª, de 20 de outubro (Recurso de casación 797/2001), 13 de outubro (Recurso de casación 3620/2002), 22 de setembro (Recursos de casación 5298/2001 e 3557/2001) e 15 de setembro (Recurso de casación 710/2001).

No fundamento xurídico cuarto da sentenza principal citada, o Tribunal Supremo sinala en canto ao fondo do asunto que .....”*Esta Sala ha tenido la ocasión de pronunciarse en distintas ocasiones sobre la cuestión que aquí se ha planteado: el alcance de las normas contenidas en las Leyes de Presupuestos prohibiendo o limitando los incrementos retributivos dentro del sector público. En particular, lo ha hecho recientemente en varias Sentencias de septiembre y octubre de 2005 a propósito de la impugnación de acuerdos de entes locales aprobatorios de sus relaciones de puestos de trabajo o de sus presupuestos, precisamente, por entender la Administración General del Estado que habían infringido las normas de las Leyes de Presupuestos Generales del Estado que imponían tales prohibiciones o límites. Se trata de las Sentencias de esta Sala y Sección de 20 de octubre (casación 797/2001), 13 de octubre (casación 3620/2002), 22 de septiembre (casación 5298/2001 y 3557/2001) y 15 de septiembre (casación 710/2001).*

*En esas Sentencias se ha dicho, ante normas de contenido semejante a las que aquí se han aplicado, que las previsiones de la Ley de Presupuestos Generales del Estado no contienen límites infranqueables a los incrementos retributivos, como resulta de su propio tenor, ya que contemplan excepciones. En primer lugar, porque las prohibiciones de aumentos en las remuneraciones las establecen en términos de homogeneidad por lo que respecta a los efectivos de personal y a su antigüedad para los dos períodos de comparación, de manera que los aumentos de plantilla pueden determinar incrementos del gasto correspondiente, del mismo modo que las variaciones que se produzcan en la antigüedad del personal. Ha dicho, también la Sala que, cuando no se discute que exista esa homogeneidad, corresponde a quien recurre, el Abogado del Estado, demostrar que el acto impugnado ha incurrido en el exceso legalmente prohibido, mientras que cuando se sostiene por la corporación local que no se dan esos términos de homogeneidad y que están justificados los incrementos retributivos de que se trate, a ella toca la carga de la prueba. Asimismo, ha dicho esta Sala que la adecuación retributiva que las Leyes de Presupuestos Generales autorizan, tiene un carácter singular y excepcional que ha de ser justificado por la corporación local.”*

As xustificacións que se efectúan nos informes da Técnica de Avaliación e Formación de data de sinatura electrónica e a apreciación das necesidades dos servizos e áreas nas cales se atopan incardinados os postos de traballo obxecto de revisión deberán ser valoradas polo Goberno Municipal aos efectos da aprobación do expediente, indicando o mesmo unha alte-

ración do contido funcional dos postos de traballo obxecto de revisión xunto coa correspondente cuantificación do custe económico asociado, podendo obviamente recabar aqueles informes complementarios que estime procedentes -xuntamente cos informes preceptivos cuxa emisión legalmente proceda- con carácter previo á aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local, órgano que ostenta a competencia para a aprobación da Relación de Postos de Traballo nos municipios suxeitos ao réxime xurídico de grande poboación –e consecuentemente para a aprobación das correspondentes modificacións- e para a xestión do persoal municipal, consonte ao disposto nos artigos 127.1.g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

#### **VI.- Sometemento á preceptiva fiscalización previa do expediente.-**

Será preceptiva a fiscalización previa de gasto conforme ó establecido no RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (art. 214) dado que a pesares da ausencia de contido económico da presente proposta, a mesma propón a reasignación de estruturas a áreas de gasto diferentes, que deberán ser tidas en conta a efectos da xestión económica e orzamentaria.

#### **VII.- Competencia.-**

O art. 4.1.a) e c) da LBRL recoñécelle ó municipios, entre outras, respectivamente, as potestades públicas de autoorganización e as de programación e planificación.

O órgano competente para a aprobación da RPT e, polo tanto, das súas modificacións, é a Xunta de Goberno local, ao abeiro do artigo 127.1., apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

#### **VII.- Procedemento e informes preceptivos.-**

Segundo se recolle no Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se aproba o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional (artigo 3.3, punto 6º, número 4) e polo que respecta ao exercicio da función reservada de asesoramento legal preceptivo, que:

*“d) En todo caso se emitirá informe previo en los siguientes supuestos:*

- *6.º Aprobación y modificación de relaciones de puestos de trabajo y catálogos de personal.*

*4. La emisión del informe del Secretario podrá consistir en una nota de conformidad en relación con los informes que hayan sido emitidos por los servicios del propio Ayuntamiento y que figuren como informes jurídicos en el expediente.”*

Por tanto, e a salvo de mellor criterio fundado en Dereito, estímase preceptivo o informe/conformidade da Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal segundo o contemplado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, para os concellos con réxime de gran poboación.



## Concello de Vigo

Visto o anteriormente exposto, no exercicio das competencias que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostenta por delegación efectuada en Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015 e 30/12/201 , así como aquelas que en materia de xestión de persoal ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local segundo acordos da mesmas datas, sométese á consideración da mesma a seguinte

### PROPOSTA DE ACORDO:

**“PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente a modificación puntual da vixente Relación de Postos de traballo do Concello de Vigo, en base ao Informe técnico de data 12/11/2019, as solicitudes e demais informes emitidos no expediente electrónico, en canto aos seguintes postos:

- Readscripción dun posto Codg 234 Oficial xardineiro/a do servizo 215 Medio Ambiente ao que se atopa adscrito o empregado municipal NP 82151 ao Servizo 446 Montes, Parques e Xardíns.
- Readscripción dun posto Codg 236 “Oficial albanel” do Servizo 446 Montes, Parques e Xardíns ao servizo 215 Medio Ambiente.
- Reconfiguración do posto anterior Codg 236 “Oficial albanel” readscrito ao servizo 215 Medio ambiente, nun posto Codg 338 “Oficial Mantemento instalacións Municipais”.
- Redenominación da unidade organizativa 257 “Limpeza: Recollida de residuos sólidos urbanos” en “Limpeza: Xestión de Residuos”
- Redenominación dun posto Codg 46 “Técnico/a de Administración Xeral” adscrito a unidade 502 “Inspección de Tributos” en “Inspector/a de Tributos/Técnico/a de Administración Xeral”,
- Redenominación do posto Codg 340 “TMSE Padróns Fiscais IAE”, adscrito a unidade 500 Dirección de Ingresos en “Técnico de Xestión Tributaria e Inspección”.
- Redenominación do posto Posto 344 Programador /a xestor/a TICs Tributario adscrito a Dirección de Ingresos (Unidade 500) en “Xestor Tributario TICs-Programador”.
- Redenominación do Posto Codg 6 “Director/a de Ingresos” adscrito a unidade 500 Dirección de Ingresos “Director/a de Ingresos e Xestión Catastral Delegada.”.

- Reconfiguración do posto Codg 10 “Xefe/a do servizo de Administración de Tributos”, adscrito a unidade administrativa Codg 150 en “Responsable da Contabilidade Analítica e dos custes dos servizos e actividades”.
- Readscripción do posto anterior Responsable da Contabilidade Analítica e dos custes dos servizos e actividades” a unidade 143 Contabilidade.
- Reconfiguración de dous postos Codg 616 Oficial mantemento IMD en posto Codg 615 Oficial Instalacions Deportes.
- A modificación dos importes dos CE asignados aos postos de Inspector/a Municipal (cód. 254 Inspector/a mobilidade e seguridade, Cód. 255 Inspector/a medio ambiente, Cód. 301 Inspector/a aux. Medio ambiente, Cód. 298 Inspector auxiliar de servizos, Cód. 131 Inspector/a consumo, Cód. 151 Inspector/a auxiliar cemiterios, Cód. 142 Inspector/a sanidade, Cód. 192 inspector/a auxiliar sanidade, Cód. 298 Inspector auxiliar de servizos, Cód. 143 Inspector/a control concesionarias, Cód. 185 Inspector/a obras, servizos e infraestruturas, Cód. 181 Inspector/a auxiliar obras, serv e infraest e Cód. 143 Inspector/a control concesionarias , Cód. 100 Inspector/a sanidade,vertidos e salubridade pública e Cód. 144 Axente Tributario segundo o indicado no cadro anterior.
- Modificar os Cd e CE dos postos Codg 655 e 654 Mestre/a Formacion, pasando do CD 21 ao 22 e do CE 34 ao 140 e o CD dos postos 652 “Mestres de Oficios”, pasando do CD 24 ao 25
- Reconfiguración do posto 106 Delineante adscrito ao servizo 332 Educación re-denominandolo “Encargado Oficina Técnica de Educación” codg 375, e configurándose economicamente con CD 20 e CE 8
- Reconfiguración do posto Codg 118 Capataz Desinfección” en posto Codg 376 “Encargado Xeral medio ambiente, configurado economicamente como CD 20 CE 88, readscribindo o mesmo ao Servizo de Medio Ambiente.
- Redenominación do posto Codg 84 Técnico/a Medio Laboratorio en posto “Técnico/a educación ambiental e interpretación Vigozoo, asignádolle o CD 26.
- Reconfiguración do posto 681 Veterinario Zoo mediante a asignación do CE 302, ao incluír a dispoñibilidade para a atención a urxencias do seu servizos ou doutros servizos municipais relacionados coas funcións do seu posto.
- Reconfiguración do posto 160 “Administrativo/a Alcaldía”, coa asignación do CE 149.



## Concello de Vigo

- Reconfiguración do posto 171 Xefe/a Gastos, mediante a asignación do CE 305.
- Reconfiguración económica dos postos adscritos ao servizo de Administración Electrónica Codg 124-Operador/a informática, coa asignación do CE 315, Posto 97-Programador de sistemas, coa asignación do CE 305, a asignación do CE 88 aos postos Codg 98-Programador informática, codg 215-Xefe/a sala proceso de datos” e Codg 344-Xestor/a tributario/a TICS –programador, así como a asignación do CE 308 ao posto codg 98-Técnico/a mantemento admón. Electrónica.
- A reconfiguración do posto Codg 106 mediante a asignación do CD 21.
- Adecuación retributiva e red denominación dos postos codg 105 “Administrativo/a”, coa asignación do CE Codg 137 e a súa reconversión en posto Codg 379 “Administrativo/a At. Publico Ventanilla”, afectando as dotacións nº 10, 12,13,14 e 15.
- Adecuación retributiva dos postos Codg 136-Auxiliar servizos internos, coa asignación do CE 136 e red denominación en posto 381-“Auxiliar servizos internos atención publico ventanilla”, afectando dita modificación as dotacións 2 da unidade 232 e dotación 1 da unidade 234.
- Reconfiguración dos postos Codg 138 “Auxiliar”, adscritos as unidades organizativas 232 , dotacións 11,12,13,14,15,16 e 17, unidade 234 dotacións 19 e 20, unidade 500 dotación 1, unidade 503 dotación 2, unidade 512 dotación 4, unidade 515 dotación 7, unidade 516 dotacións 8 e 9, coa asignación do CE 136 e a súa red denominación en “Auxiliar atención público-ventanilla”, codg 377.
- Reconfiguración dos postos 140 “Auxiliar Administrativo”, coa asignación do CE 136 e a súa red denominación en “Auxiliar Administrativo”, codg 378, afectando as dotacións 7 do servizo 234 Estatística , dotacións 8 e 9 da unidade 511 negociado de bens inmobles, dotación 10 do negociado 512 IAE\_EUI, dotación 11 do negociado 515 imposto vehículos, dotación 12 do neg. 516 taxa lixo vivendas, dotacións 1,2,3,4 e 5 do negociado 540 Recaudación Voluntaria, dotación 6 da unidade 545 Recadación Executiva.
- Red denominación do posto 155 “Ordenanza Porteiro” en posto Cód. 380-“ Ordenanza Porteiro atención público”, afectando as dotación 1 e 2, reconfigurándose economicamente co CE 171.
- Red denominación do posto 174 “Xefe/a Negociado Administración Tributos” (unidade 516 taxa lixo vivendas) en posto 383 “Xefe/a negociado Administración

Tributos atención público ventanilla”, reconfigurando economicamente as súas retribucións coa asignación do código CE 13.

- Redenominación do posto 258 “Xefe/a negociado información” en “Xefe/a negociado información atención público”, mantendo o mesmo código de posto e reconfiguración económica modificando o seu CE ao Códg 13.
- Reconfiguración do posto 189 “Xefe/a negociado xunta Goberno Local mediante a súa redenominación en “Xefatura de Oficina da Secretaria de Goberno Local” e a asignación do CE 305.
- Adecuación retributiva do posto Códg 73 “Técnico/a prevención de riscos laborais” mediante a asignación do CE 640.

**SEGUNDO.-** Aprobar a modificación das guías de funcións que se indican, motivado no Informe técnico de data 12/11/2019.

- Postos tipo de ordenanza, auxiliar, administrativo e xefe/a negociado, engadindo para aqueles postos que se propoñen a súa reconfiguración no presente expediente a obrigatoriedade de atención directa e continuada a cidadanía, incluíndo tarefas que faciliten a xestión dos procedementos.
- Postos tipo de Inspector/a Municipal Inspector auxiliar e Axente Tributario, incluíndo a obrigatoriedade de condución de vehículos no desempeño axeitado das funcións do posto de traballo e cometidos propios do mesmo, sendo responsabilidade do empregado ter vixente o seu permiso de circulación.
- Aprobación da Guía de funcións do posto tipo “Encargado/a Xeral”, segundo a seguinte proposta:

“Realizará as funcións e actividades competencia da súa titulación e especialidade profesional, ou ben da súa formación teórico-práctica e propias do seu servizo, respetando o código deontolóxico, de se-lo caso, tales como:

#### RELACIÓN DE FUNCIÓNS ASOCIADAS AO POSTO

Posuíndo formación profesional teórico-práctica suficiente, desenvolverá de maneira profesional e con total dominio do seu oficio, as tarefas propias da súa categoría en función da súa especialidade, tales como:

Dirixir, coordinar e supervisar os servizos operativos, así como, as actividades administrativas relacionadas directamente coas súas funcións, para asegurar a súa eficacia.

Avaliar as necesidades de recursos materiais e formular as correspondentes propostas.





## Concello de Vigo

Realizar a planificación e coordinación dos servizos, de acordo coas instrucións recibidas.

Participar en labores de coordinación entre os distintos servizos da organización municipal para lograr unha maior eficacia no aproveitamento dos medios (persoal, material, equipos, etc.).

Asumir as funcións de natureza operativa que se derivan das competencias e responsabilidades do posto de traballo, en concreto, as seguintes:

Informar e asesorar aos seus superiores xerárquicos sobre aquelas materias relativas as súas funcións así como sobre todo aquilo para o que fose requirido.

Impulsar, dirixir e controlar o persoal a seu cargo, planificando e coordinando as tarefas de acordo coas instrucións recibidas do seu superior xerárquico.

Supervisar as actuacións do persoal que estea ao seu cargo, corrixindo as posibles deficiencias que observe, de acordo cos protocolos de actuación recibidos

Distribución do traballo entre o persoal da súa unidade, así como dos instrumentos, maquinaria e materiais necesarios para a súa execución.

Programación, coordinación, supervisión e control do persoal ó seu cargo e dos traballos a realizar de acordo coas ordes e instrucións recibidas dos seus superiores xerárquicos.

Control e responsabilidade da cantidade e calidade do traballo realizado, así como da utilización dos instrumentos, maquinaria e materiais empregados.

Supervisar e instruír se fose preciso ó persoal ó seu cargo nos traballos propios da súa especialidade.

Informar o seu superior sobre a execución dos traballos realizados polo persoal ó seu cargo, ou sobre calquera anomalía presentada durante os procesos de traballo.

Seguimento de ordes de traballos pendentes de executar ou executadas.

Control e supervisión, no seu caso, de obras contratadas polo servizo baixo as directrices e supervisión do superior.

Realiza-las actividades que impliquen a responsabilidade dunha tanda ou dunha unidade de traballo que podan ser realizadas por un ou varios traballadores do seu grupo ou grupos inferiores.

Realizar tarefas consistentes no exercicio de mando directo ó fronte dun conxunto de operarios, oficiais de oficios (albanelería, carpintería, electricidade, xardinería, pintura, mecánica, etc.), e mandos intermedios ao seu cargo.

Defini-las necesidades de materiais, equipos, ferramentas, etc., necesarios para a realización dos traballos do servizo.

Supervisión e control do almacén do servizo no referente a saídas e entradas de maquinaria, materiais, ferramentas, equipos, etc

Xestión da adquisición de materiais ou ferramentas de pequeno custo ou primeira necesidade, imprescindibles para o funcionamento do servizo e conformado e recepcionado dos mesmos

Velar pola conservación, mantemento e limpeza das dependencias e o material adscrito.

Cumprir e facer cumprir as ordes de xeito dilixente e eficaz, facendo especial fincapé no cumprimento da normativa e instrucións en materia de prevención de riscos laborais.

Informar das necesidades de obras de mantemento e mellora, tanto no referente ás instalacións do servizo, como nas públicas dependentes do Concello.

Realiza-lo seguimento das ordes de traballo pendentes de executar ou executadas e previsións futuras para poder facilitar información para unha correcta planificación do traballo.

Realización de informes sobre a execución dos traballos realizados polo persoal ó seu cargo, ou sobre calquera anomalía presentada durante os procesos de traballo, para informar ó seu superior.

Asumir a realización de funcións de natureza xeral vinculadas ao axeitado desenvolvemento das competencias:

Manter informados aos seus superiores xerárquicos no tocante ao avance da súa actividade e da actividade do persoal que teña ao seu cargo.

Atender e informar ao público nas materias que sexan competencia do servizo ou unidade á que pertenza.

Responsabilizarse da produtividade do persoal ao seu cargo.

Efectuar propostas de mellora aos seus superiores en relación cos seus sistemas e procesos de traballo ou en relación con calquera outra área de mellora que se detectara de cara a favorecer un mellor funcionamento do servizo.

Procurar a actualización continua dos seus coñecementos en materia e procedementos necesarios para realizar as funcións do posto de maneira eficiente, dentro dos medios que a Administración dispoña.

Promover a actualización de coñecementos do persoal que estea ao seu cargo.



**Concello de Vigo**

Utilizar as aplicacións informáticas correspondentes a súa unidade e promover a súa utilización por parte do persoal que estivera ao seu cargo.

Realizar as funcións recollidas no art. 22 bis.- R.D. 39/97 polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención, para a figura de recurso preventivo, no caso de cumprir cos requisitos estipulados e ser proposto pola xefatura de unidade/servizo/area, nos casos en que sexa legalmente esixible segundo os art. 32 bis.- LEI 31/95 de Prevención de Riscos Laborais e art. 22 bis.- R.D. 39/97 polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención.

Calquera outra función de análoga natureza que lle sexa encomendada polo seu superior xerárquico dentro do ámbito das súas competencias.

- Aprobación da Guía de funcións do posto tipo “Técnico/a educación ambiental e interpretación”, segundo a seguinte proposta:

Realizar as funcións dá súa competencia, de acordo coa propia natureza do posto de traballo e a área e servizo ao que pertence, así como de acordo a súa titulación e especialidade profesional, respectando o marco regulamentario e normativo aplicable e o código deontolóxico, de ser ou caso. En concreto, as funcións que contempla este posto de traballo deben ser as que se recollen a continuación:

Asumir as funcións de carácter técnico relacionadas coas funcións do servizo, concretamente as seguintes:

Participar nos procesos e proxectos técnicos de infraestrutura e investimento do servizo nos que sexa requirido

Elaborar e deseñar permanentemente propostas de mellora continua, que fortalezan e contribúan ao desenvolvemento do servizo, en colaboración co persoal técnico do servizo

Realizar a planificación técnica en canto a educación e investigación.

Asesorar e representar aos seus superiores xerárquicos non relativo a materias propias do cargo e/ou dá súa especialidade, fronte a diversas instancias públicas e/ou privadas que ou requiran.

Elaborar e implementar instrumentos de xestión que permitan o desenvolvemento e fortalecemento das actividades propias do servizo.

Elaborar e executar os convenios de colaboración con outros Zoos, Organismos ou Institucións relativos ás materias do posto.

Adoptar as actuacións e iniciativas necesarias para manter unha fluída relación cos demais zoolóxicos, organismos que os agrupan e institucións de interese relacionadas coas funcións atribuídas, coa colaboración, se fose precisa, do demais persoal técnico.

Garantir e promover ou desenvolvemento de plans e programas en canto a educación medioambiental.

Participar en investigacións e publicación de literatura científica pertinente coas labores realizados

Desempeñar as súas funcións, integrando equipos de traballo que garantan una xestión con calidade e ou cumprimento oportuno dous obxectivos e metas institucionais..

Elaborar e deseñar ou programa de educación, cultural e lecer coa asistencia, se fose precisa, do demais persoal técnico.

Executar os programas de educación, cultural e lecer coa asistencia, se fose precisa, do Conservador, Veterinario e Director de Réxime Interior,

Elaborar informes e propostas que sexan precisos para a boa marcha do zoolóxico municipal, nas materias dá súa competencia.

Asumir as funcións de natureza formativa vinculadas ao posto, concretamente, colaborar en charlas de carácter educativo e outras funcións de análoga natureza.

Asumir funcións relacionadas coa elaboración de documentación, concretamente as seguintes:

Realizar informes específicos, estatísticas etc., relacionadas coas funcións atribuídas.

En materia de contratación, a elaboración dos pregos de prescricións técnicas para contratacións relacionadas coas funcións atribuídas, sendo responsable dá execución de ditos contratos.

Coordinación e supervisión das materias relacionadas coa información e divulgación ó exterior do servizo de VigoZoo (páxina web, medios de comunicación, etc...), coa asistencia, se fose precisa, do persoal técnico.

Elaborar informes e propostas que sexan precisos para a boa marcha do zoolóxico municipal nas materias dá súa competencia.

Asumir as funcións de natureza xeral que estean vinculadas ao correcto desenvolvemento das tarefas derivadas do posto de traballo, concretamente, as seguintes:

Responsabilizarse do correcto uso dous equipos e do material do servizo.

Manter informados aos seus superiores xerárquicos non relativo ao avance dá súa actividade e dá actividade do persoal que teña ao seu cargo.



## Concello de Vigo

Atender e informar ao público nas materias que sexan competencia do servizo ou unidade á que pertenza.

Efectuar propostas de mellora aos seus superiores en relación cos seus sistemas e procesos de traballo ou en relación con calquera outra área de mellora que se detectase de face a favorecer un mellor funcionamento da unidade.

Procurar a actualización continua dos seus coñecementos en materia e procedementos necesarios para realizar as funcións do posto de maneira eficiente, dentro dos medios que a Administración dispoña.

Procurar a actualización continua dos seus coñecementos en materia regulamentaria, normativa e legal.

Utilizar as aplicacións informáticas correspondentes a súa unidade.

Calquera outra función de análoga natureza que lle sexa encomendada polo seu superior xerárquico dentro do ámbito das súas competencias. superior xerárquico dentro do ámbito das súas competencias.

**TERCEIRO.-** Dispoñer como a data de efectos económicos e administrativos das modificacións contidas na presente proposta, a data de aprobación e entrada en vigor dos orzamentos municipais correspondentes ao ano 2020.

**CUARTO.-** Instar a Alcaldía-Presidencia a realización das modificacións de crédito necesarias para a materialización práctica do presente Acordo nos termos do Informe Técnico de 12/11/2019 e do preceptivo informe de fiscalización previa, con cargo á partida 92001210300, fondo de adecuación retributiva, polo importe de 180.153,54 euros, segundo Anexo I.

**QUINTO.-** Someter, en cumprimento do disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, o presente expediente a información pública por un prazo de 20 días a efectos de presentación de reclamacións, suxestión ou alegacións, contados dende o día seguinte a data de publicación do correspondente anuncio no BOP, transcorrido o cal a aprobación se elevará a definitiva de non achegarse reclamacións, ordenando a conseguinte publicación no BOP.”

Contra o acordo de aprobación definitiva da modificación puntual da RPT, que pon fin a vía administrativa, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC), poderase interpoñer **recurso de reposición** perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da publicación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **19(1126).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA CON CARGO Á PRAZA DE SARXENTO DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, OEP 2014-2015-2016. EXPTE. 34339/220.**

Visto o informe de fiscalización do 18/12/19, dáse conta do informe-proposta de data 09/12/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

1. A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 30 de decembro de 2014, acordou aprobar a Oferta de Emprego Público correspondente ao citado exercicio (publicación no BOP do 22/12/2015 e no DOG do 24/12/2015).

Así mesmo, en sesión de data 30 de decembro de 2015, acordou aprobar a Oferta de Emprego Público correspondente a 2015 (publicación no BOP do 26/01/2016 e no DOG de 10/02/2016).

Por último, en sesión de data 8 de abril de 2016, acordou aprobar a Oferta de Emprego Público correspondente a 2016 (publicación no BOP do 27/04/2016 e no DOG de 06/05/2016).

En sesión da Xunta de Goberno Local de data 2 de decembro de 2016 modificouse a dita Oferta de Emprego Público 2016 (publicación no BOP do 22/12/2016 e no DOG do 28/12/2016).

2. As bases xerais reitoras dos procesos selectivos e as bases específicas correspondentes ás prazas que configuran as Ofertas de Emprego Público 2014, 2015 e 2016 aprobáronse pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 5 de febreiro de 2018, tendo sido publicadas no BOP do 26/03/2018. Así mesmo publícase unha rectificación de erros nas bases no BOP do 07/06/2018, por acordo da Xunta de Goberno Local de 18/05/2018. O anuncio breve das bases e a súa rectificación publícase no DOG de 25/06/2018.

3. Foron convocadas, entre outras, dúas prazas de Sarxento de Extinción de Incendios, incluídas no Subgrupo C1 de titulación; escala de administración especial; subescala, servizos especiais; clase extinción de incendios, categoría sarxento; quenda de acceso: promoción interna.

4. De conformidade co previsto na Base VII das específicas, en relación coa base 14 das xerais, o aspirante aprobado unha vez aportada toda a documentación esixida nestas, será nomeado funcionario en prácticas, debendo superar un curso teórico-práctico de 3 meses de duración, como máximo, antes do seu nomeamento definitivo como funcionarios de carreira.

5. En data 14 de marzo de 2019, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, acordou:



## Concello de Vigo

*"PRIMEIRO: Nomear funcionario en prácticas con cargo á praza convocada de Sarxento SEIS, a D. JOSÉ ANTONIO VILLAR COMESAÑA, con DNI \*\*\*\*6904\*, por ser o único aspirante que superou todos os exercicios do concurso-oposición e que acadou unha puntuación total de 18,233 puntos."*

6. En data 1 de abril de 2019, o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, resolveu:

*"Primeiro.- Constituír unha Comisión especial de valoración, encargada de efectuar a proposta de nomeamento de un funcionario de carreira con cargo á praza de sarxento do Servizo de Extinción de Incendios, ao aspirante que, tendo aprobada a oposición e foi nomeado en prácticas por acordo da Xunta de Goberno Local do 14 de marzo de 2019, unha vez supere o curso selectivo contemplado na base VII das específicas".*

7. En data 24 de xuño de 2019 a Comisión Especial de Valoración constituída ao efecto, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento como funcionario de carreira con cargo á praza vacante de Sarxento do Servizo de Extinción de Incendios, pola quenda de promoción interna, correspondente á Oferta de Emprego Público 2014 a D. JOSÉ ANTONIO VILLAR COMESAÑA, con DNI \*\*\*6690\*\*, unha vez que superou de forma satisfactoria o curso teórico-práctico previsto antes do seu nomeamento definitivo.

8. Como consecuencia da recepción de comunicación de funcionaria pública na Área de recursos humanos e formación de arquivo de audio, foron incoadas dilixencias de investigación interna (expdte. 34415/220), que foron remitidas á Fiscalía, onde tamén se atopaban abertas dilixencias de investigación penal (DIP 124/2019)

9. Con data 27/11/2019, o interesado presenta escrito solicitando o seu nomeamento á vista do arquivo das actuacións penais na Fiscalía, achegando en data 30/11/2019 Decreto da Fiscalía de Vigo de data 04/11/2019 declarando o arquivo do actuado por inexistencia de actuación susceptible de tipificación como delito.

En consecuencia, de conformidade co anteriormente exposto, e vistas as competencias que ostenta a Xunta e Goberno Local ex artigos 127.1 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, previa fiscalización e coa conformidade da concelleira delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, (Delegacións competenciais por Decreto de Alcaldía e Acordo XGL de datas 18/06/2019 e 20/06/2019), proponse ao dito órgano a seguinte:

### PROPOSTA DE ACORDO:

**"PRIMEIRO: Nomear funcionario de carreira con cargo á praza vacante de Sarxento do Servizo de Extinción de Incendios** incluída na OEP 2014, ao seguinte funcionario en prácticas, nomeado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión, extraordinaria e urxente,

de data 14 de marzo de 2019, ao ter superado satisfactoriamente o curso teórico-practico previsto nas bases da convocatoria:

APELIDOS	NOME	DNI
<b>VILLAR COMESAÑA</b>	<b>JOSÉ ANTONIO</b>	<b>***6690**</b>

**SEGUNDO.**- O aspirante nomeado deberá tomar posesión da súa praza como funcionario de carreira no prazo de 1 mes a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto na Base 16ª das Xerais da convocatoria.

**TERCEIRO:** Notificar o presente acordo ao interesado, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, ás Xefaturas das Áreas de Mobilidade e Seguridade e do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, así coma ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

**CUARTO:** Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **20(1127).- ABOAMENTO DAS AXUDAS PARA FINS CULTURAIS E DEPORTIVOS DO CONCELLO DE VIGO 2019. EXPTE. 34947/220.**

Visto o informe de fiscalización do 19/12/19, dáse conta do informe-proposta do 08/11/19, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira de Organización Municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

En data 05/11/2019, o Secretario da Comisión Xestora do Fondo para fins Culturais e Deportivos, remite a Área de Recursos Humanos e Formación, copia da acta da sesión celebrada o 04/11/2019, na que dita Comisión acordou a concesión das axudas para fins culturais e deportivos, solicitando a súa tramitación por parte desta Área.

O art. 34 do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, contempla que o Concello colaborará en todo tipo de





## Concello de Vigo

iniciativas ou accións do seu persoal de carácter cultural ou deportivo, polo que para tal fin contemplará nos seus presupostos anuais a cantidade de 6.010,12 €..

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 09/08/2019, aprobou as Bases Reitoras das axudas para fins Culturais e Deportivos (Art. 34 do vixente acordo regulador). Expediente núm.: 34437/220.

A Comisión Xestora do Fondo para fins Culturais e Deportivos realiza a convocatoria dacordo co establecido nas bases, establecéndose un prazo dende o 11/09/2019 ao 08/10/2019 de 2018 para presentación das solicitudes. Dita convocatoria anúnciase nos taboleiros municipais e na páxina da intranet.

En data 15/10/2019 reúnese dita Comisión a fin de revisar as solicitudes presentadas, acordando a distribución do fondo contemplado no artigo 34 do vixente Acordo Regulador, das condicións económicas e sociais do persoal ao Servizo do Concello de Vigo, por importe de 6.010,07 euros e establecendo un prazo de reclamacións dende o día 17/10/2019 – 30/10/2019.

Rematado dito prazo, reúnense en data 04/11/2019, acordouse a distribución do Fondo de axudas culturais e deportivas do seguinte xeito:

<b>Colectivos</b>	<b>nº</b>	<b>Importe</b>
C.D. Bombeiros fútbol 7 veteranos	9	822,78
C.D. Bombeiros fútbol 7 open	9	822,78
C.D. Bombeiros ciclismo	6	548,52
C.D. Bombeiros atletismo	3	274,26
C.D. Policía Local, futbol 5	7	639,94
R. Silva Fútbol 11	13	1188,46
J. López Moure, fútbol sala	7	639,94
G. Argibay Barciela, fútbol sala	7	639,44
Jl Vicente Ferreira Baloncesto P local	2	158,99
<b>Individuais</b>	<b>nº</b>	<b>Importe</b>
G. Lopez Rey (Atletismo)	1	91,42 €
N. Saavedra Gonzalez, Atletismo	1	91,42 €
M. T. Sordo Garcia (Atletismo)	1	91,42 €
<b>Total</b>		<b>6.009,37 €</b>

Remitido a esta Area de Recursos Humanos e Formación a documentación da convocatoria para a súa tramitación (Anuncio da convocatoria de axudas para fins culturais e deportivos do ano 2019 con data 10/09/2019, Actas Comisión de Cultura e Deportes de datas 09/11/2019, 15/10/2019 e e 04/11/2019) e a documentación dos solicitantes (facturas orixinais ou fotocopia compulsada, acreditación do tipo de actividade que se realiza en representación do Concello, certificación bancaria do número de conta, etc), tendo en conta as Bases Reitoras de dito Fondo, aprobadas pola Xunta de Goberno local, na súa sesión de data 09/08/2019, o contemplado no artigo 34 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo e artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, previo ao preceptivo informe de

fiscalización que pola Intervención Xeral se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

#### **ACORDO:**

1.- Aprobar as axudas propostas pola Comisión de Cultura e Deportes do Comité de Persoal do Concello de Vigo, dacordo ás Bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 09/08/2019, por un importe total de 6,009,37€ , aos seguintes, con cargo á clasificación orzamentaria 9200.1620400:

<b>Colectivos</b>	<b>nº</b>	<b>Importe</b>
C.D. Bombeiros fútbol 7 veteranos	9	822,78
C.D. Bombeiros fútbol 7 open	9	822,78
C.D. Bombeiros ciclismo	6	548,52
C.D. Bombeiros atletismo	3	274,26
C.D. Policía Local, futbol 5	7	639,94
R. Silva Fútbol 11	13	1188,46
J. López Moure, fútbol sala	7	639,94
G. Argibay Barciela, fútbol sala	7	639,44
Jl Vicente Ferreira Baloncesto P local	2	158,99
<b>Individuais</b>	<b>nº</b>	<b>Importe</b>
G. Lopez Rey (Atletismo)	1	91,42 €
N. Saavedra Gonzalez, Atletismo	1	91,42 €
M. T. Sordo Garcia (Atletismo)	1	91,42 €
<b>Total</b>		<b>6.009,37 €</b>

2.- Autorizar o pago ás entidades e persoas autorizadas no punto 1, da proposta da Comisión de Cultura e Deportes do Comité de Persoal do Concello de Vigo, para o pago das devanditas axudas, con cargo á partida 92201620400.

3.- Notifíquese a presente á Intervención Xeral Municipal para o seu trámite.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



**Concello de Vigo**

**21(1128).- PRÓRROGA DURANTE O ANO 2020 DO “ACORDO MARCO PARA A AMPLIACIÓN DAS XORNADAS LABORAIS DO PERSOAL DA POLICÍA LOCAL” (ACORDO DA XGL DE 22/06/2017). EXPTE. 35144/220.**

Visto o informe de fiscalización do 23/12/19, dáse conta do informe-proposta do 10/12/19, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

En data 09 de decembro de 2019 recíbese na Area de Recursos Humanos e Formación informe proposta asinado polo Intendente da Policía Local e conformado pola Concelleira delegado da Area no que se propon a aprobación pola Xunta de Goberno Local da prorroga durante o ano 2020 do Acordo para a ampliación das xornadas laborais para o servizo da Policía Local aprobado pola Xunta de Goberno Local o 22 de xuño de 2017 (expte. 30140/220), coa modificación puntual do número máximo de xornadas a realizar (3991 xornadas, 221 menos que as autorizadas no ano 2019) e o importe máximo das mesmas, que sen contar coa eventual prolongación da xornada de reforzo, nin o previsible incremento salarial, ascendería a 900 622,97 €.; todo elo co obxectivo principal de poder acometer de xeito eficaz necesidades ordinarias puntuais e os eventos extraordinarios detallados no apartados V, así coma os que de xeito imprevisto poidan acontecer ao longo do ano, ante a insuficiencia dos recursos humanos ordinarios.

Motivase dita petición, entre outros, nas seguintes:

- Carencia de efectivos no Servizo da Policía Local, dada a poboación censada a extensión do seu territorio e a densidade de poboación.
- As funcións das Policía locais reguladas no art. 53 da L.O. 2/86 de Forzas e Corpos de Seguridade, e na Lei 4/07 de Galicia sobre Coordinación das Policía Locais de Galicia.
- A complexidade do espazo urbano en canto a súa extensión, intensidade e variedade de usos; (gran espazo rural, con núcleos de poboación relevantes, zonas verdes, etc)
- O ruído ambiental xerado polo tráfico de vehículos sobre os que se proxectan unhas esixencias técnicas que é indispensable facer cumprir;
- A crecente demanda dos cidadáns de protección do seu dereito á intimidade persoal e familiar e á integridade física nos seus domicilios, tantas veces expostos polas gravísimas inxerencias de fontes sonoras xeradas principalmente por actividades recreativas;
- A preservación das rúas e demais espazos públicos para o seu uso común e xeral polo conxunto da cidadanía, tantas veces ameazado polo uso indebido ou abuso de terceiros (ocupacións con colectores e sacos para cascallos; con estadas, terrazas dos negocios de hostalería, etc.);
- Unha extensa liña de costa cos seus areais de concurrencia masiva nos meses estivais;

S.ord. 27/12/19

- Os fenómenos modernos de grandes concentracións de persoas en espazos públicos non ideados a tal fin e que en non poucas ocasións xeran comportamentos incompatibles coas máis elementais normas de boa veciñanza;
- O fenómeno da venda ambulante ilegal que conocidamente leva implícito a de xéneros de ilícito comercio;
- A execución das ordes xudiciais de afastamento das vítimas de violencia de xénero co Corpo Nacional de Policía.
- A vixancia estática nalgún edificio e instalacións Municipal,
- As tarefas de carácter administrativo derivadas directamente da súa funcións de vixilancia, denuncia, intervención en conflitos privados e, asimesmo, outras tarefas administrativas que resultan alleas coma son os informes de convivencia, expedición de tarxetas de discapacitados, autorización residentes Casco Vello, autorización residentes zona Xer, autorización contenedores, transportes especiais, mudanzas, actos de comunicación xudicial, etc.

Refírese que o número de postos ocupados no ano 2019 serán , en enero de 2019, 324 postos de traballo.

Amais , a entrada en vigor do Real Decreto polo que se adianta a idade de xubilación dos Policías ao servizo das Entidades Locais, podera supor a xubilación dos funcionarios de policía que reúnen os requisitos para acollerse a ese adianto da idade de xubilación

Como xustificación da proposta sinalase

- garantir a prestación ordinaria das funcións previstas no ordenamento dun xeito eficaz.
- abordar profesionalmente os servizos de carácter extraordinario, mesmo eventos que sin ter ese acusado carácter, demandan gran cantidade de dispositivos policías
- Campañas de prevención.
- Aprobar as petición de disfrute dos días acumulados- horas extraordinarias realizadas por necesidades do servizo- que non se puderon conceder pola Xefatura por quedar os efectivos en servizo por debaixo dos servizos mínimos establecidos en cada sección.

Inclúese no informe mapa de eventos extraordinarios previstos para 2020, sen perxuro dos que se poidan ir sumando, dada a antelación coa que se expoñen.e que inclúen eventos deportivos , relixiosos, culturais e festivos, vixancias especiais en zonas forestais e áreas,

A estes eventos previstos hai que engadirles os que ao longo do ano se poidan ir sumando (concentracións, manifestacións, folgas, etc), dada a súa continxencia e a imposibilidade de prevelos con esta antelación.

Solicítase a prorroga de dito acordo, coa autorización de 3991 xornadas como máximas, nas circunstancias de realización contempladas no acordo do ano 2017, o que suporá un



## Concello de Vigo

gasto máximo das mesmas, sen contar coa eventual prolongación da xornada de reforzo, a cantidade 900.622,97 €.

Indicase varios obxetivos xerais que se pretenden acadar co programa de ampliación das xornadas de traballo referentes a actuación policial

Nas vixentes Instrucións sobre Cadro de Persoal e Relación de postos de traballo do persoal ao servizo da corporación e dos seus organismos autónomos aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e vixentes na actualidade, recollen no seu punto terceiro, apartado j) :

–Os programas de disponibilidad horaria que fose preciso acometer en atención a circunstancias excepcionais que podieran concurrir nalgún servizo, nas condicións que regulamentariamente aprobe a Xunta de Goberno local e previa elaboración por parte da Unidade Xestora dun estudio da concurrencia de circunstancias motivadoras excepcionais e urxentes, a imposibilidade de reasignación de efectivos e/ou de prestar o servizo cos efectivos existentes e os obxectivos a acadar co dito programa.

Así mesmo, nas Bases de execución do Orzamento vixentes, contemplase que: no caso excepcional de existencia de gastos relativos a xornadas de reforzo e gratificacións por prestacións feitas fora da xornada laboral, ós efectos do apartado 1.1.c), se comprobará que: no caso de xornadas de reforzo ou disponibilidad, existe un plan aprobado, cuantificando o número de xornadas, coste de cada unha delas e custe total. Se comprobará igualmente que para súa fiscalización se adxunta a certificación do Xefe do servizo en canto a súa execución, facendo constar na mesma ou nun documento independente, como mínimo a seguinte información: o nome do empleado que executou as horas ou a xornada, o día en que se fixo, referencia sucinta as necesidades a cubrir, as horas feitas si se trata de gratificación, ou xornadas si se trata de reforzos.

En canto aos demais aspectos, remítese aos informes emitidos polos técnicos da Área de Recursos Humanos con respecto aos expedientes 34002/212 e 34267/212 , correspondentes a aprobación dos programas de reforzos dos anos 2009 e 2010 así como en informes anteriores, en canto a necesidade de realización un exhaustivo estudo da organización do servizo en canto a turnos, réxime de descansos, establecemento dos períodos vacacionais e asuntos propios, xornada laboral anual realizada polos diferentes turnos, persoal adscrito as diferentes seccións, réxime horario das distintas quendas, análise do absentismo e da siniestralidade laboral, etc, por si fora necesario realizar axustes nestes parámetros que permitisen optimizar o servizo e que deran lugar a redución das xornadas de reforzo a realizar.

Por outra banda , enténdese que a incorporacion de novos efectivos provenientes da execucion das Ofertas de Emprego deberan supor unha minoracion do numero de xornadas de disponibilidad autorizadas e realizadas.

A realización das xornadas de disponibilidad aboaranse en concepto de produtividade, concepto que forma parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, recollidas tanto no TREBEP como R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, e esta destinado a retribuí-lo

especial rendimento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen dereito individual algún verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais dos traballadores/as.

Dada a voluntariedade de adhesión a dito acordo por parte dos funcionarios do servizo da Policía Local, non considerase a súa obrigatoriedade de negociación colectiva, segundo do disposto no artigo 37 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido 5/2015 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aínda que afecten ás condicións dos postos de traballo, aínda que sería aconsellable que dito acordo conte coa conformidade da representación sindical.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Produtividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

*1.- Prórrogar durante o ano 2020 o Acordo para a ampliación das xornadas laborais para o servizo da Policía Local aprobado pola Xunta de Goberno Local o 22 de xuño de 2017 (expte. 30140/220) e que terá como obxectivo principal seguir garantindo a prestación ordinaria das funcións legalmente atribuídas cun mínimo de eficacia e satisfacción social e, atender, ao mesmo tempo, os importantes eventos e campañas inicialmente previstas, en aquelas circunstancias coxunturais nas que poidan ser precisas.*

*2.- Aprobar a realización dun número máximo de xornadas anuais (3991) , sendo o seu custo máximo, sen contar coa eventual prolongación de xornada, de 900 627,97€*

*3.- Delegar na Tenente de Alcalde e Concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal (Delegación competencial por Decreto de 18/06/2019 e acordo da Xunta de Goberno Local de 20/06/2019), a tramitación dos expedientes en execución do Plan Marco, tanto en canto a autorización das xornadas como a autorización do gasto e recoñecemento das obrigas devengadas en execución das mesmas*

*4.- A autorización da realización das xornadas de dispoñibilidade realizarase previa solicitude do servizo da Policía Local na que conste as circunstancias excepcionais e coxunturais que motiva a necesidade de realización de xornadas de dispoñibilidade, número de efectivos previstos e custo das mesmas, e una vez que por parte da Intervención Xeral sexa realizada a fiscalización previa do gasto, ao abeiro do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da*



**Concello de Vigo**

*Lei Reguladora das Facendas Locais e Bases de Execución dos Orzamentos Municipais vixentes, verificando a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 920.0.150.0000 (Productividade).*

*5.- A realización das xornadas de reforzo nas condicións previstas no Acordo Marco viran xeradas única e exclusivamente pola execución puntual de campañas preventivas, eventos ou circunstancias sobrevidas polo que non teran carácter estable nin a súa realización será de xeito lineal mensual. Retribuiranse en concepto de produtividade, polo que non poden ser consideradas de xeito algun retribucións de carácter fixo nin periódico*

*6.- Os posibles acordos que poidan acadarse em canto a reorganizacions e/ou reestructuracions no servizo, aprobadas polo Organo Competente, así como os incrementos da plantilla pola incorporacion de efectivos tra-la execucion das OEPs, debera supor necesariamente a minoración no número e no custo das xornadas de dispoñibilidade a realizar, salvo que concurran circunstancias acreditadas da necesidade de acometelas, sendo necesaria a aprobación dun novo "acordo marco" de axuste do programa.*

Dése traslado do presente acordo aos correspondentes servizos, Concelleira-delegada da Area, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos."

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **22(1129).- PRÓRROGA DO "PROGRAMA TEMPORAL PARA A ADECUACIÓN AO MODELO DE TRAMITACIÓN DIXITAL NA ÁREA DE ASESORÍA XURÍDICA". EXPTE. 34913/220.**

Visto o informe de fiscalización do 20/12/19, dáse conta do informe-proposta do 16/12/19, asinado pola técnica de Admon. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de data 06/05/2016 aprobou o "Programa para a adecuación ao modelo de tramitación dixital na Área de Asesoría Xurídica" (expte 27887-220)

II.- Como consecuencia do acordo anterior, e segundo as necesidades de persoal referenciadas no programa aprobado, a Xunta de Goberno Local adoptou unha serie de acordos para o desenvolvemento do mesmo. Así:

- Por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente de data 20/01/2017 foi nomeado como **programador de informática**, D. Hugo Fernández Barciela, DNI 76.995.811-E, como funcionario interino por execución do programa temporal (de conformidade co disposto no art. 10.1.c do RDLex 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), por un período máximo de tres anos (01/02/2017 ao 31/01/2020), ampliables ata doce meses mais se o xustificara a duración do correspondente programa (**expte. 29266/220**).
- Por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente de data 12/05/2017 foi nomeado como **auxiliar de administración xeral**, D. Rubén Carrera Pérez, DNI 36.174.579-H, como funcionario interino por execución do programa temporal (de conformidade co disposto no art. 10.1.c do RDLex 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), por un período máximo de dous anos e oito meses e medio (16/05/2017 ao 31/01/2020), ampliables ata doce meses mais se o xustificara a duración do correspondente programa (**expte. 29680/220**).
- Por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente de data 10/07/2017 foi nomeado como **operador de informática**, D. Abraham Vicente Rodríguez, DNI 76.909.190-L, como funcionario interino por execución do programa temporal (de conformidade co disposto no art. 10.1.c do RDLex 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), por un período máximo de dous anos, seis meses e vintecinco días (07/07/2017 ao 31/01/2020), ampliables ata doce meses mais se o xustificara a duración do correspondente programa (**expte. 30273/220**).

III.- O día 25/10/2019, se recibiu proposta asinada pola Titular da Asesoría Xurídica Municipal do Concello de Vigo, o Xefe de Servizo de Administración Electrónica e a Concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, na que logo da motivación exposta propónse *“prorrogar por 12 meses o “Programa temporal para a adecuación ao modelo de tramitación dixital na Área de Asesoría Xurídica” (solicitado no expediente 7748/113), que foi aprobado pola Xunta de Goberno Local o día 6 de maio de 2016 (27887/220), do que a súa execución tivo lugar: 20/01/2017 (programador de informática: 29266/220), 12/05/2017 (auxiliar de administración xeral: 29680/220) e 10/07/2017 (operador de informática: 30273/220).”*

IV.- En base ao anterior a concelleira-delegada da Área de Organización Municipal, a través de instrución de servizo de data de sinatura electrónica, ordenou a incoación do correspondente expediente administrativo para proceder ao sometemento e aprobación na Xunta de Goberno Local da prórroga do referido programa temporal.





V.- Con data 28/11/2019, pola Técnica de Avaliación e Formación, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

VI.- Por Acordo de Xunta de Goberno local de data 01/04/2019, D. Hugo Fernández Barciela, DNI 76.995.811-E, foi nomeado funcionario de carreira con cargo á praza convocada de Programador/a informático/a(OEP 2016).

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

### **I.- Prórroga do programa de para a adecuación ao modelo de tramitación dixital na Área de Asesoría Xurídica.**

Segundo consta na proposta recibida, asinada pola Titular da Asesoría Xurídica Municipal do Concello de Vigo, o Xefe de Servizo de Administración Electrónica e a Concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, a finalidade e obxecto do programa está aínda por acadar, sendo necesario polo tanto continuar coas tarefas iniciadas. Así consta que: *“... O programa aínda non foi executado na súa totalidade. O programa contemplaba unha duración estimada de tres anos, e aínda que foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do 6 de maio do 2016, o nomeamento do persoal necesario para a súa execución non tivo lugar ata o 20/01/2017 (programador de informática), 12/05/2017 (auxiliar de administración xeral) e 10/07/2017 (operador de informática). Como se desprende das datas coa que se adoptaron os distintos acordos, así como da data efectiva do inicio da prestación de servizos polo dito persoal, se produciu unha fenda temporal, o que ocasiona unha distorsión clara na execución do programa e na consecución dos seus obxectivos.*

*Na fase de remisión dos expedientes entre a Administración e os órganos xudiciais, aínda son escasos os avances. Con carácter xeral, os expedientes continúan remitíndose en papel ou en soporte dixital pero non de forma telemática. É preciso realizar avances, pois na mesma medida na que se consiga a tramitación electrónica na Administración de Xustiza será requirida a Administración municipal de forma obrigada a remisión do expediente electrónico por medios, tamén telemáticos, máxime despois da aprobación da Instrución 1/2018, relativa a obrigatoriedade para Xuíces e Maxistrados do emprego de medios informáticos a que se refire o artigo 230 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial publicada no BOE do 10 de decembro de 2018.*

*A Instrución 1/2018 fai referencia á integración dentro do Expediente Xudicial Electrónico (EJE) de expedientes doutros organismos. Por aplicación da Instrución 1/2018, os sistemas de xestión deberán necesariamente permitir un paso mais alá, que non é outro que a integración do expediente administrativo tal cal se teña conformado e arquivado na plataforma de tramitación electrónica da Administración Pública dentro do sistema de xestión procesal (SGP) do expediente xudicial electrónico, xa que o punto 4 do apartado de “funcionalidades” do Anexo Técnico da Instrución determina expresamente a “integración dos expedientes procedentes doutros organismos”, e para elo advirte de que “cando sexa necesario incorporar expedientes administrativos procedentes doutros organismos, estes*

*deberán respectar as mesmas propiedades do EJE, de tal modo que ofrezan ao/a xuíz/a ou maxistrado/a un índice claro que cumpra a estrutura definida polo CGPJ". O obxectivo non é outro que os expedientes administrativos poidan migrarse completos aos sistemas de xestión procesual para que poida cumprirse coa previsión da nova norma que sinala que "os SGP integrarán os expedientes administrativos no EJE e os presentarán sen merma das súas propiedades orixinais, para o que poderá ser necesario incluír aplicacións de visualización específicas. (...)".*

*Para a concreta finalidade de remitir o expediente administrativo a órganos xudiciais, e froito da colaboración entre o Ministerio de Xustiza e o Ministerio de Facenda e Función Pública, realizouse a integración efectiva do sistema Cargador co sistema INSIDE permitindo ofrecer a calquera Administración unha vía de remisión de expedientes administrativos electrónicos á Administración de Xustiza cumprindo todas as garantías legais.*

*En data 21/01/2019 acordouse a tramitación do alta na dita plataforma e a participación no proxecto piloto de remisión electrónica de expedientes administrativos a órganos xudiciais, para a súa posta en práctica inicial (expte. 11919/111), no entanto, aínda non tivo lugar o comezo das probas, polo que resulta preciso avanzar neste eido.*

*En canto a migración de documentación antiga, compre sinalar que se levou a cabo a localización e revisión das sentenzas ditadas no período 2014-2016, para a súa posterior anonimización e publicación no portal de transparencia, sen que aínda se estendese a outros conxuntos documentais".*

En canto á posibilidade de prórroga, temos que de conformidade co artigo 10.1 c) do RDL 5/2015, de 30 de outubro, "son funcionarios interinos los que, por razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia, son nombrados como tales para el desempeño de funciones propias de funcionarios de carrera, cuando se dé alguna de las siguientes circunstancias: c) la ejecución de programas de carácter temporal, que no no podrán tener una duración superior a tres años, ampliable hasta doce meses más por las leyes de Función pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto". O artigo 23.1.c) da lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, se refire a "a execución de programas de carácter temporal e de duración determinada que non respondan a necesidades permanentes da Administración. O prazo máximo de duración da interinidade farase constar expresamente e non poderá ser supero a tres anos, ampliables ata doce meses mais de o xustificar a duración do correspondente programa".

## **II.- Prórroga dos nomeamentos interinos.**

### **II a) Lexislación aplicable**

Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:



## Concello de Vigo

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

### **"FD CUARTO.-**

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmou que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”*

## **II b) Nomeamento de funcionarios interinos:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable hasta 12 meses mais (apartado c) e, o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O artigo 10.6.do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Consecuencia da prórroga do programa inicial aprobado pola Xunta reitora, procede a prórroga dos nomeamentos interinos que están a desenvolver o programa, o Auxiliar de administración xeral, D. R. Carrera Pérez, DNI \*\*.174.5\*\*-\*, (expte. 29680/220); e o operador de informática, D. A. Vicente Rodríguez, DNI \*\*.909.1\*\*-\*(expte. 30273/220).

Non procede a prórroga do -Programador informático (expte. 29266-220).- D. H. Fernández Barciela, xa que logo, por Acordo de Xunta de Goberno local de data 01/04/2019, foi nomeado funcionario de carreira con cargo á praza convocada de Programador/a informático/a(OEP 2016).

Ditos nomeamentos serán revocados ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o remate da prórroga do programa temporal, que acontecerá o día 31/01/2021.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de



## Concello de Vigo

execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### II c) Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na proposta de data 24/10/2019, resulta precisa a prórroga polo prazo máximo legalmente establecido de doce meses máis. Nos remitimos ao punto I dos Fundamentos xurídicos de este Informe.

Así mesmo na instrución de servizo do concelleira-delegada da Área de Organización Municipal de data de sinatura electrónica, resulta acreditada a urxencia do nomeamento proposto, resultando acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das que figuran nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 3/2017, de 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o presente ano 2017 e, de igual xeito na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, ao amparo do artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de xuño.

### II d) Proposta de gasto:

De acordo co informe técnico de cuantificación económica (logo da exclusión do programador de informática), que consta no expediente os nomeamentos interinos proposto supón o coste seguinte:

<b>Custo total proposta</b>					
			<b>2020</b>	<b>2021</b>	<b>Total</b>
124	<b>Operador informatica</b>	<b>Retribucións totais</b>	20.495,42 €	1.900,48 €	22.395,90 €
		<b>Seguridade Social</b>	6.326,98 €	586,68 €	6.913,66 €

138	Auxiliar adtvo	Retribucións totais	19.018,01 €	1.763,49 €	20.781,50 €
		Seguridade Social	6.319,61 €	586,00 €	6.905,61 €
		<b>Total</b>	<b>52.160,02 €</b>	<b>4.836,65 €</b>	<b>56.996,67 €</b>

*“Tomase como referencia as retribucións dos postos contempladas no anteproxecto de orzamento 2020.*

*Con respecto ao gasto imputable ao ano 2020, no Informe técnico de data 07/10/2019, de sostibilidade do borrador técnico do Capítulo I de gastos 2020 incorporado ao expte 33833-220, indicase textualmente:*

*“1.- Contémplase un crédito inicial de 767,629,27€ na aplicación orzamentaria 92001400000. O gasto da referida partida ven experimentando un importante incremento ano tras ano, dado o elevado número de vacantes existentes, o que fai imprescindible o nomeamento de persoal interino por acumulación de tarefas ou por programas, a fin de garantir a correcta prestación do servizo público.*

*Dita cantidade correspóndese co gasto comprometido ata a data para o ano 2020 con cargo a dita aplicación orzamentaria, correspondente a nomeamentos interinos por acumulación de tarefas que finalizan o vindeiro ano e nomeamentos interinos por programas de acordo co artigo 10, apartado 1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.*

*Dita aplicación dótese cunha contía inicial para dar cobertura ao gasto xa comprometido ata a data, debendo ser realizadas as modificacións orzamentarias necesarias e posibles con cargo aos créditos non consumidos dos postos vacantes previo o inicio da tramitación de nomeamentos interinos a realizar no ano 2020.*

*Recordar que as cantidades referidas aos créditos dos postos vacantes veranse reducidas en función das execución das ofertas de emprego pendentes e, que será utilizable como recursos para a tramitación das preceptivas modificacións orzamentarias para complementar esta e outras aplicacións co obxecto de dotalas de recursos necesarios e suficientes para dar cobertura ás necesidades que xeran os acordos adoptados.*

*Indicar tamén que o crédito xa comprometido a data de hoxe na presente aplicación para o ano 2021 e 2022 é de 164.976,80€ e 89.587,89, respectivamente”*

*A cantidade a imputar ao vindeiro exercicio economico xa ven sendo encrementada dende a data de sinatura do informe anterior pola tramitación de novos expedientes de nomeamentos interinos baixo a modalidade do art. 10.1.D) do TREBEP que implican gasto con cargo ao orzamento do vindeiro exercicio.*

*Polo tanto, ao descoñecese a planificación da execucion das ofertas de emprego pendentes e/ou da cobertura das mesmas por outros procedementos legalmente previstos como interinaxes con cargo a praza vacante ou comisions de servizo, e polo tanto non ser posible realizar a estimación dos créditos dispoñibles de postos vacantes no ano 2020 para a realización das pertinentes modificacións de crédito tanto a aplicación orzamentaria*



## Concello de Vigo

*92001400000 como as outras partida nas que se prevee un gasto maior ao presupuestado no caso de manterse os actuáis escenarios de gasto (aplicacións 92001500000, 9201510000, 92001430001 e 22101610400 entre outras) non é factible a realización de pronunciamento algun, indicando de todos os xeitos, que dado o elevado numero de postos vacantes e a extension no tempo da posible execución das ofertas de emprego pendentes é posible a existencia de creditos non utilizados de postos vacantes para a cobertura do gasto proposto no presente expediente no ano 2020.”*

Non obstante, e considerando as obxeccións indicadas no informe técnico sobre a necesidade de dotación orzamentaria en vindeiros exercicios, solicítase expresamente, que este aspecto se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

### IV. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sra. Concelleira-Delegada da Área de Organización Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 18/06/2019 e 20/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### PROPOSTA DE ACORDO

I.- Prorrogar, en base aos informes que constan no expediente, por 12 meses (ata o 31/01/2021), o “Programa para a adecuación ao modelo de tramitación dixital na Área de Asesoría Xurídica” (expte 27887-220).

II.- Prorrogar, en base aos informes emitidos no expediente, os nomeamentos dos tres funcionarios/as interinos/as nomeados para a execución do programa de carácter temporal referido no punto anterior:

- Auxiliar de administración xeral, R. Carrera Pérez, DNI \*\*1745\*\* \*, (expte. 29680/220);
- Operador de informática, D. A. Vicente Rodríguez, DNI \*\*9091\*\* \*(expte. 30273/220).

En consecuencia, autorizar o gasto total de **56.996,67 €** (da referida cantidade 52.160,02 €, corresponde ao exercicio 2020, 4.836,65 € ao exercicio 2021), de conformidade co desglose establecido no informe técnico, cantidade que inclúe os custos de Seguridade Social que constan no informe económico anexo ao expediente, elo con cargo á partida 920.0.0.140.000.00 - outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente.

III.- Dispoñer que a referida prórroga dos nomeamentos, faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.c) do TREBEP, rematando cando transcorra a duración da prórroga do programa (31/01/2021) nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria dos postos seguintes: Auxiliar de administración xeral (expte 29680-220),

posto cód. 138; Operador de informática (expte 30273-220), posto cód. 124; continuando adscritos aos mesmos Servizos/Áreas nos/nas que se atopan. Todo elo, sen prexuízo de que de conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**IV.-** Establecer que a xornada laboral dos citados funcionarios interinos desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do referido Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**V.-** Notificar o presente acordo ao funcionarios interinos nomeados, á Titular da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, ao Servizo de Administración Electrónica, á Intervención Xeral, ao Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **23(1130).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENTORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA, NOS MESES DE XULLO, AGOSTO, SETEMBRO, OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2019. EXPTE. 3130/330.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 20/12/19, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado da Cultura, que di o seguinte:

En cumprimento das instrucións da base 31º das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo servizo da Área de Cultura, nos meses de XULLO, AGOSTO, SETEMBRO, OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO de 2019.  
SERVIZO: Área de Cultura





## Concello de Vigo

Nº EXP.	CONCEPTO	ADXUDICATARIO-CIF/NIF	IMPORTE
2803/330	CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "SONÁMBULO" DA CÍA ANTÓN COUCHEIRO, O SÁBADO 28 DE SETEMBRO ÁS 19 HORAS NA RÚA DO PRÍNCIPE, DIANTE DO MARCO, COMO PRESENTACIÓN DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	Adxudicatario: B70037213 - PISTACATRO PRODUCTORA DE SOÑOS S.	1.400,00 eur
2804/330	CONTRATACIÓN DE DÚAS FUNCIÓNS DO ESPECTÁCULO "ENTRESOÑOS" DA CÍA.FRAN SIEIRA, O VENRES 8 E SÁBADO 9 DE NOVEMBRO, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	Adxudicatario: 53480111M - FRANCISCO SIEIRA GONZÁLEZ	9.664,00 eur
2805/330	CONTRATACIÓN DA ESTREA DO ESPECTÁCULO "GUERRA DE IDENTIDADE" DA COMPAÑÍA DEUVE, O VENRES 1 DE NOVEMBRO, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	Adxudicatario: 36167041R - DEBORA VUKUSIC RODRÍGUEZ	2.750,00 eur
2811/330	CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE BILLETEIRA PRESENCIAL NO AUDITORIO MUNICIPAL PARA A PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA OUTUBRO-NOVEMBRO	Adxudicatario: 36125605B - CARLOS MARTÍNEZ QUIÑONES	1.393,92 eur
2814/330	CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "ESPERA" DA CÍA. EIA, O VENRES 27 DE SETEMBRO, ÁS 19 HORAS, NA RÚA DO PRÍNCIPE, COMO PRESENTACIÓN DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	Adxudicatario: B70037213 - PISTACATRO PRODUCTORA DE SOÑOS S.	3.400,00 eur
2817/330	CONTRATACIÓN DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "TODAS AS MARABILLAS DO MUNDO" DA COMPAÑÍA PRODUCIÓNS DISPERSAS, O DOMINGO 27 DE OUTUBRO, ÁS 18 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	Adxudicatario: 44454801X - DIEGO FREIRE FERNÁNDEZ	3.100,00 eur
2822/330	CONTRATACIÓN DUN CONCERTO DA UNIÓN MUSICAL DE VALADARES & SAXOFONISTAS O VENRES 12 DE XULLO, ÁS 20,30 HORAS, NO TEATRO AFUNDACIÓN	Adxudicatario: G36639110 - UNIÓN MUSICAL DE VALADARES	6.282,00 eur

Nº EXP.	CONCEPTO	ADXUDICATARIO-CIF/NIF	IMPORTE
2823/330	CONTRATACIÓN DUN CONCERTO FLASHMOB DO GRUPO DE SAXOFONISTAS "VIGOSAXFORUM" DA UNIÓN MUSICAL DE VALADARES, O SÁBADO 13 DE XULLO, ÁS 20 HORAS, NA PRAZA DA PRINCESA	Adxudicatario: G36639110 - UNIÓN MUSICAL DE VALADARES	1.500,00 eur
2824/330	CONTRATACIÓN DUN CONCERTO-ROCK DE CLARINETES DA UNIÓN MUSICAL DE VALADARES, O MÉRCORES 17 DE XULLO, ÁS 20,30 HORAS, NA PRAZA DA PRINCESA	Adxudicatario: G36639110 - UNIÓN MUSICAL DE VALADARES	2.300,00 eur
2828/330	CONTRATACIÓN DA INSERCIÓN PUBLICITARIA DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA NOS NÚMEROS DE OUTUBRO E NOVEMBRO DA REVISTA "A MOVIDA"	Adxudicatario: B27857366 - A MOVIDA CULTURAL S.L.L.	1.452,00 eur
2837/330	CONTRATACIÓN DUNHA INSERCIÓN PUBLICITARIA DA PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS VIGOCULTURA NA REVISTA ESPECIALIZADA DE TEATRO ERREGUETÉ NO NÚMERO DE SETEMBRO 2019	Adxudicatario: G36209062 - ASOCIACIÓN CULTURAL ENTRE BAMBALI	726,00 eur
2878/330	CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN TÉCNICA DA PROGRAMACIÓN DE OUTONO DO AUDITORIO MUNICIPAL VIGOCULTURA	Adxudicatario: B27793728 - SOLIMUSIC EVENTS SLU	9.246,41eur
2882/330	CONTRATACIÓN DUNHA ACTUACIÓN DO ARTISTA ANTÓN COUCHEIRO PARA REALIZAR UNHA PERFORMANCE DURANTE A ROLDA DE PRENSA DA PRESENTACIÓN VIGOCULTURA, O XOVES 5 DE SETEMBRO, ÁS 10:30 HORAS, NA RÚA DO PRÍNCIPE, DIANTE DO MARCO	Adxudicatario: B70037213 - PISTACATRO PRODUCTORA DE SOÑOS S.	1.185,80 eur
2884/330	CONTRATACIÓN DUNHA CAMPAÑA PUBLICITARIA DA PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS VIGOCULTURA, NOS NÚMEROS DE OUTUBRO E NOVEMBRO DA REVISTA PLIS PLAS	Adxudicatario: X6204660L - PABLO EMILIANO JANNES	847,00 eur
2967/330	CONTRATACIÓN DO DESEÑO DA CAMPAÑA PUBLICITARIA VIGOCULTURA 2020 E PRODUCCIÓN DOS MATERIAIS DE DIFUSIÓN DO PRIMEIRO SEMESTRE	Adxudicatario: B36620151 - PUBLIGAL S.L.	12.523,92 eur



## Concello de Vigo

Nº EXP.	CONCEPTO	ADXUDICATARIO-CIF/NIF	IMPORTE
3010/330	CONTRATACIÓN E PRODUCCIÓN DO ESPECTÁCULO "A ROSALÍA, CONCERTO PARA PIANO E VOZ EMOCIONADA" NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO O MÉRCORES 6 DE NOVEMBRO ÁS 20 HORAS	Adxudicatario: B27793728 - SOLIMUSIC EVENTS SLU	10.194,86 eur
2802/330	AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA A SUBMINISTRACIÓN E SUBSTITUCIÓN DE FILTROS E MANTA FILTRANTE NO SISTEMA DE CLIMATIZACIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL	Adxudicatario: B36422905 - CELTSENER, S.L.	781,30 eur
2808/330	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO DO SISTEMA DE CLIMATIZACIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO PARA UN MÁXIMO DE SEIS REVISIÓNS MENSUAIS	Adxudicatario: B36422905 - CELTSENER, S.L.	592,04 eur
15999/331	SUBMINISTRACIÓN DE ELEMENTOS DO SISTEMA DE CLIMATIZACIÓN DAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS	Adxudicatario: A15208408 - VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U.	1.628,51 eur
16003/331	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO DE ELEVADORES DAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS ADSCRITAS Á ÁREA DE CULTURA PARA UN MÁXIMO DE CINCO REVISIÓNS MENSUAIS	Adxudicatario: A28791069 - KONE ELEVADORES, S.A.	859,10 eur
16004/331	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO DOS SISTEMAS DE CLIMATIZACIÓN DAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS ADSCRITAS Á ÁREA DE CULTURA PARA UN MÁXIMO DE SEIS REVISIÓNS MENSUAIS	Adxudicatario: A15208408 - VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U.	2.443,08 eur
2839/330	CONTRATACIÓN DE SEIS ACTUACIÓNS ARTÍSTICAS PARA O PROGRAMA DA NOITE BRANCA 2019	Adxudicatario: 36142616W - ISAAC GARABATOS MARTINEZ	14.960,00 eur
2841/330	CONTRATACIÓN DE TALLERES "VERBUM CREATIVO" PARA A NOITE BRANCA 2019	Adxudicatario: 36142616W - ISAAC GARABATOS MARTINEZ	6.325,00 eur
2842/330	CONTRATACIÓN DUN CONCERTO DA ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO PARA O PROGRAMA DA NOITE BRANCA 2019	Adxudicatario: G36688422 - ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO	4.700,00 eur

Nº EXP.	CONCEPTO	ADXUDICATARIO-CIF/NIF	IMPORTE
2853/330	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO DO GRUPO ELECTRÓXEMO DO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO E DAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS ADSCRITAS A ÁREA DE CULTURA POR UN MÁXIMO DE DÚAS REVISIÓNS TRIMESTRAIS	Adxudicatario: B36977254 - ELECTRONAVIA, INSTALACIONES Y MAN	512,40 eur
2858/330	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PRODUCCIÓN TÉCNICA DOS CONCERTOS PREVISTOS EN CASTRELOS CON MOTIVO DA NOITE BRANCA 2019	Adxudicatario: B27704980 - SACAFERRO SL	5.450,69 eur
2864/330	CONTRATACIÓN DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE DIRECCIÓN TÉCNICA E COORDINACIÓN DAS XORNADAS DE FILOSOFÍA 2019	Adxudicatario: G36659258 - GRUPO ALETHEIA	1.000,00 eur
2880/330	CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE TRABALLOS TÉCNICOS DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO	Adxudicatario: B27793728 - SOLIMUSIC EVENTS SLU	13.725,03 eur
2910/330	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE DESEÑO E PRODUCCIÓN DE MATERIAL DE DIFUSIÓN PARA AS XXVI XORNADAS DE FILOSOFÍA	Adxudicatario: B36917201 - VAN DIVULGACIÓN CULTURAL SL	3.095,18 eur
2913/330	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE GRAVACIÓN EN STREAMING DAS XXVI XORNADAS DE FILOSOFÍA	Adxudicatario: B36965523 - ARTE FOCAL SL	5.929,00 eur
2914/330	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE INSPECCIÓN TÉCNICA PERIÓDICA OBRIGATORIA (OCA) DOS ELEVADORES DOS EQUIPAMENTOS MUSEÍSTICOS ADSCRITOS Á ÁREA DE CULTURA E A INSPECCIÓN TÉCNICA PERIÓDICA OBRIGATORIA (OCA) DE BAIXA TENSIÓN NO VERBUM	Adxudicatario: A40007460 - OCA Inspección, Control y Prevenc	653,40 eur
2916/330	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE INSPECCIÓN TÉCNICA OBRIGATORIA DAS LIÑAS DE VIDA DAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS E EQUIPAMENTOS MUSEÍSTICOS ADSCRITOS Á ÁREA DE CULTURA	Adxudicatario: B36476612 - ISIDRO BENADE EMPRESA CONSTRUCTOR	1.633,50 eur



## Concello de Vigo

Nº EXP.	CONCEPTO	ADXUDICATARIO-CIF/NIF	IMPORTE
16026/331	CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE PORTAS CORREDOIRAS AUTOMÁTICAS NO ACCESO POSTERIOR Á BIBLIOTECA MUNICIPAL "XOSÉ NEIRA VILAS"	Adxudicatario: B36826162 - PUERTAS ATLÁNTICO S.L.	3.506,10 eur
2921/330	CONTRATACIÓN DA REPARACIÓN DO SISTEMA CONTRA INCENDIOS DO VERBUM	Adxudicatario: B15259765 - SISTEMAS SEGURIDADE A1, S.L.	1.582,92 eur
2931/330	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PRODUCCIÓN E COORDINACIÓN TÉCNICA DAS XXVI XORNADAS DE FILOSOFÍA	Adxudicatario: B36743755 - PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURA S.L.	16.807,38 eur
2932/330	CONTRATACIÓN DOS VIAXES E ALOXAMENTOS DOS POÑENTES DAS XXVI XORNADAS DE FILOSOFÍA		
2971/330	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE PRODUCCIÓN DE MATERIAL DE DIFUSIÓN XERAL PARA A CONCELLERÍA DE CULTURA	Adxudicatario: B36614808 - ECOVIGO PUBLICIDAD S.L.	1.391,50 eur
2986/330	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE LIMPEZA DE POZOS DAS BOMBAS DE ACHIQUE EN VERBUM-CASA DAS PALABRAS E PINACOTECA FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO	Adxudicatario: 36156843S - JACOBO GARCÍA LOURIDO	641,30 eur
2998/330	CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE VENTILADOR PARA SISTEMA EXTERIOR DE CLIMATIZACIÓN EN PINACOTECA FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO	Adxudicatario: A15208408 - VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U.	678,40 eur
3037/330	CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE EQUIPAMENTO ESCÉNICO NECESARIO PARA A PROGRAMACIÓN MUNICIPAL DE ARTES ESCÉNICAS NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO	Adxudicatario: B27793728 - SOLIMUSIC EVENTS SLU	17.957,00 eur
16009/331	CONTRATACIÓN DE REPARACIÓN DE INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS EN BIBLIOTECAS PÚBLICAS ADSCRITAS Á ÁREA DE CULTURA DERIVADAS DAS INSPECCIÓN TÉCNICAS PERIÓDICAS OBRIGATORIAS (OCAS) REGULAMENTARIAS	Adxudicatario: B36977254 - ELECTRONAVIA INSTALACIONES Y MANT	7.511,00 eur

Nº EXP.	CONCEPTO	ADXUDICATARIO-CIF/NIF	IMPORTE
16010/331	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE INSPECCIÓN TÉCNICA PERIÓDICA OBRIGATORIA (OCA) DO ELEVADOR DA CASA GALEGA DA CULTURA	Adxudicatario: A40007460 - OCA Inspección, Control y Prevenc	78,65 eur
16012/331	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO DE PORTAS AUTOMÁTICAS DAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS ADSCRITAS A ÁREA DE CULTURA PARA UN MÁXIMO DE DÚAS REVISIÓNS TRIMESTRAIS	Adxudicatario: B36826162 - PUERTAS ATLANTICO, S.L.	210,54 eur
16013/331	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO DAS INSTALACIÓNS DE SEGURIDADE DAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS ADSCRITAS Á ÁREA DE CULTURA POR UN MÁXIMO DE DÚAS REVISIÓNS TRIMESTRAIS	Adxudicatario: B15259765 - SEGURIDADE A1, S.L.	2.338,93 eur
16046/331	CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE ELEMENTOS PARA A MELLORA DO SISTEMA DE SEGURIDADE DA BIBLIOTECA-CASA GALEGA DA CULTURA	Adxudicatario: B15259765 - SISTEMAS DE SEGURIDADE A1 SL	1.405,48 eur
16049/331	CONTRATACIÓN DA REPARACIÓN DO FALSO TEITO NA OFICINA DA BIBLIOTECA PÚBLICA JUAN COMPAÑEL	Adxudicatario: 36130547P - JOSÉ MANUEL MUÍÑOS RODRÍGUEZ	851,84 eur

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

**24(1131).- ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A CESIÓN AO CONCELLO DE VIGO DA TITULARIDADE DA E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA, TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO, ENTRE O REGATO QUINTIÁN E O Nº 77 DA ESTRADA DO PORTO E PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA MESMA. EXPTE. 4220/440.**



## Concello de Vigo

Visto o informe xurídico do 16/12/19 e o informe de fiscalización do 20/12/19, dáse conta do informe-proposta de data 18/12/19 asinado pola técnica de Admón. Xeral , o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe de Área de Inversións e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

I.- Con data 29 de decembro de 2016, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local o "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A CESIÓN A ESTE DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330) . LUGAR DE PORTO E PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330) . LUGAR DE PORTO. Expte 4220/440". Dito convenio foi asinado polas partes con data de 30 de decembro de 2016..

II- O citado Convenio na cláusula primeira define que; "*É obxecto do presente convenio iniciar o procedemento previsto na vixente Lei de Estradas de Galicia para a cesión por parte da Deputación Provincial ao Concello de Vigo da titularidade da "E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330) . LUGAR DE PORTO, entre o Regato Quintián e o nº 77"; manifestar a conformidade de ámbalas dúas administracións locais na dita cesión de titularidade e articular a colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para o financiamento e a execución das obras precisas para a transformación e demais actuacións contempladas na "Memoria-resumo da AMPLIACIÓN ESTRADA DO PORTO, ENTRE REGATO QUINTIÁN E O Nº 77".*"

III.- En relación a execución do citado Convenio, ambas partes asinaron con data 21 de decembro de 2018, unha Addenda para prorrogar a vixencia deste convenio, ampliándoo ata o 31 de decembro de 2020.

IV.- A cláusula "SEXTA" do convenio prevé a constitución dunha COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E CONTROL, que terá por obxecto o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación, a cal estará integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico. Entre as competencias de dita comisión de seguimento atopase a de "*emisión informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución dos contratos a que este se refire.*"

V.- Con data 10.12.2019, o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o Xefe da Área de Investimentos do Concello de Vigo emiten Informe conformado polo Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, no que se propón ante a Comisión de Seguimento do Convenio a aprobación dunha segunda addenda ao "Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo da cesión da Estrada Provincial E.P. 2001 Calvario La Garrida e para a execución do correspondente proxecto de humanización, co fin de proceder á adecuación financeira e

anualidades do mesmo axustándose á situación actual e de conformidade cos termos do Convenio.

VI.- A Comisión de Seguimento reunida en data 11.11.2019, tras analizar o asunto, adoptou por unanimidade o Acordo que se transcribe co fin de asinar unha nova addenda ao Convenio; e procedeu a dar traslado do mesmo ao Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra

**“Primeiro:** Tomar coñecemento das actuacións executadas polo Concello de Vigo en relación ao obxecto do “Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para a cesión a este da Estrada Provincial E.P. 2001 Calvario La Garrida. Tramo Iglesia de Beade A Garrida (PO 330). Lugar de Porto e para a execución do proxecto de humanización da Estrada Provincial E.P. 2001 Calvario La Garrida. Tramo Iglesia de Beade A Garrida (PO 330). Lugar de Porto”

**Segundo:** Aprobar a seguinte proposta de financiación e anualidades:

	<b>TOTAL DA APORTACIÓN</b>	<b>2016</b>	<b>2017</b>	<b>2018</b>	<b>2019</b>	<b>2020</b>
Deputación Provincial de Pontevedra	2.419.903,50 €	800.000,00 €	1.619.903,50 €	0,00 €	-	-
Concello de Vigo	413.924,00 €	-	77.924,00 €	-	100.000,00 €	236.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>2.833.827,5 €</b>	<b>800.000,00 €</b>	<b>1.697.827,5 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>100.000,00 €</b>	<b>236.000,00 €</b>

De acordo coa proposta de axuste de anualidades o Concello de Vigo comprométese en financiar calquera modificación ou alteración que se produza no ámbito de execución deste obra e que leve implícito un maior gasto en relación a financiación indicada.

**Terceiro:** Aprobar a proposta de modificación do pacto sétimo (vixencia do convenio de colaboración ", e addenda asinados o 30/12/2016 e o 20/12/2018 respectivamente, e ampliar o prazo de vixencia do mesmo ata o 31 de decembro de 2021.

VII.- Mediante Decreto do Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, de data 13 de decembro de 2019, se inicia o expediente para a aprobación da Addenda 2 ao Convenio.

VIII.- A Memoria subscrita polo Xefe da Area de Investimentos e o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da área de Fomento con data 16 de decembro de 2019 xustifica a necesidade da Addenda nº 2 ao devandito Convenio, a suficiencia das achegas económicas comprometidas á finalidade do mesmo e o cumprimento dos principios estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Ademais, consta incorporado ao expediente informe do Tesoreiro municipal e responsable superior do control contable e orzamentario,





## Concello de Vigo

de data 16 de decembro de 2019, xustificativo de non atoparse incurso esta Administración municipal en circunstancia impeditiva de obter a condición de beneficiaria de subvencións.

**IX.-** O Xefe dos Servizos Xurídicos da Área de Servizos Xerais con data 16 de decembro de 2019 emite informe xurídico favorable á aprobación da addenda nº2 ao devandito Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo.

### **FUNDAMENTOS**

**I.-** A celebración de convenios de colaboración entre entidades de dereito público, atópase prevista nos artigos 48.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Públicos, 86 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, 111 do TRRL, 34 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público e 310 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia. Segundo esta normativa, as Administracións Públicas poderán celebrar acordos pactos e convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado sempre que non sexan contrarios ao Ordenamento Xurídico ou versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule.

**II.-** En canto ó contido da Addenda nº2 o mesmo é axustado á lexislación de procedemento administrativo e de subvencións, detállase na Memoria obrante no expediente.

A addenda nº 2 ao Convenio de colaboración ten por finalidade a adecuación financeira do convenio.

**III.-** En canto ao prazo, a Addenda nº 2 amplía un ano mais, o prazo de 2 anos inicialmente previsto no Convenio, que xa fora ampliado por dous anos na Addenda nº1, axustándose aos límites e requisitos establecidos no artigo 49 da Lei 40/2015, que establece que o prazo máximo de vixencia do convenio é de catro anos, puidéndose prorrogar, antes da finalización do prazo por acordo unánime por un período de ata catro anos.

**IV.-** O interese xeral e a conveniencia na concertación da addenda nº 2 ao Convenio, recóllese na Memoria xustificativa da addenda convenio, documento obrigado segundo sinala o art 199 LALG e artigo 50 da LRXSP.

**V.-** Respecto o procedemento e competencia: a aprobación da addenda debe seguir os mesmos trámites que a aprobación do convenio. Constan no expediente de aprobación os documentos necesarios para a súa tramitación: informe técnico xustificando a addenda nº 2 e texto proposto, resolución de inicio, informe xurídico, así como acta da comisión de seguimento do convenio acordando a proposta deste addenda.

O artigo 25. 2. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, na redacción dada pola lei 27/2013, atribúe ás Administracións municipais competencia en materia de infraestrutura viaria.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación da Addenda ao convenio. Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello.

**VI.-** O art. 8.1. letra “b” da Lei de transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe, e tamén da addenda que agora se propón a aprobación.

De acordo co artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, dentro dos tres meses seguintes á sinatura a mesma deberá ser remitida electrónicamente ao Consello de Contas de Galicia, ao superar os compromisos económicos asumidos os 600.000 euros. Igualmente deberá comunicarse ao consello de Contas de Galicia, cantas modificacións, prórrogas ou variacións de prazos, alteración dos importes dos compromisos económicos que se poidan producir, así como a extinción do convenio indicados.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

## **PROPOSTA**

**Primeiro.-** Aprobar a Addenda nº 2 ó “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A CESIÓN A ESTE DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330) . LUGAR DE PORTO E PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330) . LUGAR DE PORTO”, texto transcrito como Anexo I.

**Segundo.-** Dar conta do presente acordo á Deputación Provincial de Pontevedra para proceder á sinatura da addenda por ambas entidades.

**Terceiro.-**Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión Municipal aos efectos de publicidade.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ADDENDA AO “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA CESIÓN POR PARTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA AO CONCELLO DE VIGO DA TITULARIDADE DA E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO, ENTRE O REGATO QUINTIÁN E O Nº 77 DA ESTRADA DO PORTO, E O FINANCIAMENTO E



**Concello de Vigo**

EXECUCIÓN DAS OBRAS PRECISAS PARA A SÚA TRANSFORMACIÓN E AMPLIACIÓN".  
PARA A SÚA ADECUACIÓN FINANCEIRA E TEMPORAL

Vigo, de do 2019

REUNIDOS

*Dunha parte, D<sup>a</sup> María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.*

*Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.*

*Actúan D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, e D<sup>a</sup> María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.*

*Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,*

**EXPOÑEN**

*I.- Que con data de 30 de decembro de 2016 foi asinado o Convenio de Colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Excmo. Deputación de Pontevedra para a iniciar o procedemento previsto na vixente Lei de Estradas de Galicia para a cesión por parte da Deputación Provincial ao Concello de Vigo da titularidade da "E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330) . LUGAR DE PORTO, entre o Regato Quintián e o nº 77" e articular a colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para o financiamento e a execución das obras precisas para a transformación e demais actuacións contempladas na "Memoria-resumo da AMPLIACIÓN ESTRADA DO PORTO, ENTRE REGATO QUINTIÁN E O Nº 77".*

*II.- En relación a execución do citado convenio, ambas partes asinaron con data 21 de decembro de 2018, unha addenda para prorrogar a vixencia deste convenio, ampliándoo ata o 31 de decembro de 2020.*

*En relación a financiación das actuacións obxecto do convenio, nos atopamos coa necesidade de proceder a adecuación financeira de acordo coa realidade da previsión final para a execución do convenio, para o cal se deberá atender o recollido na cláusula segunda "importe e financiamento", a cal en relación as obrigas económicas indica o seguinte:*

*Para a Deputación Provincial:*

S.ord. 27/12/19

*A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a financiar os custes derivados da realización das obras, redacción de proxecto, asistencia técnica á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde, cunha achega integra do setenta por cento das cantidades estimadas na memoria "Memoria-resumo da AMPLIACIÓN ESTRADA DO PORTO, ENTRE REGATO QUINTIÁN E O Nº 77", como custes da ditas actuacións, isto é ata a cantidade máxima de 2.419.903,50 euros, que será librada contra a presentación das correspondentes certificacións de obra e facturas do gasto efectuado e na parte proporcional do financiamento e de ser o caso na certificación final será liquidado o importe restante ata o abono integral do importe comprometido.*

*A financiación comprometida pola Deputación Provincial de Pontevedra terá carácter definitiva.*

*Para o Concello de Vigo:*

*Financiar os custes derivados da realización das obras, redacción de proxecto, asistencia técnica á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde, ata a cantidade do trinta por cento das cantidades estimadas na memoria "Memoria-resumo da "AMPLIACIÓN ESTRADA DO PORTO, ENTRE REGATO QUINTIÁN E O Nº 77" como custes da ditas actuacións, isto é ata a cantidade máxima de 1.037.101,50 euros.*

*En relación a execución do convenio:*

*Así mesmo a cláusula terceira "execución do convenio" se indica "Non obstante, o eventual reaxuste das anualidades da execución dos citados contratos provocará o reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Vigo, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación Provincial de Pontevedra no expediente que se inicie para o reaxuste da anualidade de calquera dos ditos contratos e da resolución que se dite.*

*Os axustes económicos derivados de calquera modificación orzamentaria derivada da adxudicación ou da execución do contrato será asumida en relación as obrigas de financiación do Concello de Vigo.*

*III.- A cláusula "SEXTA" do convenio prevé a constitución dunha COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E CONTROL, que terá por obxecto o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación, a cal estará integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico. Entre as competencias de dita comisión de seguimento atopase a de "emisión informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución dos contratos a que este se refire."*

*Dita Comisión de Seguimento reunirse cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo ou na Deputación de Pontevedra, segundo acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario, que levantará acta das súas reunións..*

*IV.- Que, en data 11 de decembro de 2019, a "Comisión de Seguimento" do convenio de colaboración obxecto deste expediente, en base a proposta realizada polo Concello de Vigo, acorda por unanimidade a seguinte proposta:*

*Primeiro: Tomar coñecemento das actuacións executadas polo Concello de Vigo en relación ó obxecto do "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE*



## Concello de Vigo

PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A CESIÓN A ESTE DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO E PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO.

Segundo: Aprobar a seguinte proposta de financiamento e anualidades:

	TOTAL DA APORTACIÓN	2016	2017	2018	2019	2020
Deputación Provincial de Pontevedra	2.419.903,50€	800.000,00€	1.619.903,50€	0,00€	0,00€	0,00€
Concello de Vigo	413.924,00€	0,00€	77.924,00€	0,00€	100.000,00€	236.000,00€
TOTAL	2.833.827,50€	800.000,00€	1.697.827,50€	0,00€	100.000,00€	236.000,00€

De acordo coa proposta de axuste de anualidades o Concello de Vigo comprométese en financiar calquera modificación ou alteración que se produza no ámbito de execución deste obra e que leve implícito un maior gasto en relación a financiación indicada.

Terceiro: Aprobar a proposta de modificación da cláusula sétima do convenio ("vixencia do convenio de colaboración") e a addenda asinados o 30/12/16 e o 21/12/18 respectivamente, e ampliar o prazo de vixencia do mesmo ata o 31 de decembro de 2021.

V.- Por todo o anteriormente exposto, ambas as partes manifestan expresamente o seu propósito de asinar unha addenda co obxecto de proceder á adecuación financeira do "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A CESIÓN A ESTE DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO E PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO. EXPTE 4220/440". conforme ós seguintes

### PACTOS

**PRIMEIRO.-** A Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo acordan adecuar o financiamento e anualidades do "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A CESIÓN A ESTE DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO E PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL E.P. 2001 CALVARIO LA GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO.

*SEGUNDO.- A Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo acordan adecuar o prazo de vixencia do “Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para a cesión a este da estrada provincial E.P. 2001 Calvario La garrida. Tramo Iglesia de Beade a Garrida (PO 330). Lugar de Porto e para a execución do proxecto de humanización da estrada provincial E.P. 2001 Calvario La Garrida. Tramo Iglesia de Beade a Garrida (PO 330). Lugar de Porto” ampliándoo ata o día 31 de decembro de 2021.*

*TERCEIRO.- Aprobar a seguinte proposta de financiamento e anualidades:*

	TOTAL DA APORTACIÓN	2016	2017	2018	2019	2020
Deputación Provincial de Pontevedra	2.419.903,50€	800.000,00€	1.619.903,50€	0,00€	0,00€	0,00€
Concello de Vigo	413.924,00€	0,00€	77.924,00€	0,00€	100.000,00€	236.000,00€
<b>TOTAL</b>	<b>2.833.827,50€</b>	<b>800.000,00€</b>	<b>1.697.827,50€</b>	<b>0,00€</b>	<b>100.000,00€</b>	<b>236.000,00€</b>

*De acordo coa proposta de axuste de anualidades o Concello de Vigo comprométese en financiar calquera modificación ou alteración que se produza no ámbito de execución deste obra e que leve implícito un maior gasto en relación a financiación indicada.*

*CUARTO.- En todo o demais, o texto do convenio asinado o 30 de decembro de 2016 mantense invariable, suxeitándose as partes ó seu clausulado, agás o recollido na cláusula terceira no referido a que as achegas das administracións se reducirán de acordo coa proposta desta addenda e o recollido na cláusula sétima no referido a vixencia do convenio de colaboración.*

*E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda no lugar e data sinalados no seu encabezamento.*

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

**25(1132).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS E SUBMINISTROS DUN SISTEMA DE XESTIÓN DE RUTAS, PUNTOS DE INTERESE E EXPOSICIÓNS INTERACTIVAS, MEDIANTE O USO DE BEACONS**



**Concello de Vigo**

## **E A SÚA INTEGRACIÓN COA APP VIGO MUNICIPAL E A PLATAFORMA SMART CITY VCI+2.0. EXPTE. 8886/113.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 26/12/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada o 26/12/19, que di o seguinte:

### 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto mixto para a contratación de servizos e subministros dun sistema de xestión de rutas, puntos de interese e exposicións interactivas, mediante o uso de Beacons e a súa integración coa APP Vigo municipal e a plataforma Smart City VCI+2.0 (8.886-113)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto mixto para a contratación de servizos e subministros dun sistema de xestión de rutas, puntos de interese e exposicións interactivas, mediante o uso de Beacons e a súa integración coa APP Vigo municipal e a plataforma Smart City VCI+2.0 (8.886-113) (PCAP)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 24 de outubro de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto de tipo mixto e de tramitación ordinaria coa finalidade de realizar a contratación dun “SISTEMA DE XESTIÓN DE RUTAS, PUNTOS DE INTERESE E EXPOSICIÓNS INTERACTIVAS, MEDIANTE O USO DE BEACONS E A SÚA INTEGRACIÓN COA APP VIGO MUNICIPAL E A PLATAFORMA SMART CITY VCI+ 2.0”*

*SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación e asinado en data 10/10/2019*

TERCEIRO.-Aprobar o Prego de Cláusulas Técnicas Particulares, de data 27/08/2019 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica

CUARTO.- Autorizar o gasto de 96.800,00 €, que inclúe un IVE de 16.800,00 €, dende o 15 de Outubro de 2019, o cal se imputará ás seguintes partidas e exercicios:

Partida	Exercicio	IVA	Base	Importe total
9207.6400006	2019	11.280,99 €	53.719,01 €	65.000,00 €
9207.6400006	2020	5.519,01 €	26.280,99 €	31.800,00 €

QUINTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 9 de decembro de 2019 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo:

- Sesión do 21 de novembro de 2019: exclúese a VODAFONE ESPAÑA, S.A. polo motivo recollido na cláusula 14.2B do PCAP “A falta de presentación dos documentos esixidos no apartado 6.A da FEC”.
- Sesión do 5 de decembro de 2019: exclúese a HOP UBIQUITOUS, S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación previsto no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto para a contratación de servizos e subministros dun sistema de xestión de rutas, puntos de interese e exposicións interactivas, mediante o uso de Beacons e a súa integración coa APP Vigo municipal e a plataforma Smart City VCI+2.0 (8.886-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.	75 puntos

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).





**Concello de Vigo**

3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A., o día 10 de decembro de 2019, que presenta a documentación requirida o 23 de decembro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 26 de decembro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A., de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor de data 4 de decembro de 2019 e do acordo da Mesa de Contratación polo que se outorga ao referido licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliábeis mediante fórmula ao ser o único licitador admitido.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo:*
  - *Sesión do 21 de novembro de 2019: exclúese a VODAFONE ESPAÑA, S.A. polo motivo recollido na cláusula 14.2B do PCAP “A falta de presentación dos documentos esixidos no apartado 6.A da FEC”.*
  - *Sesión do 5 de decembro de 2019: exclúese a HOP UBIQUITOUS, S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación previsto no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP.*
  
2. *Adxudicar a TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A. (A-78.053.147) o procedemento aberto mixto para a contratación de servizos e subministros dun sistema de xestión de rutas, puntos de interese e exposicións interactivas, mediante o uso de Beacons e a súa integración coa APP Vigo municipal e a plataforma Smart City VCI+2.0 (8.886-113) coas seguintes condicións:*
  - *O prezo total do contrato é de 75.788,65 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.153,40 euros.*
  - *Propón un prezo do mantemento anual do sistema de 0 euros.*
  - *Propón un incremento do prazo mínimo de garantía de 2 anos (total 4 anos).*
  - *Comprométese a instalar os 85 beacons extra subministrados como repositorio coa súa configuración, parametrización e instalación nos pilotos sinalados no apartado 7.B.4 do Anexo I -FEC- do PCAP.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



**Concello de Vigo**

**26(1133).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BOLSAS DE EMPREGO PARA NOMEAMENTOS COMO FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS COMO MESTRES DE FORMACIÓN, ESPECIALIDADES PINTURA, SERIGRAFÍA ARTÍSTICA, OURIVARÍA, DEBUXO E MODA E CONFECCIÓN. EXPTE. 35225/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 27/12/19 asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES:**

I.- A concelleira-delegada da Área de Empresa,. Economía, Seguridade e Organización Municipal, a través da instrución de servizo de data 28 de xuño de 2019, ordenou o inicio do presente expediente administrativo para a elaboración das bases selectivas para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1. do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como Mestres de Formación da EMAO, especialidades: Pintura, debuxo artístico, moda e confección, ourivaría e, serigrafía artística, á maior brevidade posible.

II.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 30 de agosto de 2019 aprobou as bases reitoras do procedemento selectivo para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo. 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Mestres de Formación, especialidades: Pintura, debuxo artístico, moda e confección, ourivaría e, serigrafía artística, integrado no subgrupo C1, expte. 34327/220, bases que se publicaron no BOP nº 184 de data 25 de setembro de 2019, e nas que se habilitaba expresamente ao Sra. Concelleira-delegada da Área de Empresa,. Economía, Seguridade e Organización Municipal, para resolver sobre as listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos, designación de integrantes dos órganos de selección e sinalamentos de lugares, datas e horas de celebración das probas selectivas, no uso das competencias que en canto á planificación, desenvolvemento e execución da política municipal en materia de persoal ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde Presidente, efectuada en Resolucións de 18 de xuño de 2019 e acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño seguinte.

III.- Transcorrido o prazo para a presentación de recursos contra as referidas bases reitoras, non se interpuxo contra as mesmas recurso algún.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS.**

I.- Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as

S.ord. 27/12/19

funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos (apartado c) e, a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se houberan, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

II.- Na base IV da convocatoria establecíase que unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, faríase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

Así mesmo na base VII establecíase que os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida), aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), e normativa de concordante aplicación.

III.- Rematados o regulamentarios procesos selectivos, o Órgano de Selección, en base ao previsto na lexislación da función pública e as bases xerais e específicas que rexen esta oposición, resolveron declarar que os aspirantes que superaron tódalas probas de que constaba este proceso selectivo convocado e que, por tanto, formarán parte da bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, para cada unha das especialidades, segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 29 de marzo de 2019, son os que se sinalan a continuación para cada unha das cinco especialidades seguintes:



## Concello de Vigo

- **Mestre Formación, especialidade Pintura.** Contida na proposta do Órgano de Selección, na súa sesión de data 23 de decembro de 2019, documentada na Acta núm. 5, son os que seguen por orde de puntuación, segundo a seguinte relación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNT. 1º EXERC.	PUNT. 2º EXERC.	PUNT. GALEGO	PUNTUACIÓN FINAL
1º	ÁLVAREZ BASSO	DARIO	***6893**	6,38	8,38	2	16,76
2º	SERRANO MATO	JORGE ANDRÉS	***1455**	8,00	6,50	2	16,50
3º	ALCAÑIZ LORENZO	MARÍA	***1769**	5,38	5,75	2	13,13
4ª	PÉREZ SUÁREZ	VENTURA ALEJANDRO	***6321**	5,13	5,75	1,74	12,62

- **Mestre Formación, especialidade Serigrafía Artística.** Contida na proposta do Órgano de Selección, na súa sesión de data 19 de decembro de 2019, documentada na Acta núm. 5, son os que seguen por orde de puntuación, segundo a seguinte relación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNT. 1º EXERC.	PUNT. 2º EXERC.	PUNT. GALEGO	PUNTUACIÓN FINAL
1º	PARDO CARTELLE	ALBA CARMEN	***7332**	9,38	7,88	2	19,26
2º	RODRÍGUEZ CES	YELLICE	***0355**	8,00	6,50	2	14,94
3º	VILA BELMONTE	ROCÍO	***9026**	5,00	7,25	2	14,25
4ª	LORENZO PÉREZ	NOEMÍ	***0467**	5,50	5,25	2	12,75

- **Mestre Formación, especialidade Ourivaría.** Contida na proposta do Órgano de Selección, na súa sesión de data 19 de decembro de 2019, documentada na Acta núm. 5, son os que seguen por orde de puntuación, segundo a seguinte relación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNT. 1º EXERC.	PUNT. 2º EXERC.	PUNT. GALEGO	PUNTUACIÓN FINAL
1º	JESÚS FERNÁNDEZ	SANDRA MARÍA	***7121**	9,38	8,75	2	20,13
2º	GARCÍA MARCOS	MARTA	***1806**	5,75	7,13	2	14,88

- **Mestre Formación, especialidade Debuxo Artístico.** Contida na proposta do Órgano de Selección, na súa sesión de data 19 de decembro de 2019, documentada na Acta núm. 5, son os que seguen por orde de puntuación, segundo a seguinte relación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNT. 1º EXERC.	PUNT. 2º EXERC.	PUNT. GALEGO	PUNTUACIÓN FINAL
1º	FERNÁNDEZ ALONSO	FEDERICO	***1816**	8,50	6,50	2	17,00
2º	RODRÍGUEZ CES	DELIO	***4415**	5,38	8,13	2	15,51
3º	BLANCO SUÁREZ	IRIS	***8832**	5,63	5,00	2	12,63

- **Mestre Formación, especialidade Moda e Confección.** Contida na proposta do Órgano de Selección, na súa sesión de data 23 de decembro de 2019, documentada na Acta núm. 5, son os que seguen por orde de puntuación, segundo a seguinte relación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNT. 1º EXERC.	PUNT. 2º EXERC.	PUNT. GALEGO	PUNTUACIÓN FINAL
1º	GONZÁLEZ PINTOS	ENMA	***7153**	8,75	8,50	2	19,25
2º	LORENZO ALONSO	MARÍA LUZ	***7080**	6,13	6,50	2	14,63
3º	RIVAS MÍGUEZ	NURIA	***5121**	5,13	5,20	2	12,33

IV.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de decembro de 2015, aprobou acordo relativo aos “criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo”, expte. 26797/220, en vigor dende a data de aprobación, nos que se establece, entre outros:

*“Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (artigos 23 e 200); Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (artigos 100 a 102) e demais normativa de concordante e procedente aplicación.*

*A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:*

*a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades*



## Concello de Vigo

*contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia.*

*b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.*

*Non afectarán as renuncias os supostos seguintes:*

- supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;*
- supostos de incapacidade temporal (IT);*
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;*
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.*

*A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.*

*As listas de reserva terán validez ata que se realice un novo proceso selectivo, perdendo a súa vixencia cona finalización de cada proceso selectivo, establecéndose en todo caso un límite máximo de vixencia temporal de **3 anos**.*

*No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os reservistas os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudirase á pública convocatoria para a selección de funcionariado interino, nos termos do marco legal vixente. As listas que resulten da nova pública convocatoria substituirán á anterior, permitindo deste xeito a actualización permanente das mesmas.*

*No suposto de concorrencia de unha lista principal con outra supletoria, primará na súa vixencia a que contemple un temario idéntico en número de temas ao temario tipo das Ofertas de Emprego Público (OEPs) sendo suplementaria da lista principal calquera outra lista que contemplase menor número de temas que os que conforman os temarios tipo das mencionadas ofertas”.*

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016, expte. 27642/220, modificou puntualmente os referidos criterios, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas en sesión celebrada o 23 de xaneiro de 2016, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:*

*“VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de*

*selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo”.*

Segundo o criterio manifestado recentemente pola Intervención Xeral, respecto a resultado de procesos selectivos para bolsas de emprego, aprobación de listas provisionais de admitidos/excluídos, etc, tal e como consta nos, exptes 32235/220, 34791/220, entre outros, non están suxeitos a trámite de fiscalización previa, polo que ao tratarse o presente expediente dunha proposta de aprobación dunha bolsa de emprego consecuencia dun proceso selectivo, considerase, en base ao referido criterio da Intervención xeral, non necesario dito trámite.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe coa conformidade da Xefa da Área de recursos Humanos e Formación, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Aprobar a bolsa de emprego de Mestres de Formación, que inclúe aos/ás aspirantes en condicións de ser nomeados/as funcionarios/as interinos/as segundo o previsto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), segundo propostas contidas nas actas do Órgano de Selección e que forman parte inseparable do citado acordo, segundo as especialidades seguintes:

- **Mestre Formación, Especialidade Pintura.** Contida na proposta do Órgano de Selección, na súa sesión de data 23 de decembro de 2019, documentada na Acta núm. 5, segundo a seguinte relación por orde de puntuación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNT. 1º EXERC.	PUNT. 2º EXERC.	PUNT. GALEGO	PUNTUACIÓN FINAL
1º	ÁLVAREZ BASSO	DARIO	***6893**	6,38	8,38	2	16,76
2º	SERRANO MATO	JORGE ANDRÉS	***1455**	8,00	6,50	2	16,50
3º	ALCAÑIZ LORENZO	MARÍA	***1769**	5,38	5,75	2	13,13
4ª	PÉREZ SUÁREZ	VENTURA ALEJANDRO	***6321**	5,13	5,75	1,74	12,62

- **Mestre Formación, Especialidade Serigrafía Artística.** Contida na proposta do Órgano de Selección, na súa sesión de data 19 de decembro de 2019, documentada na Acta núm. 5, segundo a seguinte relación por orde de puntuación:





## Concello de Vigo

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNT. 1º EXERC.	PUNT. 2º EXERC.	PUNT. GALEGO	PUNTUACIÓ N FINAL
1º	PARDO CARTELLE	ALBA CARMEN	***7332**	9,38	7,88	2	19,26
2º	RODRÍGUEZ CES	YELLICE	***0355**	8,00	6,50	2	14,94
3º	VILA BELMONTE	ROCÍO	***9026**	5,00	7,25	2	14,25
4ª	LORENZO PÉREZ	NOEMÍ	***0467**	5,50	5,25	2	12,75

- **Mestre Formación, Especialidade Ourivaría.** Contida na proposta do Órgano de Selección, na súa sesión de data 19 de decembro de 2019, documentada na Acta núm. 5, segundo a seguinte relación por orde de puntuación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNT. 1º EXERC.	PUNT. 2º EXERC.	PUNT. GALEGO	PUNTUACIÓ N FINAL
1º	JESÚS FERNÁNDEZ	SANDRA MARÍA	***7121**	9,38	8,75	2	20,13
2º	GARCÍA MARCOS	MARTA	***1806**	5,75	7,13	2	14,88

- **Mestre Formación, Especialidade Debuxo Artístico.** Contida na proposta do Órgano de Selección, na súa sesión de data 19 de decembro de 2019, documentada na Acta núm. 5, segundo a seguinte relación por orde de puntuación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNT. 1º EXERC.	PUNT. 2º EXERC.	PUNT. GALEGO	PUNTUACIÓ N FINAL
1º	FERNÁNDEZ ALONSO	FEDERICO	***1816**	8,50	6,50	2	17,00
2º	RODRÍGUEZ CES	DELIO	***4415**	5,38	8,13	2	15,51
3º	BLANCO SUÁREZ	IRIS	***8832**	5,63	5,00	2	12,63

- **Mestre Formación, Especialidade Moda e Confección.** Contida na proposta do Órgano de Selección, na súa sesión de data 23 de decembro de 2019, documentada na Acta núm. 5, segundo a seguinte relación por orde de puntuación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNT. 1º EXERC.	PUNT. 2º EXERC.	PUNT. GALEGO	PUNTUACIÓ N FINAL
1º	GONZÁLEZ PINTOS	ENMA	***7153**	8,75	8,50	2	19,25
2º	LORENZO ALONSO	MARÍA LUZ	***7080**	6,13	6,50	2	14,63
3º	RIVAS MÍGUEZ	NURIA	***5121**	5,13	5,20	2	12,33

Segundo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso

contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**27(1134).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás doce horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez